# A ESTRADA

## Miscelánea histórica e cultural

Museo do Pobo Estradense
MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA

Núm. 1
1998

# A ESTRADA

## Miscelánea histórica e cultural

*Coordinación:*
*XOAN ANDRÉS FERNÁNDEZ CASTRO*

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA. MUSEO M. R. PORTELA
1998

**REPRODUCIÓN FACSIMILAR DO VOLUME 1 (1998)**

© Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense
‹Manuel Reimóndez Portela›, 2007

**Imaxe de cuberta**
Músico. Ábsida da Igrexa de Tabeirós, A Estrada.

**Deseño orixinal de**
Xosé M. Castaño García

**Dixitalización, impresión e encadernación**
Gráficas Sementeira, S.A.
Chan de Maroñas, 2 - Obre, 15217 Noia

I.S.S.N.: 1139-921X
Depósito Legal: C 3605-2007

# PRESENTACIÓN

O enigma das orixes, o coñecemento e explicación do pasado, supuxo un dos anhelos máis persistentes do ser humano a través do tempo. Sen embargo este anceio non sempre se abordou - coma agora - desde unha perspectiva científica, empregando axeitadamente o método histórico e o correcto uso das fontes.

E así os mitos primeiro, as xenealoxías e as crónicas despois, foron os instrumentos de que os nosos devanceiros remotos se valeron para explicar dunha maneira coherente, aínda que acientífica, a súa orixe, os feitos grandiosos realizados polos seus antepasados ou o relato máis ou menos fantástico das realizacións e fazañas deste rei ou aquel conde. Pero cómpre admitir que este afán de **coñecer** o pasado comportaba con frecuencia a intención de falsealo interesadamente coa finalidade de xustificar certas accións, esixir dereitos ou reclamar prebendas, títulos ou limpezas de sangue. A **xente común**, aquela que non pertencía ó reducido círculo dos privilexiados, non tiña cabida na historia; carecía polo tanto de pasado e, sen perspectivas razoables de futuro, aferrábase desesperadamente a un presente sempre difícil e con frecuencia moi duro.

**O pasado** preséntasenos as máis das veces a modo de vastísima *terra incognita* chea de enigmas ante os que nos sentimos desorientados, cando non abrumados e perdidos. Por ese motivo o labor do historiador que aborda o estudio do que

nós coñecemos como **pasado histórico**, ha ser radicalmente selectivo, centrándose naqueles feitos, procesos ou circunstancias verdadeiramente trascendentes, motivadores de cambios sociais ou estructurais de alcance. Desa maneira, paseniñamente, vaise completando o enorme mosaico do noso pasado, pero, como consecuencia inmediata do anterior xurde o feito de que multitude de intersticios e recunchos da **pequena historia** permanecen sumidos na escuridade do tempo. Iluminar, dar a coñecer de forma asequible e sinxela eses pequenos-pero importantes- fragmentos da nosa historia constitúe un dos primeiros obxectivos desta publicación, **A Estrada,** que hoxe nace.

O coñecemento do **ser humano** integrado no tempo que lle tocou vivir e a narración da súa experiencia individual ou colectiva centra o principal obxectivo do historiador. Mais, aceptando esta premisa, habemos recoñecer que existen multitude de formas de entender a historia e tamén que a maneira de interpretar o mundo cada quen- é dicir, a súa ideoloxía-condiciona a forma de facer historia, de explicala e tamén de elixir os temas nos que traballar. Benvidas as investigacións sobre política de estado, tratados internacionais ou alta economía: son imprescindibles para o coñecemento do noso pasado. Pero tamén estamos interesados en coñecer o pasado da **xente común**, a súa mentalidade e a súa vida cotiá. A vida, en fin daquelas persoas, labregos, artesáns, comerciantes, profesionais liberais, certos sectores do clero, bastante esquencidas polos investigadores e que, por non estaren incluidos no selecto círculo dos privilexiados, apenas asomaban á historia.

Queremos saber como aquelas persoas, homes, mulleres e nenos se enfrontaban ó mundo natural e sobrenatural, como traballaban e se divertían, como vivían e morrían, de que maneira encaraban as dificultades ou o esgazamento familiar e social que supoñía a emigración. Por iso temos novas preguntas que formular ó pasado e necesitamos novas respostas.

Esta publicación A ESTRADA, órgano de difusión do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela, nace coa vocación de indagar sobre a historia das terras e da comunidade humana da comarca que lle da nome; sen embargo

caben tamén aquí traballos relativos a outros ámbitos do coñecemento tales como a etnografía, xeografía, arte, arquitectura e tamén, ocasionalmente, poderá acoller calquera colaboración que, tendo como referente a nosa comarca, as súas terras e as súas xentes, ofreza aspectos de xeral interés.

Acaso alguén poida cuestionar a capacidade dunha vila moi moderna como A Estrada (carente de historia, din moitos), para ofrecerse como motivo de investigación histórica. A esta obxeccción pódeselle apor que, sendo fundamentalmente certa a xuventude da vila estradense, non por iso deixa de ter **historia** e ofrecer aspectos dignos da atención dos investigadores, como o proba o feito de incluir neste primeiro número de A ESTRADA dous artigos sobre a historia contemporánea da vila. Pero non se debe esquencer que A Estrada urbana está profunda e indisolublemente unida á outra Estrada, a rural e campesiña, aquela que lle dou ser, orixe, sangue e riqueza. Esta outra Estrada, a das cincuenta parroquias, supón o segundo centro de interés do Museo e do seu órgano de difusión.

Coa intención de indagar sobre o noso pasado próximo ou remoto, de esculcar na procura da nosa entidade como pobo nace hoxe este anuario A ESTRADA. Faise así realidade a ilusión de D. Manuel Reimóndez Portela de crear en torno ó Museo que el fundou un órgano de difusión que albergase traballos, estudios e ideas que contribuísen a proporcionarnos claves para unha cabal comprensión do pasado da nosa comunidade.

Este primeiro número de A ESTRADA publicado gracias á xenerosa axuda do Excmo. **Concello de A Estrada** e da **Deputación de Pontevedra** ábrese cunha colaboración do arqueólogo Xulio Carballo, que no seu día realizou unha excavación prospectiva no castro de Castrovite, Orazo. Basado nos datos daquela excavación ofrécenos Xulio Carballo un interesante estudio sobre a agricultura e a dieta alimenticia dos estradenses de hai máis de 2.000 anos.

A Parroquia de Guimarei, concretamente o lugar de Gudín, protagoniza outro dos traballos. Publícase a transcripción e comentario de tres documentos medievais que conteñen información curiosa e interesante sobre o modo de vida dos labregos do século XV na comarca estradense. A etnografía faise

presente nunha análise sobre o hórreo en Galicia e no val do Vea, da autoría de Olimpio Arca, Director do Museo.

Quixemos adicar un espacio xeneroso á arte. E así, presentamos dous interesantes estudios de José Manuel Castaño e Javier Travieso. O primeiro autor realiza un completísimo ensaio sobre a influencia das terras e monumentos estradenses na obra gráfica de Castelao, de modo que este personaxe sobranceiro descúbrenos novos e ata agora ignorados vínculos coas nosas terras. Javier Travieso ofrécenos unhas *reflexións* sobre un cadro de Alfonso XIII, propiedade do Excmo. Concello de A Estrada e obra do pintor Corredoira. Reflexións que invitan ó coñecemento do cadro e das circunstancias históricas, artísticas e aínda políticas que deron lugar á súa execución.

Mario Blanco preséntano-la súa contribución á historia da Biblioteca Pública Municipal, entidade que dinamiza hoxe boa parte da vida cultural dos estradenses, ofrecéndose a todos, e fundamentalmente ós estudiantes, como lugar de estudio e documentación bibliográfica. Ofrécenos Mario Blanco (sen ánimo de detentar a verdade absoluta, como xa o título do traballo adianta) unha parte da historia desta institución, historia da que el mesmo forma parte, circunstancia que o obrigou a aplicar -e conseguir- unha razoable dose de obxectividade. Como apoio documental, sen dúbida para contrarrestar certo subxectivismo inevitable, ofréceno-lo autor un considerable corpus documental que sen dúbida nos axudará a conformar a nosa propia opinión dun feito que hoxe forma xa parte da historia.

A aportación de Chus Fernández céntrase na pequena -por recente- historia da luz pública da vila de A Estrada, daquela vila que entre 1.900 e 1.950 empezaba a conformarse como a realidade urbana que hoxe é.

E por último Roberto Blanco preséntanos, desde a súa privilexiada perspectiva de experto en dereito constitucional e analista político, un resume do labor lexislativo do Parlamento Galego ó remate da súa cuarta lexislatura, Parlamento que, por primeira vez na historia das últimas centurias, permitiu ós galegos constituírse en donos do seu destino.

# A AGRICULTURA EN CASTROVITE (ORAZO, A ESTRADA) DURANTE A IDADE DO FERRO.

L. Xúlio Carballo Arceo

## INTRODUCCIÓN

Dentro dun programa de investigación arqueolóxica que tiña por obxeto analizar a cultura castrexa na bacía média do río Ulla, foi excavado o xacimento de Castrovite[1] durante o ano 1986. En aproximadamente tres semanas foron abertas várias sondaxes, que tiñan por finalidade examinar a secuéncia cronolóxica deste castro, así como obter datos paleoeconómicos do mesmo. Neste traballo centrarémonos esencialmente nos resultados de carácter agrário que ofreceu ese pequena excavación.

O xacimento arqueolóxico de Castrovite[2] é coñecido polo nome de Coto de Santa Mariña, devido a unha capela desa advocación que se levanta no seu cume. Localízase o asentamento a carón do lugar de Castrovite, en términos da parróquia estradense de Orazo, sobre un coto terminal das últimas estribacións do Monte de San Sebastián, que se ergue, xa no val, a unha altitude de 384 m. sobre o nivel do mar. As súas coordenadas xeográficas son as seguintes: 42º 44' 52" latitude N., e 8º 20' 30" lonxitude W. (folla 121).

Castrovite ocupa unha posición estratéxica na vertente esquerda da bacía do río Ulla, nunha das poucas zonas de paso natural para atravesar esta comarca en dirección Este-Oeste; feito que se constata, por outra parte, mediante as vías de comunicación históricas que atravesavan a zona. En efeito, o

camiño medieval e moderno a Santiago, procedente de Ourense, pasava a carón do castro, e igualmente, a actual estrada N-525 decorre ao seu pé. Desde o castro domínase visualmente practicamente todo o seu contorno nun rádio de 1 km., e a maiores distáncias, o control visual do espácio circundante polarízase nunha banda de trazado Oeste-Este (fig. 1), que é por onde decorren as vías naturais de comunicación devanditas. Por tanto, coidamos que a eleición do lugar de emprazamento do povoado, ten moito que ver con esa situación dominante sobre unha vía natural de comunicación de certa importáncia para comunicar o litoral (rías de Arousa e Muros) coa depresión de Ourense e a bacía média do río Miño.

Descoñécese realmente a extensión que ocupa o povoado protohistórico de Castrovite, en parte devido a que non son recoñecíveis en superfície as defensas que cerrarían e delimitarían o asentamento, e en parte, motivado polas alteracións que sofriu o xacimento ao longo da história, pola construcción de pistas de acceso e un campo de festas, e polas pequenas canteiras existentes en diversos puntos do coto. Hoxe en día non resulta posível recoñecer superficialmente o trazado da muralla do castro, se ben existen indícios de defensas na parte septentrional do mesmo. Con todo, parece que a extensión do povoado apenas superaría 1 ha. de superfície.

Ainda que a superfície excavada no castro durante o ano 1986 é relativamente reducida, pensamos que os seus resultados son extrapoláveis ao conxunto do xacimento. As sondaxes repartíronse por vários sectores do castro (fig. 2), se ben se concentraron na plataforma existente diante do palco de música, é dicer, no campo da festa. Este sector é o que presenta unha maior cantidade de datos, nos máis de 3 m. de profundidade que chegan a alcanzar os estratos arqueolóxicos. En resume, pódese dicer que o povoado protohistórico foi construido entre os séculos VIII e VI a.C., e continuou habitado ininterrumpidamente polo menos até o S. I a.C., se ben algúns datos parciais parecen apuntar a que a ocupación do asentamento se prolongou até algo despóis do cámbio de era. Esta cronoloxía está amplamente confirmada, por un lado, pola secuéncia estratigráfica e os restos de cerámicas a ela asociada, e por outro, a través das datacións de C 14 realizadas en

quince mostras de madeiras e sementes carbonizadas, que foron recollidas nos distintos niveis arqueolóxicos do castro. A medición destas mostras de carbón foi realizada polo Laboratorio de Geocronología[3] do Instituto de Química Física «Rocasolano» (C.S.I.C.), en Madrid, excepto unha, que foi realizada polo laboratório portugués do Instituto de Ciências e Engenharia Nucleares de Sacavém (ICEN), sendo os seus resultados os seguintes[4]:

. CSIC-815: 2.300±50 B.P. (350 a.C.). Data calibrada: 410-200 a.C. Material e contexto: cereal carbonizado da capa 9 da cudrícula E-24.

. CSIC-816: 2.500±50 B.P. (550 a.C.). Data calibrada: 800-410 a.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 6 da cuadrícula E-25.

. CSIC-817: 2.070±45 B.P. (120 a.C.). Data calibrada: 190 a.C.-50 d.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 5 da cuadrícula E-24.

. CSIC-818: 1.830±50 B.P. (120 d.C.). Data calibrada: 80-340 d.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 3 da cuadrícula E-24.

. CSIC-819: 2.220±60 B.P. (270 a.C.). Data calibrada: 400-100 a.C. Material e contexto: cereal carbonizado da capa 5 da cuadrícula F-24.

. CSIC-820: 1.965±45 B.P. (15 a.C.). Data calibrada: 40 a.C.-130 d.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 2A da cuadrícula H-15.

. CSIC-877: 2.060±60 B.P. (110 a.C.). Data calibrada: 200 a.C.-80 d.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 3 da cuadrícula E-24.

. CSIC-932: 2.020±25 B.P. (70 a.C.). Data calibrada: 50 a.C.-60 d.C. Material e contexto: mesma mostra que a anterior.

. CSIC-973: 1.860±20 B.P. (90 d.C.). Data calibrada: 90-230 d.C. Material e contexto: cereais carbonizados da capa 3 da cuadrícula E-27.

. CSIC-974: 1.990±20 B.P. (40 a.C.). Data calibrada: 30 a.C.-70 d.C. Material e contexto: mesma mostra que a CSIC-820.

. CSIC-1040: 2.030±25 B.P. (80 a.C.). Data calibrada: 60 a.C.-60 d.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 3 da cuadrícula F-24.

. CSIC-1041: 2.320±30 B.P. (370 a.C.). Data calibrada: 400-370 a.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 9 da cuadrícula E-24.

. CSIC-1042: 2.130±25 B.P. (180 a.C.). Data calibrada: 200-60 a.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 3 da cuadrícula E-27.

. CSIC-1107: 1.990±25 B.P. (40 a.C.). Data calibrada: 40 a.C.-80 d.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 3 da cuadrícula E-25.

. ICEN-412: 2.570±40 B.P. (620 a.C.). Data calibrada: 810-550 a.C. Material e contexto: carbón vexetal da capa 3 da cuadrícula E-27.

Como elementos destacáveis da excavación do castro hai que sinalar, a aparición de abundante cerámica castrexa, pedras de muiño, restos de fundición, e algún obxeto de bronce e de ferro, alén da presência de materiais foráneos, non fabricados no Noroeste peninsular. Referímonos concretamente, neste derradeiro caso, a unha doa de pasta vítrea, e a algunhas -moi escasas- cerámicas púnicas ou do âmbito iberopúnico, das que a máis antiga pode ser datada quizais en torno aos SS. V ou IV a.C. Estes últimos materiais documentan unhas relacións de intercámbio co sur da Península, xa refrexadas noutros castros do litoral galego, se ben no caso de Castrovite confirman que a bacía do Ulla foi un eixo de penetración importante ao interior do país, dende a costa.

Sorprendentemente, non obstante, as sondaxes realizadas en Castrovite non detectaron a presencia de construccións de muros de pedra, mentras que, en cámbio, é moi frecuente a aparición de pequenos restos de construccións destruidas de barro e de madeira. Fóra diso, localizáronse restos de aliñamentos de pedra ou lareiras, que evidentemente hai que rela-

cionar con algunha edificación. Porén, hai que dicer que o tipo de excavación realizada (sondaxes) non é o sistema máis axeitado para estudar as construccións, polo que os datos da arquitectura castrexa deste xacimento, non poden ser entendidos máis que cun carácter meramente orientativo ou provisional. En calquera caso, como xa se dixo máis arriba, esa non era unha das finalidades preferentes que perseguía a excavación, senon a análise económica, meioambiental e cronolóxica do asentamento.

## OS TESTEMUÑOS AGRÍCOLAS DE CASTROVITE.

Da actividade agrícola en Castrovite existen diversos testemuños, tanto directos como indirectos. Entre estes últimos, hai que sinalar, en primeiro lugar, a súa localización xeográfica nun contorno ocupado por terras con grande potencialidade agrícola (Carballo, 1990: 184-185). En segundo lugar, as análises polínicas realizadas por Saa (1991: 318) sobre dúas columnas de terra extraidas das catas excavadas no xacimento, mostran unha grande abundancia de polen de herbáceas, frente a escaseza de polen arbóreo; pero, sobre todo, detéctase polen de cereal, tanto nos niveis máis antigos do castro como nos máis recentes, xunto co de plantas que acompañan habitualmente aos cultivos. Todos estes datos palinolóxicos presentan a imaxe dunha paisaxe envolvente dominada maioritariamente por espécies herbáceas e por terras de cultivo, e un bosque aberto no que predominan os carvallos, os ameneiros, as avelairas e os castiñeiros, tanto nos momentos máis antigos do castro, como nos máis recentes.

Os datos indicados, por si mesmos, apuntan a un desenvolvimento importante da actividade agrícola en Castrovite; pero, existen outras provas máis evidentes sobre os tipos de cultivos. Grácias a que en tres momentos diferentes da vida do povoado se produciron incéndios -posivelmente accidentais- das edificacións, conserváronse carbonizados numerosísimos restos de sementes, que foron recollidas polo sistema de flotación. Unha mostra delas foi analizada por Téllez, Chamorro e Arnanz (1990), dando como resultado a presência de graos

de cereais de maneira predominante, pero tamén se detectan leguminosas.

Entre os cereais recoñecidos aparece o millo miúdo (*panicum miliaceum*), a cevada (*hordeum vulgare*), a avea (*avena sp.*) e, sobre todo, o trigo (*triticum sp.*). Con respeito a este último cereal, rexístranse catró variedades no xacimento: *T. dicoccum*, *T. aestivum compactum*, *T. aestivum vulgare* e *T. turgidum*. Na mostra examinada son maioritárias as variedades de *T. aestivum*, un trigo de elevado rendimento productivo e nutritivo, que se adapta bastante ben ás diversas condicións climáticas. En cámbio, o *T. turgidum* está menos representado, quizais porque se trata dun trigo menos resistente que o anterior ás condicións ambientais.

Por último, as análises carpolóxicas determinan tamén a presência de leguminosas en Castrovite, ainda que en menor cantidade que os cereais. Concretamente, aparece a fava (vicia faba), pero non os chícharos, que se documentan en cámbio noutros castros.

As especies vexetais que foron recoñecidas na análise carpolóxica citada, non teñen porque ser necesariamente os únicos cereais e leguminosas que se cultivaron no povoado protohistórico. Hai que ter en conta que, por unha parte, a mostra analizada representa unha porcentaxe moi pequena da grande cantidade de sementes carbonizadas que foron recollidas durante a excavación; e por outra, que determinados tipos de leguminosas, como, por exemplo, os chícharos, non teñen porque conservarse no rexistro arqueolóxico, dado que son alimentos de corto almacenaxe, e consecuentemente, as posibilidades de que se conserven tras dun incéndio accidental son menores que no caso dos cereais e das favas.

Deciamos máis arriba que os graos ou sementes de cereais e de leguminosas apareceron en vários niveis arqueolóxicos do povoado, como consecuéncia de sucesivos incéndios, o que posibilitou a conservación daqueles até hoxe en día. Neses grosos niveis de queimado (lam. I) localízanse diversos restos de cereal e de leguminosas dispersos ou mesturados con restos de madeira, igualmente carbonizada, así como outros materiais arqueolóxicos; pero, nalgún caso, constátase

unha bolsada ou concentración de graos dun mesmo cereal (lam. II), que parece indicar que estavan almacenados no momento en que se extendeu o incéndio a eles. Xuntamente con estes datos, existen outros indícios de almacenaxe, como os proporcionados por determinados restos de vasillas cerámicas de grande capacidade, que presentan unhas paredes grosas e relativamente porosas, e un modelado groseiro. A pesar de que non existen provas, estes recipientes cerámicos, que apareceron con bastante profusión no castro, adaptaríanse moi ben como contenedores de cereais e de leguminosas; función que tamén poderían desempeñar outros recipientes, como os de madeira. En calquera caso, do que non existe nengunha dúvida é de que os cereais e, polo menos, algunhas leguminosas, eran conservados ou almacenados no povoado, ben para o seu consumo, ben para a sementeira.

Os tres niveis de incéndio, polo menos, que están documentados en Castrovite, dátanse o máis antigo durante o S. IV a.C., e nos séculos III-II a.C. e II-I a.C., respectivamente, os seguintes. Todos eles conteñen abundantes restos de sementes e graos carbonizados de cereal e de leguminosas, como xa dixemos. É dicer, que a actividade agrícola que se reflicte a través dos restos carpolóxicos hai que situala entre inícios do S. IV a.C. e o câmbio de era. Pero, até que se produce o primeiro incéndio de que falamos, o povoado protohistórico xa levava unha andadura de polo menos tres ou catro séculos, sen que se aprécien variacións substanciais do modo de vida; razón pola que pensamos que os datos agrícolas poden ser extrapoláveis ao período comprendido entre os SS. VIII e IV a.C., se ben non se conservasen no rexistro estratigráfico os restos carpolóxicos que o puideran provar.

En Castrovite non se constatou a preséncia do centeo, e con respeito a avea localizada, non se pode ainda determinar se se trata dunha planta silvestre ou cultivada. En calquera caso, está rexistrada unha ampla mostra de cereais; uns, como o trigo e a cevada, son de inverno, e outros, como o millo miúdo, son de verao. Este último cereal parece que se comenza a cultivar en Galiza a inícios da Idade do Ferro, coincidindo coa aparición dos castros, mentras que os outros xa eran coñecidos con anterioridade.

Tense proposto acertadamente, ao noso xuízo, a posibilidade de que o millo miúdo se sementase nos mesmos campos que o trigo ou a cevada xa durante a Idade do Ferro, realizando unha rotación de cultivos, que aumentaría notavelmente a producción (Vázquez Varela, 1993-94). É dicer, que se sementase trigo ou cevada nunha leira durante o inverno, e unha vez recollido este, se plantase no mesmo campo un novo cereal, como o millo miúdo, a comenzos do verao, para ser recollido antes de inícios do outono. Esta posibilidade parece bastante creível, se temos en conta que o estercado das terras moi probablemente era practicado en Galiza, posto que noutras áreas semellantes cultural e climáticamente, como a Grande Bretaña da Idade do Ferro, resultava habitual (Fowler, 1983: 169-170). Por outra parte, o emprego do arado de madeira e a intensificación da explotación agrícola, mediante a rotación de cultivos, estavan amplamente extendidos en Europa durante o mesmo período (Audouze e Buchsenschutz, 1989: 204-205). Pese a non existir provas tanxíveis nese sentido, pensamos que na Galiza castrexa, e concretamente en Castrovite, deveuse empregar a rotación de cultivos, alternando cereais de inverno e de verao.

Con respeito ás leguminosas é posível que participasen da rotación de cultivos, ou ben que se plantasen en terras diferenciadas, se ben tampouco posuimos datos evidentes para aclarar a cuestión.

## A ECONOMÍA AGRARIA DE CASTROVITE.

Aínda que coñecemos algúns dos tipos de cultivos que practicaron os habitantes de Castrovite durante a Idade do Ferro, como xa explicamos, e a grande importáncia que tiveron dentro do conxunto da economía do povoado, pouco é o que sabemos non xa só respeito á división social do traballo, á propiedade, ou ao modelo de explotación, senón mesmo ao tipo de ferramentas ou apeiros con que se traballavan os campos, devido á parquedade e peculiaridade dos datos arqueolóxicos. Hai que supoñer, non obstante, polo que se coñece doutros castros, ou doutras culturas veciñas, que en Castrovite

se empregaron apeiros de madeira, de metal, ou, excepcionalmente, de pedra.

O sistema agrário de Castrovite estava basado esencialmente nunha economía de subsisténcia, pero, do que non cabe dúvida é de que tamén se producirían excedentes agrícolas. Isto último, por outra parte, é lóxico, se temos en conta que no xacimento está amplamente documentada a fundición de bronce, e poida que a de ferro. O traballo de fundición de metais é unha actividade especializada, xa sexa a tempo completo ou parcial, que non está ao alcance de todos, porque require uns coñecimentos específicos e unha experiéncia determinada. Por tanto, dentro do povoado ten que existir necesariamente un intercámbio ou unha redistribución dos productos agrícolas.

Pero a explotación agrária de Castrovite non estava sustentada exclusivamente na agricultura, senon que a gandería tamén posuía unha grande importáncia. Na excavación deste castro unicamente apareceron dous anaquiños de ósos de animal, que desgraciadamente non poden ser identificados, devido ao seu reducido tamaño. Sabemos, non obstante, a través dos datos proporcionados por outros castros da comarca, que a cabana gandeira estava composta de vacas, ovellas, cabras e porcos; animais que lles suministravan alimento (carne e leite), lá e coiro, amén de que algún deles, como a vaca, puidese ser utilizado no laboreo dos campos, como tracción dos arados.

Por último, en Castrovite tamén se rexistran restos de landras, que serían recollidas dos carvallos ou doutras árbores do xénero *quercus*, para o seu consumo humano -en forma de pan- ou tamén animal. En calquera caso, esta actividade recolectora de landras -tamén de avelás, e poida que de castañas e doutros frutos- ten que ser entendida como un complemento da actividade agrária, do mesmo xeito que a caza. En ningún caso se pode pensar, como aínda seguen escrevindo determinados autores, que a economía agrária dos povos castrexos estava basada na recolección de landras e na gandería. Este tópico, ten a súa orixe nos escritores greco-latinos, como por exemplo Strabon, que ao falar dos povos do Noroeste da

península ibérica afirma que «*os montañeses viven durante dous tercios do ano de landras, que secan e machacan, e logo moen para facer pan e conservalo moito tempo*». Pero, as descricións que os escritores greco-latinos do S. I e posteriores, facían dos povos galaicos, eran tendenciosas e non se axustavan exactamente á realidade, porque o que se tratava era de xustificar a conquista romana, duns povos que eran calificados de primitivos e «bárbaros». Concretamente en Castrovite, naide pode afirmar no seu san xuízo que, coa grande cantidade e variedade de cereais que se conservaron accidentalmente, a maioría do pan se fixese de fariña de landras.

No contexto das actividades agrárias castrexas, tampouco nos podemos esquecer da explotación do bosque. Como xa diximos máis arriba, o território que rodeava Castrovite estava dominado por unha vexetación de herbáceas, se ben existían tamén bosques de árbores caducifólias, aínda que non parece que de grande amplitude. A extensión do bosque viuse consideravelmente diminuida en época castrexa, como consecuéncia da intensificación agrícola, que esixía poñer novas terras en cultivo, e do aumento da povoación, coa conseguinte maior demanda de madeira para empregala como combustível ou como material de construcción.

Durante a excavación do castro recolléronse numerosos restos de madeiras, que se carbonizaran tras os incéndios que sofriu o povoado. Alguns destes restos de madeira encontrávanse traballados, e outros simplemente cortados a machada ou desbastados. Entre os primeiros hai que sinalar unha cuña (lam. III, A) atopada incrustada nun tronco, e restos de táboas, algunha delas perforada ou taladrada, que testemuñan o traballo da madeira por carpinteiros, e un uso como material de construcción ou para mobiliario. Respeito ás segundas, apréciase perfeitamente os golpes dados pola machada para cortar a madeira (lam. III, B), pero o seu traballo groseiro e sinxelo, pode indicar un uso como combustível para lareiras, fornos etc. Por último, atopáronse moitos anacos de pequenas pólas cortadas oblicuamente nunha punta (lam. IV), que pensamos que foron empregadas para construir o armazón interno das paredes de barro das edificacións.

Unha mostra destes restos de madeira foi analizado polo Departamento de Madeiras, do Instituto Nacional de Investigaciones Agrarias[5], de Madrid, dando como resultado que todas as madeiras que posuían indícios de traballo de carpintería, ou foran cortadas ou desbastadas a machada, pertenecían a carvallo, mentras que as pequenas pólas de árbore, sinxelamente cortadas nun extremo, correspondían a avelaira. Ambas espécies vexetais estan amplamente rexistradas a traves do polen arbóreo que contiñan os estratos de terra do xacimento.

En resume, a economía agrária de Castrovite está dominada por unha agricultura de cereais e de leguminosas, relativamente desenvolta, acompañada dunha gandería difícil de calibrar na súa importáncia cuantitativa, e un aproveitamento do bosque en función das necesidades domésticas. A recolección de produtos vexetais foi practicada como un complemento da dieta alimentícia.

---

1. A partir de agora, cando empreguemos o nome Castrovite estámonos a referir ao castro ou povoado fortificado protohistórico, e non á denominación da aldea que se situa ao seu pé.

2. Son bastante numerosas as citas bibliográficas sobre este castro xa desde antes do S.XIX: Sobreira (manuscrito), Martínez Padín (1849: 232), Barros Sivelo (1875: 107), Murguía (1901: 627), Bouza Brey (1944: 9) e Filgueira e García Alén (1956: 106). Outros autores ofrecen alguns datos máis numerosos: Anónimo (1884: 233) e Varela Castro (1923: 190-192). Máis recentemente, o castro foi catalogado e estudado parcialmente nun traballo noso anterior (Carballo, 1986: 34).

3. É de agradecer a amabilidade e o interese mostrado polo director deste laboratório, Dr. Fernán Alonso, na datación da extensa série de mostras de carbón procedentes de Castrovite.

4. As datas de C-14 foron calibradas conforme ao programa de Stuiver e Reimer (1993). Agradecemos a Ramón Fábregas Valcarce o tratamento e conversión das datas.

5. Esta análise foi realizada por Mª Teresa López de Roma, a quen lle temos que agradecer a súa colaboración.

## BIBLIOGRAFÍA

ANÓNIMO (1884): «La cruz parroquial de Castro-Vite». Galicia Diplomática, tomo II, nº 32. Santiago; pp. 232-234.

ARNANZ, A.Mª e CHAMORRO, J. (1990): «Estudio de frutos y semillas procedentes de cuatro castros gallegos. Problemas en la interpretación de los resultados». Encontros sobre Paleoeconomia e Paleoambiente. Vila Nova de Famaliçao.

AUDOUZE, F. e BUCHSENSCHUTZ, O. (1989): Villes, villages et campagnes de l'Europe Celtique. Hachette.

BARROS SIVELO (1875): Antigüedades de Galicia. Coruña.

BOUZA BREY, F. (1944): «Castros de la comarca de La Estrada». Cuadernos de Estudios Gallegos, I. Santiago; pp. 7-38.

CARBALLO ARCEO, L.X. (1986): Povoamento castrexo e romano da Terra de Trasdeza. Arqueoloxía/Investigación, 2. Xunta de Galicia. Santiago.

CARBALLO ARCEO, L.X. (1990): «Los castros de la cuenca media del río Ulla y sus relaciones con el medio físico». Trabajos de Prehistoria, vol. 47. Madrid; pp. 161-199.

FOWLER, P.J. (1983): The farming of prehistoric Britain. Cambridge University Press.

FILGUEIRA VALVERDE, J. e GARCIA ALÉN, A. (1956): «Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra». El Museo de Pontevedra, VIII. Pontevedra.

MARTÍNEZ PADÍN, L. (1849): Historia de Galicia, tomo I. Madrid.

MURGUÍA, M. (1901): Historia de Galicia, tomo I (2ª edición). Coruña.

SAA OTERO, Mª P. (1991): «Estudio paleoecolóxico do entorno de xacementos castrexos de Galicia». Arqueoloxía/Informes. Campaña 1988, nº 2. Xunta de Galicia. Santiago; pp. 313-318.

SOBREIRA, P. (manuscrito): Galicia Eclesiástica. Manuscrito conservado na Real Academia de la Historia, de Madrid,

Leg. 2, est. 21-Gª 8 (9/4046). Capítulo da obra titulado «Lugo, Obispado».

TÉLLEZ, R.; CHAMORRO, J.G. e ARNANZ, A.Mª (1990): «Análisis discriminante en la identificación de trigos arqueológicos españoles». Trabajos de Prehistoria, vol. 47. Madrid; pp. 291-318.

VARELA CASTRO, P. (1923). La Estrada. Santiago de Compostela.

VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1993-94): «El cultivo del mijo (panicum miliaceum) en la cultura castreña del Noroeste de la Península Ibérica». Cuadernos de Estudios Gallegos, XLI. Santiago; pp. 65-73.




Figura 1: Área de visibilidade do territorio envolvente de Castrovite, e zonas ocultas á vista desde o mesmo (en raiado), nun rádio de 1 e 2 km.



Figura 2: Plano topográfico de Castrovite. En negro sinálanse as sondaxes escavadas durante o ano 1986.



Lámina I: Corte oriental da sondaxe E-24 de Castrovite. Poden apreciarse perfectamente na estratigrafía, tres niveis sucesivos de incéndio do povoado, no que se conservan abundantes sementes ou graos de cereal e de leguminosas, en estado carbonizado. Cunha frecha branca indícase o punto a que corresponde o detalle da fotografía seguinte.




Lámina II: Detalle do nivel inferior ou máis antigo dos incéndios documentados en Castrovite, que pode ser datado a inícios do S. IV a.C. (400-370 a.C., en cronoloxía de C-14 calibrada). Obsérvanse dúas bolsadas diferentes de elementos carbonizados: o superior contén abundantes graos de distintos cereais, conxuntamente con carbonciños e anacos de madeira; o inferior, en cámbio, presenta exclusivamente unha concentración de graos de millo miúdo, o que demostra que, no momento do incéncio, este cereal se encontrava almacenado.




Lámina III: a) Cuña de madeira de carvallo atopada en Castrovite (E-27, capa 3) incrustada nun tronco da mesma espécie arbórea. É unha mostra da carpinteria de madeira castrexa, que pode datarse entre os séculos II e I a.C. b) Anaco de madeira carbonizada de carvallo (E-24, capa 9), datável a inícios do S. IV a.C., na que se obser-van sucesivos cortes coa machada, polo que quizais puidera ter sido empregada como combustível.




Lámina IV: Pao de avelaira carbonizado (F-24, capa 5), cortado oblicuamente na punta, que posivelmente fose empregado no armazón interior das construccións de barro; pode datarse entre os séculos IV e II a.C.

# A ESTRADA NOS SEUS DOCUMENTOS ANTIGOS

## Tres documentos do S. XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada.

Transcripción e comentarios, Juan Andrés Fernández Castro.

Nesta sección **"A Estrada nos seus documentos antigos"** iremos dando á luz na súa versión orixinal unha serie de documentos, fundamentalmente inéditos, que poidan contribuír ó coñecemento e comprensión do noso pasado recente ou remoto. E querémolo facer aproximando ó lector ás fontes, ós documentos orixinais, alí donde verdadeiramente reside a historia.

Conscientes da dificultade que frecuentemente supón o acceso ás fontes antigas, intentaremos ofrecer aquelas claves que faciliten a súa comprensión e fagan asequible o documento a calquera lector que mostre interés pola historia. Incluirase sempre o texto orixinal coa súa transcripción se fose preciso e todas aquelas notas, aclaracións e comentarios que faciliten a súa correcta interpretación.

E estreamos esta sección presentando tres documentos inéditos recentemente recuperados do seu secular esquecemento no fondo dun baúl na parroquia de Guimarei, no Concello da Estrada.

Trátase de tres pergamiños do século XV en galego incluídos nunha magnífica colección documental que incorpora escrituras dos séculos XV, XVI, XVII e XVIII, pertencente á familia Fernández-Moure de A Estrada que amablemente nolos cedeu para a súa transcripción e estudio. Cómpre destacar dous aspectos importantes desta colección documental; o primeiro deles a súa unidade física que propiciou unha perfecta conservación no decurso dos séculos gracias ó encadernado do papel e pergamiño, soportes nos que están escritos os documentos. E segundo, a súa unidade temática, que os dota dun valor engadido moi relevante, ó referírense todos eles, desde o ano 1413 ó 1780, ó lugar de Gudín, na antedita parroquia de Guimarei.

**DOCUMENTO Nº 1.** 1.413, decembro, 4.

1- Anno do naçemento de noso Se(nnor Jesu) Cristo de mill e quatroçentos e treze anos quatro dias andados do mes de dezenbro. Sabed

2- todos o que eu Tareija Garcia d(e) Godin que he ena freguesia de San Giao de Gimarey de minna propia e livre vontade e sen

3- outro costrangemento algun dou e outorgo en livre doaçon para senpre asi como doaçon melor pode seer de dereito

4- mays valer ontre bivos para senpre a vos Meen Suares Galinato escudeiro e a vosas vozes conven a saber a terça

5- parte entregamente de todas las herdades casas e chantados que eu ajo e me perteeçen en qual quer maneira et por qual quer rra-

6- zon ena villa de Godin que he ena freguesia de San Giao de Gimarey e ali donde quer que foren e me a min perte-

7- szan en toda a dita freguesia de San Giao de Gimarey as quales me perteeszan por parte de meus padre e madre e avoos

8- e por conpras e graças e por outras quales quer rrazoes e esta doaçon vos faço por que me pras e he mia vontade

9- e por obras boas e ajudas que de bos rreçebin e rrenuncio a toda eixepçon que nunca ende diga o contrario

10- e todo ius senorio voz avçon dereito que eu ajo e me perteeçe en esto que dito he de min e de minna voz o tiro e

11- tolo e en vos e en vosa voz o pono e traspaso por esta presente carta de doaçon para senpre e de aquí en deante
12- façades delo e de parte delo toda vosa vontade como de vosa cousa propia para senpre e prometo
13- e outorgo non vire quontra elo por min nen por outro por juramento que ende faço aos Santos Avangeos en sinal
14- de crus en lugar de Santos Avangeos en sinal de crus e so pena de quinientos mrs. e a pena pagada ou
15- non pagada todavia esta carta de doaçon fique firme e vala para sempre E eu o dito Meen Suares que
16- presente soon asi o rreçebo. Ts. Fernan de Giril e Juan de Canpos e Fernan Martines moradores ena sobre-
17- dita freguesia e Roy Gago de Codeseda e outros.
18- Eu Afons Ballon notario publico de Terra de Taveyroos e de
19- Rebadulla jurado por la Iglesia de Santiago este estromento segundo
20- que pasou per ante Eans Gago escripvan meu teniente lugar
21- aquí fago escripvir et aqui meu nome e sinal pono en
22- testimonio de verdade que tal he. **(signum)**

## Documento nº 1. Carta ou documento de doación. 1413, decembro, 4.

Trátase dun escrito sobre pergamiño de forma tendente á rectangular irregular, apaisado, de medidas 25 x 15´5 cm. Apréciase unha marca de pregadura no sentido vertical que non afecta ás grafías, un orificio preescriptorio no ángulo superior dereito e unha perda de soporte na parte superior que afecta á grafía pero non á lectura. A tinta, de tonalidade sepia intenso, conserva o seu color sen esvaementos importantes, que só se aprecian na validación notarial e en parte do debuxo do **signum**, poida que debido a un deficiente desengraxado da pel neste lugar ou ben por efectos da manipulación do documento.

O escribán trazou unha letra de módulo pequeno, non demasiado grosa e moi pouco cursiva. Resulta evidente nela a influencia da gótica galega que deixou a súa impronta neste documento con carácterísticas xa perceptibles da escritura precortesana, aquela que irá desprazando á gótica galega de tódo-

los escriptorios do país. Coñecémo-lo nome do amanuense que escribiu o corpo do documento; trátase de Eans Gago **"... escripvan meu teniente lugar..."** (20), pero advertimo-la intervención dunha segunda man no protocolo final; trátase do notario Afons Balladares, **"...notario publico de Terra de Taveyroos e de Rebadulla jurado por la Iglesia de Santiago ..."** (18,19) que dá validación, isto é valor legal, ó documento intervindo do seu puño e letra no texto final (circunstancia que se advirte con craridade) e incluíndo o seu particular signum notarial.

O documento que nos ocupa está datado o día catro de Decembro de 1413 -hai exactamente 575 anos- e consiste nuna carta de doación **"... carta de doaçon..."** (11) outorgada por **"... Tareija Garcia de Godin que he ena freguesia de San Giao de Gimarey ..."** (2) a favor de *Meen Suares Galinato*, escudeiro, e a tódolos seus descendentes **"... e a bosas bozes..."** (4).

A outorgante, *Tereixa García de Godín* cede ou doa ó escudeiro Meen Suares a terceira parte das súas propiedades inmobles ubicadas no lugar de Gudín, **"... a terça parte entregamente de todas las herdades casas e chantados que eu ajo e me perteeçen en qual quer maneira et por qual quer rrazon ena villa de Godin ..."** (4, 5, 6), engadindo que son tamén obxecto de doación tódalas demais propiedades súas na parroquia de Guimarey **"...e ali donde quer que foren e me a min perteszan en toda a dita freguesia de San Giao de Guimarey as quales me perteeszan por parte de meus padre e madre e avoos ..."** (6, 7). O motivo declarado de tan xenerosa doación non é outro que a libre vontade da doante e o pago de axudas e favores recibidos do escudeiro Meen Suares : **"...e esta doaçon vos faço por que me pras e he mia vontade e por obras boas e ajudas que de bos rrecebin ..."** (8, 9); voltaremos máis adiante sobre esta cuestión.

Algunha luz nos ofrece o documento en torno á figura do receptor da doación Meen Suares pero moi pouca sobre a doante Tareixa García. Advirtamos como xa daquela, hai case seis séculos, se lle recoñecía á muller capacidade xurídica

para outorgar documentos, ser propietaria legal de bens raíces e poder allealos libremente sen a intervención titorial de pais ou marido, que non se citan no documento como era habitual, quizais porque a doante era solteira, orfa ou viúva e polo tanto non suxeita á tutela de ninguén. Antes de pasar adiante advirtamo-la presencia do sobrenome **"de Godín"** xentilicio que relacionaba á doante física, xurídica e emocionalmente coas terras das que era propietaria e que recibira dos seus devanceiros. Aparte de supoñerlle un estado civil de viúva ou solteira e poida que orfa ademais (o que a situaba nunha certa situación de desamparo), e de gozar dalgunha desenvoltura económica que agora perde en parte, pouco máis podemos saber de Tereixa García de Gudín.

O documento poucos datos máis nos ofrece do receptor Meen Suares Galinato. Sen embargo a referencia ó seu estatus social **-escudeiro-** abóndanos para incluílo inmediatamente no grupo daqueles que gozaban de certos privilexios, por enriba das demais xentes do común.

Tratábase de persoas con capacidade para facer favores, efectuar préstamos, proporcionar axudas... e recibir a cambio un pago, como é o caso que nos ocupa. Tamén ofrecer protección a unha muller soa, quizais solteira ou viúva, que doa parte dos seus bens a un poderoso para acada- lo seu patrocinio.

O grupo dos cabaleiros e escudeiros, ó que pertencía o noso Meen Suares, comenzou a destacar durante a Alta Idade Media e paseniñamente foron consolidando a súa preeminencia social basada no oficio militar e na posesión de terras, as fontes de renda máis importante daquela. Con frecuencia estes cabaleiros e escudeiros aforaban terras da súa propiedade ou subaforaban outras pertencentes ós grandes mosteiros, á alta nobleza ou ós cabidos catedralicios. En todo caso trátase dun grupo emerxente que vai configurando unha pequena nobreza rural ou vilega e que moitas veces ocupa postos de certa relevancia nos concellos.

E nun concello precisamente recuperamos a figura do escudeiro Meen Suares: documentámolo na cidade de Ourense o día 30 de Maio de 1433, isto é 20 anos despois da

súa comparecencia como receptor da doación de Guimarei, ocupando agora o cargo de Procurador Xeral da Cidade de Ourense, según a transcripción da acta da reunión de rexedores e xuices da cidade (30 de Maio de 1433) que nos ofrece Ferro Couselo, **"...logo todos ordenaron e feseron seu procurador en todo este dito ano ata dia de quendas janeiras a *Meen Suares Galinato*, que presente estaua, vesiño da dita çidade, ..."**

Aparece de novo Meen Suares nunha lista de candidatos ó cargo de xuíz da cidade de Ourense no ano 1449 e neste momento perdémoslle a pista.

Interésanos agora, ante a imposibilidade documental de face-lo seguimento de Tereixa García, busca-la relación de Meen Suares coa freguesía de Guimarei e co lugar ou "villa" de Gudín.

O apelido ou sobrenome **Galinato** é realmente orixinal e polo tanto difícil de esquecer; o mesmo sucede co sobrenome **Churruchaos**, pois ben persoas de ambalas dúas familias galegas estiveron implicadas no asasinato do arcebispo de Compostela Suero Gómez de Toledo no verán do ano 1366. Aquel crime e as súas circunstancias non son obxecto deste traballo mais cómpre facer unha brevísima referencia á época -segunda metade do S. XIV- para entender mellor o clima de tensión e violencia que orixinou o suceso sanguento no que presumiblemente se viu implicado un **Galinato**, apelido que documentamos na escritura de Guimarei e que debeu ser orixinario das terras de Tabeirós.

Velaquí que por unha serie de circunstancias políticas as grandes familias galegas víronse na obriga de tomar partido por un dos bandos contendentes na guerra civil que enfrontaba a Pedro I e Henrique de Trastamara polo trono de Castela. No verán do ano 1366 encóntrase en Santiago don Pedro "O Cruel" quen, vendo na persoa do arcebispo un obstáculo para as súas pretensións, decide desfacerse del. Outras fontes aluden a unha vinganza da familia Deza polo asasinato ocorrido algúns anos antes no castelo da Rocha, pertencente ó arcebispo de Santiago, de Alonso Suárez de Deza e a conseguinte usurpación dos castelos e dominios da súa liñaxe, coñecida

tamén como a dos Churruchaos. É lóxico pensar que chegado o momento confluísen os desexos de vinganza dos Deza e os intereses políticos de D. Pedro. Os autores materiais da morte do arcebispo serían Fernán Pérez de Deza "Churruchao" e **Gonzalo Gómez Galinato**, ou **Afonso Gómez Galinato** tal como se consigna noutra fonte. Este Afonso ou Gonzalo habería ser parente, amigo ou servidor de total confianza do paladín da familia Deza, que o día 29 de xullo de 1366 consumou a súa vinganza.

Deste xeito, seguindo a López Ferreiro, Vicetto e García Oro que recollen de diversas fontes o acontecer da violenta historia de Galicia na segunda mitade do S. XIV, recuperamos o apelido **Galinato**. Pero ¿que relación existe entre este **Afonso ou Gonzalo Gómez Galinato** cómplice na morte do arcebispo e o noso **Meen Suares Galinato**, propietario de terras en Guimarei no ano 1413 e rexedor na cidade de Ourense no 1433?

Regresemos de novo ás fontes. Ferro Couselo ofréceno-la trancripción do testamento de **Afonso Gomes Galinato** e da súa esposa Moor Peres, outorgado na Graña do Mato o día 26 de Xullo de 1365, un ano antes de ocurri-lo asasinato do prelado compostelano. Observamos con sorpresa que o outorgante concede unha moi importante manda ó mosteiro de Melón coa condición de que o abade logre do papa o perdón dunha suposta e futura excomunión na que poidese estar incurso o outorgante Afonso Gomes Galinato no momento da súa morte: **"...se aqueeçer por alguus pecados, quando for meu finamento, eu andar en alguun ou en alguus casos descomonion, que o abade e convento que eno tempo for que me faça soltar da dita escomonion ..."** ¿Previsión?, ¿Clarividencia?, ¿Simple precaución de quen considerándose amigo, quizais familiar ou servidor de confianza da familia Deza inimiga da Igrexa Compostelana se temese acreedor dunha futura excomunión? ¿Artimaña legal para colocar a bo recaudo unha parte importante dos seus bens no convento donde profesaba seu propio irmán Rodrigo Suares?

Tentaremos agora averiguar se había algunha relación entre os dous Galinato á luz da información que nos ofrecen as tres fontes:

- A carta de doación outorgada por Tereixa García de Gudín. 1.413.

- Actas do Concello de ourense. 1.433-1.449.

- Testamento de Afonso Gomes Galinato. 1.365.

En primeiro lugar hai que dicir que existe unha coincidencia do apelido **Galinato**:

*Meen Suares Galinato*, escudeiro, propietario en Guimarei no ano 1413 cando era un home xove; Procurador do Concello de Ourense no ano 1433 e candidato a xuíz da mesma cidade no 1449, cando xa rondaría os sesenta anos.

*Rodrigo Suares* (Galinato), irmán de Afonso Gomes Galinato en cuio testamento se cita: **"...Rodrigo Suares, meu yrmao..."**

*Afonso Gomes Galinato*, outorgante do testamento. Á vista da relación de irmandade documentada entre Afonso Gomes e Rodrigo Suares, é a ausencia de regras fixas de filiación e de uso dos apelidos na época que nos ocupa, poderiamos concluír que o noso Meen Suares Galinato podería ser parente, quizais fillo de Afonso Gomes Galinato. Aparte das relacións familiares aparecen no ámbito xeográfico enlaces entre ambas ramas dos Galinato. Reparemos en que Afonso Gomes Galinato no seu testamento:

1. Efectúa unha manda piadosa ó Mosteiro de Acibeiro, consistente en terras e dereitos que posúe na *Terra de Tabeirós e na freguesía de Guimarey*: **"...quantos herdamentos e casas e coutarias e dereitos eu aio em toda terra de Taueiroos e eno couto de Sam Giao..."** lembremos que o couto de San Giao refírese a Guimarei, denominación que temos documentada na escritura de 1457 que comentaremos en segundo lugar: **"...eno couto de San Giao de Gimarei..."**

2. Manda que o Mosteiro de Acibeiro pague unha oitava de pan cada ano á igrexa de *Santiago de Tabeirós* a cambio do que lle dá ó mosteiro en San Giao de Guimarei; e isto faino pola salvación da súa alma **"...e polas almas do linagem de quen veño..."**.

3. A relación do testante coas terras de Tabeirós, Cuntis e Moraña complétase coa inclusión no testamento de mandas piadosas, algunhas da súa muller Moor (Maior) Peres en Santa María de Ribeira, San Mamede de Piñeiro, San Bréixome de Arcos, Santa María de Troáns, Santa Cruz de Lamas e Santa Xusta de Moraña todas elas terras próximas a Tabeirós, posiblemente solar do apelido Galinato. En fin unha xenerosísima manda testamentaria ofrecida a cambio do levantamento dunha excomunión que poidese chegar... e que parece que chegou tra-lo crime de Compostela sen que o abade de Melón puidese facer nada para evitalo.

E para rematar incluímos un breve comentario diplomático deste documento ou carta de doación.

*A data*. Vén expresada no encabezamento do documento: **"...Anno do naçemento de noso Se(nnor Iesu)Cristo de mill e quatroçentos e treze anos quatro dias andados do mes de dezenbro..."** (1). Esta data vén expresada en anos da Natividade de Noso Señor Xesucristo que ordenou consignar en tódolos documentos o rei de Castela Xoán I no ano 1383. Anteriormente a data consignábase na era española, 38 anos por diante da cristiá, polo que ós documentos anteriores, cómpre restarlles aqueles anos.

Observemos despois da data a *notificación*: **"...sabed todos..."** (1) mediante a que se anuncia a quen poidese interesar o feito xurídico que se expresa no documento.

Tamén a presencia dunha *cláusula obrigatoria* de orde espiritual, mediante a que a doante se compromete a cumprilo pactado **"...por juramento que ende faço aos santos avangeos..."** (13) obrigándose ademais por unha *cláusula penal* pola que a outorgante debería pagar cincocentos maravedís en caso de incumprimento do pactado; enténdese que os percibirían a partes iguais o perxudicado e o erario público. Para establecermos unha comparación digamos que daquela o xornal dun carpinteiro ou canteiro andaba polos 3 maravedís.

No *protocolo final* ademais do receptor da doación, que di estar presente **"...E eu o dito Meen Suares que presente son así o reçebo..."** (15, 16), recoñecemo-los nomes das *testemuñas* e a súa veciñanza: Fernan de Giril, Juan de Campos e Fernan Martines, veciños de Guimarei e Roy Gago, de Codeseda.

O acto de *validación* do documento realízao o notario Afons Balladares **"...notario publico de Terra de Taveyroos e de Rebadulla jurado por la iglesia de Santiago..."** (18, 19) incluíndo o seu nome e signum notarial consistente na complicada filigrana que daquela se adoitaba debuxar nos documentos notariais **"... meu nome e sinal pono en testimonio de verdade..."** (21, 22).

As terras de Ribadulla e Tabeirós pertencían daquela á xurisdicción da Igrexa de Santiago polo que eran os seus arcebispos quen nomeaban os cargos públicos das distintas parroquias, vilas e cidades da súa influencia, cargos que frecuentemente se compraban, arrendaban ou se facían vitalicios e incluso transmisibles de pais a fillos.

Encontramos por último o nome do escribán, teniente lugar ou pasante de Afons Balladares, **Eans Gago** que realizou este instrumento que acabamos de comentar

**DOCUMENTO Nº 2** 1.457, maio, 18.

1- Anno do nascemento de noso Sennor Iesu Cristo de mill et quatroçentos e çinqueenta e septe annos diez e oyto dias do mes de mayo. Sabean todos
2- que nos Ruy Lopes jurado da vila de Pontevedra e minna moller Leonor Suares que somos presentes e outorgantes por rrason que nos anbos
3- ouvemos conprado de Fernan de Godin morador enno couto de Callobre toda a sua parte et quinon que lle perteesçia do casal e lugar de
4- Godin por parte e herança de seu padre Ruy Peres clerigo? que fuy de San Giaao de Gimarei. Por ende nos anbos non costringidos por força

5- nen endusidos por enganno nen por outra coluson alguna mays de nosas boas propias e livres boontades et por aquela mellor forma e maneira
6- que podemos e devemos con dereito poemos e traspasamos en vos Ruy Casado morador enno couto de San Giaao de Gimarey et en vosa
7- moller et voses des oje este dia en deante para sempre jamays toda a parte e quinon do dito casal que asi ouvemos conprado do dito Fernan
8- de Godin por quanto achamos que perteesçia a vos et que bos por viinna por linna dereita et por ende o poemos et traspasamos en vos
9- et en vosa moller e voses para senpre jamays seguro que dereito he por aqueles preços e contias de mrs. por que o nos conpramos os
10- quaes nos destes e pagastes e nos os rreçebemos de que nos outorgamos por entregos et pagos. E todo ius poder poseson propiadade
11- sennorio direito vos et abçon que nos fasta aquí aviamos enna parte do dito casal de Gondin por virtude da dita conpra de nos e de
12- todas nosas voses o tiramos e tollemos et en vos o dito Ruy Casado et vosa moller et voses o ponemos et traspasamos para senpre
13- jamays por esta presente carta de traspasamento et prometemos et outorgamos non faser nen diser desto o contrario por nos nen por outro en juizo nen
14- fora del et se o feseremos ou diseremos queremos e outorgamos que nos non valla e bos peytemos de pena myll mrs. da moneda
15- corrente. Et eu o dito Ruy Casado que soon presente asy o rresçebo. Feita e outorgada en Pontevedra era mes e dia sobre ditos. Ts. que foron
16- presentes Afonso Tonor e Juan Vaasques Barbon e Nuno Fernandes escripvan criado de min notario.
17- E eu Fernan Peres notario publico jurado da villa de Pontevedra por la Eglesia de Santiago a esto que dito he
18- con as ditas testemoyas presente foy e o fisen escrivir e aquí meu nome e signo pugo
19- en testemoyo de verdade. **(signum)**

**Documento nº 2. Escritura de cesión ou traspaso. 1457, maio, 18.**

Trátase, coma no caso anterior, dunha escritura en pergamiño moi ben conservado, de forma rectangular con medidas 28´4 x 20 cm e no que se aprecia unha enruga vertical de pregado que non afecta á lectura. A tinta presenta unha tonalidade sepia tendente ó siena sen esvaementos. A letra é máis espontánea e lixeira cá do anterior escrito desaparecendo os rastros da gótica galega a medida que se acentúa a cursividade; non obstante o conxunto do documento ofrece un aspecto armónico e coidado; no tocante ó protocolo final percíbese o cambio de man cun estilo máis ampuloso, de trazos moi grosos ainda que elegantes, estilo que se fai extensivo á filigrana da sinatura e ó **signum** notarial.

Ofrecemos a continuación un resume da escritura e un comentario dos seus aspectos máis salientables. O documento foi outorgado o día 18 de Maio de 1457 por *Ruy Lopes*, xurado da vila de Pontevedra e a súa esposa *Leonor Suares.*

Ambolosdous manifestan ser propietarios dunha parte, supoñemos que un tercio, do lugar de Gudín por compra que fixeran a **"...Fernan de Godin morador enno couto de Callobre..."** (3) quen, pola súa parte o herdara de seu pai **"...Ruy Peres clerigo que fuy de San Giaao de Gimarei..."** (4). Pode sorprender neste punto a referencia á paternidade do tal Fernan de Godin, sen embargo, salvo error meu de transcripción, cómpre advertir que naquel rural galego baixomedieval a vida do clero secular non era sempre todo o exemplar que a súa condición esixía. Cabe tamén a posibilidade dun ingreso na vida sacerdotal trala morte da súa esposa...

Manifestan asimesmo que traspasan esas herdades a Ruy Casado veciño de Guimarei, **"...morador enno couto de san Giaao de Gimarey..."** (6), incluíndo, como era habitual nos documentos desta época, a súa esposa e descendentes. Aínda que non se especifica o importe, si se manifesta que tal traspaso tivo un precio, e que este foi satisfactoriamente pagado **"...por aqueles preços e contias de maravedis ...os quaes**

**nos destes e pagastes e nos os rreçebemos ...**" (9,10). Velaquí algunhas cuestións que consideramos interesantes.

En primeiro lugar salienta-la calidade destes humildes instrumentos tan parcos en palabras pero tan plenos de contido xurídico. En segundo, destaca-la preeminencia e respecto que acada nas escrituras da época a muller sempre presente a carón do cabeza de familia: así, neste mesmo documento *Ruy Lopes* declárase outorgante do documento xunto coa súa esposa *Leonor Suáres* e, nada menos que en tres lugares se expresa que os receptores do traspaso son Ruy Casado, a súa dona (sabemos por outro documento que se chamaba Inés do Campo) e os seus descendentes "**...et en vosa moller et voses...**" (7, 9, 12). Ben é certo que esta presencia feminina supón tamén un imperativo legal para obrigar ó cumprimento do pactado neste instrumento.

Hai outra circunstancia que se fai constar no documento e que merece un breve comentario; trátase do seguinte párrafo do texto: "***senorio direito...*** **que nos fasta aquí aviamos enna parte do dito casal de Gundin por virtude da dita conpra de nos e de todas nosas voses o tiramos e tollemos et** ***en vos o dito Ruy Casado et vosa moller et boses o ponemos e traspasamos para senpre jamays...***" (11, 12, 13). Como se desprende da lectura do documento quedou meridianamente craro que o Roy Casado satisfaceu o prezo tratado polo traspaso dos bens que se declaran; e logo ¿ por que se engade esta cláusula na que se declara que o traspasante renuncia ó dominio directo das propiedades e o traslada ó adquirinte? Pois pola razón de que naquela época e ata ven avanzada a idade moderna o señorío ou dominio directo ou propiedade plena da terra era unha cousa e o usufructo dela outra; ambolosdous dereitos estaban unidos naquelas persoas que detentaban o dominio directo da terra pero disociábanse necesariamente cando a terra se aforaba, subaforaba, arrendaba ou, nalgúns casos, se traspasaba para a súa explotación. No caso que nos ocupa o Ruy Casado adquire ou recupera coa terra o seu dominio directo (propiedade plena) que se fai extensivo á súa dona e descendentes "**...para senpre jamays...**" (12, 13). Todas estas e outras moitas modalidades de propiedade, tenencia e explotación das

terras xeraron a través dos séculos multitude de situacións confusas e conflictivas das que se nutrían os avogados e escribáns.

**DOCUMENTO Nº 3.** 1.477, MARZO, 11.

**(cruz)**

1- Anno do naçemento de noso Sennor Iesu Cristo de mill et quatroçentos e sateenta e sete anos a onze dyas do mes de março. Sepan todos como

2- eu Gonçalo Lopes de Monte Negro vezyno e morador enna vyla de Pontebedra por min e por todas minnas vozes e erdeiros e suçesores aforo

3- e dou por rrazon de foro çensualmente para todo tenpo de senpre a vos Roy Casado que presente sodes e a vosa moller Ynes do Canpo que e absente

4- asy como se fose presente moradores que sodes enna freguesya de san Giaoon de Guimarey que he en terras de Tabeyroos et a todas vosas vozes

5- e erdeiros e suçesores vosas e da dyta vosa moller conben a saber o meu terço do lugar de Godyn con todas suas casas e erdades e chantados amontes

6- e afontes perteençentes ao dyto lugar o cal dito lugar he syto enna dita fregresya de San Gyaoon de Gimarey por lo cual terço do dito

7- casal vos o dyto Roy Casado e a dyta bosa moller e bosos erdeiros e suçesores me avedes de dar e pagar a mi e a meus erdeiros e suçesores para todo

8- tenpo de senpre in perpetuo en cada hun ano çynco çeramins de pan medio millo e medio çenteo medydo por la midyda dereyta de Pontevedra

9- que se corer ao tenpo das pagas enno dyto lugar en cada hun ano por dya de San Martinno de nobrenvo en pas e en salvo e sen desconto alguno

10- e avedes de tener as casas do dyto lugar levantadas e cubertas e rrestoyradas e en boo rreparo de guisa que se non perda nin danifyque

11- e asy as tener rrestoyradas en todo tenpo de senpre e non bos tenno de tyrar nin toller este dyto foro e çenço que bos asy faço por mays nin

12- por menos nin por altanto que outra persona por elo me de ni prometa nen por dyzer e alegar que oubo e ha en elo enganno de mays da
13- meetade nin por outra razon alguna antes me oblygo a min e a meus beens mobles e rayzes avidos e por aver de vos fazer sanon e de pas o dito terço
14- do dito lugar e casas e erdades que vos asi aforo e açenço a todo tenpo a dereito de qualquer persona ou personas que bos lo conpraren ou enbargaren e non avedes de
15- vender enpenar dar trocar concanbear nin allear o dyto lugar a ninguna persona sen que primeramente rrequrrades a min ou a meus
16- erdeiros se o queremos tanto por tanto canto outra persona por elo bos der e querendo que o aja eu ou os taes meus erdeiros e non o que-
17- rendo que enton o façades a tal persona que seja semellable de vos e tal que de e pague a min e a meus herdeiros e subçesores dito foro e çenso
18- para todo tenpo de senpre e cunpla as outras maneiras e condiçoos contyndas en este dito contrato. E eu o dito Roy Casado por min e
19- e por la dita minna moller por la cual me oblygo que ela aja por fyrme rrato e grato esto sobre dyto e para minnas vozes e suas asy o
20- rreçebo e outorgo para o cal mellor tener conpryr e gardar e para pagar o sobre dyto oblygo a min e a todos meus beens mobles
21- e rrayzes avidos e por aver da dita minna moller e quero e me plas que non bos dando e pagando eu a dyta minna moller e nosos
22- erdeiros e subçesores os dytos çynco çeramins de pan que posades penorar enno mismo propyo lugar ennos ditos meus beens e da dita minna moller
23- ende quer que os nos tenamos e ajamos e se nos non teberemos o dyto lugar e casas levantadas e rrestoyradas que bos por bosa pro-
24- pya abturidade o posades rreçeber con mais os ditos nosos bees e bendelos e aforarlos enpenarlos e fazer deles e en eles como de

25- vosas cousas propyas livres quitas e desenbargadas sen noso enbargo e calquer de nos partes que contra esto for ou pasar e o asy
26- non tover conpryr e gardar pague por pena a parte que o conpryr e gardar dous mill mrs. bellos e a pena pagada ou non todabya
27- esta carta e as cousas en ela contyndas fyquen fyrmes e vallan para senpre. Que foy feyta e outorgada enna byla de Padron ano dyto
28- yussus destos estando a elo presentes por testigos Pero Calvo e Pero Teçelan vecinos da dita vyla de Padron e Roy da Fonte morador
29- enna freguesya de Santa Marinna de Ryvela e outros.
30- E eu giao do Este notario prubiquo jurado da vila de Padron pola Iglesia de Santiago a esto que
31- Sobre dito hee en huun con os ditos testigos presente fuy e fys escripvyr e meu nome
32- e syno ponno que tal hee en testimonyo de verdade. **(signum)**

## Documento nº 3. Carta de foro. 1477, marzo, 11.

Permítasenos, antes de entrar no comentario do documento, realizar unhas breves consideracións en torno ó foro de terras en Galicia. Entedemos por *foro ou aforamento de terras* un contrato legalmente establecido mediante unha carta ou documento de foro entre unha persoa ou institución propietaria do dominio directo da terra e outra persoa que detentará o dominio útil ou usufructo desa terra. A institución do foro, que actualmente se encontra en período de reconsideración, tivo en Galicia unha extraordinaria repercusión e permanencia no tempo, de modo que ata o século XVIII non entrou en crise. Sofre un longuísimo período de revisión durante os séculos XVIII e XIX e non é ata o ano 1.926 (Real Decreto Ley de 25 de Xuño) que non se decreta a súa redención. Neste tipo de contratos obsérvase unha moi variada casuística polo que nos imos limitar a comentar as cláusulas do contrato que agora nos ocupa.

1- *Concedente do foro.* Faise constar con claridade no encabezamento da escritura. Trátase de Gonzalo Lopes de Monte Negro, veciño da vila de Pontevedra, titular do dominio directo das casas e terras de Gudín obxecto deste foro. A súa intención de aforar exprésase no documento da seguinte maneira: **"...aforo e dou por rrazon de foro çensualmente..."** (2, 3). Nada nos fai pensar que se trate dun subforo, é dicir a cesión en foro duns bens previamente aforados.

2- *Receptor ou concesionario do foro.* Sería **"... Roy Casado que presente sodes e a vosa moller Ynes do Campo moradores que sodes enna freguesya de San Giaon de Gimarey que he en terras de Tabeyroos..."** (3, 4) . Lembremos que no documento anterior este Roy Casado recibía en traspaso unha parte ou quiñón do lugar de Gudín. Isto sucedía en Maio de 1457. Agora, en Marzo de 1477, vinte anos máis tarde, toma en foro outro tercio do lugar de maneira que posiblemente traballase, xunto coa súa muller e familia os dous tercios dunhas terras suxeitas a dous réximes de propiedade distintos; ignoramos a quen correspondería o outro tercio do lugar.

3- *A cousa aforada.* Especifícase con craridade no documento: **"... o meu terço do lugar de Godyn con todas suas casas e erdades e chantados amontes e afontes perteençentes ao dyto lugar ..."**.

4- *Duración do contrato de foro.* Era unha das partes máis importantes do foro e sufriu variacións ó longo do tempo tendendo a unha máis estricta limitación temporal conforme se avanzaba na idade moderna. Este que comentamos establece unha duración indefinida nos seguintes termos: **"...para todo tenpo de senpre..."** (3), **"...para todo tenpo de senpre in perpetuo..."** (7, 8), **"...a todo tenpo..."** (14). Por todo ilo é lóxico pensar que compría implicar no contrato a sucesores e herdeiros, como así se fai por parte do concedente do foro, **"...por min e por todas minnas vozes e erdeiros e suçesores..."** (2), e do concesionario ou receptor **"...todas vosas vozes e erdeiros e suçesores vosas e da dyta vosa moller..."** (4, 5). Estes contratos de moi longa duración ou enfitéuticos daban seguridade ó labrador no traballo da terra e convertíaos en propietarios virtuais dela.

5- *A renda establecida.* Debía se-lo aspecto máis discutido polos contratantes habida conta que unha das partes (o concedente) desexaba beneficiarse o máis posible da terra que aforaba, e a outra minimizar a renda porque esta, ó ser pagada en especie, debía sustraerse da base alimentaria da familia (millo e centeo), e da reserva necesária para a sementeira. Esta renda fixa, aínda que fose relativamente suave podía perxudicar ó labrego, obrigado a satisfacela cada ano independentemente da calidade ou cantidade da colleita. No documento especifícase que a renda consiste en **"...çynco çeramins de pan medio millo e medio çenteo medydo por la midyda dereita de Pontebedra..."** (8). Como descoñecemo-la extensión e calidade das terras énos imposible establecer se se trataba dunha renta onerosa ou suave; débese dicir tamén que o valor do centeo era moi superior ó do millo, entendendo que esta denominación referíase ó cereal denominado en castelán "mijo", e posteriormente en galego "millo miúdo".

Especifícase tamén na escritura que esta renta ha ser satisfeita anualmente, **"... en cada hun ano por dya de San Martinno de nobrenvo en pas e en salvo e sen desconto alguno ..."** (9).

6- *Outras obrigacións por parte do concesionario do foro.* O pago anual da renda non era a única obrigación do receptor do foro. Comprometíase tamén a:

a) Mante-las casas erguidas e coidadas. **"...e avedes de tener as casas do dyto lugar levantadas e cubertas e rrestoyradas e en boo reparo..."** (10)

b) Notificar previamente ó concedente do foro (Gonzalo Lopes de Montenegro) calquera cambio na titularidade do usufructo da propiedade aforada, reservándose este ou os seus herdeiros o dereito a recuperala : **"... e non avedes de vender enpenar dar trocar concanbear nin allear o dyto lugar a ninguna persona sen que primeramente rrequrrades a min ou a meus erdeiros..."** (15, 16).

c) O concesionario do foro, Roy Casado, obrígase a responder cos seus bens e os da súa esposa de todo o pactado neste documento: **"...para cal mellor tener conpryr e gar-**

**dar e para pagar o sobre dyto oblygo a min e a todos meus beens mobles e rrayces avidos e por aver da dita minna moller...**" (20, 21). Introdúcense ademais varias cláusulas obrigatorias para asegurar ó concedente o cumprimento do estipulado no documento. Hai unha cláusula que obriga conxuntamente a concedente e concesionario : "**...e calquer de nos partes que contra esto for ...pague por pena ... dous mill maravedis bellos...**" (25, 26).

Coma nos outros documentos este contrato de foro remata coa relación das testemuñas: Pero Calvo e Pero Teçelan veciños de Padrón e Roy da Fonte veciño de Santa Mariña de Rivela. Efectúa a validación do seu puño e letra e pon o signo o notario de Padrón, Giao do Este.

Desde o punto de vista material a escritura está disposta sobre pergamiño ben conservado, rectangular, de medidas 35´5 x 28´5 cm. A tinta consérvase aceptablemente ben, agás na validación notarial donde se observan esvaementos considerables; a tonalidade siena craro predomina na meirande parte do texto e vaise diluíndo cara ó final; asimesmo na validación a tinta adquire un ton grisáceo.

Aprécianse xa con craridade as características da letra cortesana manifestadas na tendencia a envolve-las letras e palabras mediante os caídos das letras e na abudancia de abreviaturas e nexos. Faise tamén evidente unha marcada tendencia á cursividade da escritura. E como consideración final diremos que este documento vai encabezado por unha cruz, invocación simbólica ó nome de Cristo co que adoitaban comenzalos documentos na Idade Media.

## Consideracións finais.

Nestes documentos, en tódolos documentos ou fontes escritas a donde o historiador acode na procura da información que lle permitirá reconstrui-lo pasado, tra-la linguaxe legal, ríxida e aparentemente fría, xorden con frecuencia as preocupacións, teimas e trafegos da xente. Xente coma nós que lles tocou vivir nunha época lonxana e distinta pero que coma nós sentiu as mesmas preocupacións polo traballo, o

diario sustento, as súas terras e propiedades e polo futuro... Son por elo moi dignos de respeto e merecedores de conservación aqueles papeis vellos, pergamiños e legaxos que medio podres esmorecen nun rincón húmido do faiado. Salvémolos porque conteñen anacos da nosa historia e gardan as esperanzas e as angurias dos nosos devanceiros.

Simplemente secando ben ó aire eses vellos papeis e pergamiños e gardándoos despois nun lugar seco estaremos contribuíndo a preservar anacos da pequena e humilde historia da xente do común, a daqueles que non comeron nunca con cullera de prata.

NOTA. Os párrafos entre comiñas e en negriña fan referencia a fragmentos do texto do documento e os números entre paréntese á liña correspondente.

**BIBLIOGRAFÍA.**


COMESAÑA MARTÍNEZ, M.A. O tombo do hospital e ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra. Pontevedra 1.995.

FERRO COUSELO, X. A vida e a fala dos devanceiros. Vigo 1.967.

GARCÍA ORO, J. Galicia en los siglos XIV y XV. T. I. A Coruña 1.987.

LÓPEZ FERREIRO, A. Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela. T. VI. Santiago de Compostela 1.903. Pags. 169-176.

LUCAS ÁLVAREZ, M. Para unas normas complementarias de transcripción de documentos en gallego. C.E.G. XII. Santiago de Compostela 1.949.

LUCAS ÁLVAREZ, M. Características paleográficas de la escritura gótica gallega. C.E.G. XV. Santiago de Compostela 1.950.

MARÍN MARTÍNEZ, T. Paleografía y Diplomática. UNED. Madrid 1.992.

MARTÍNEZ SALAZAR, A. Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI. A Coruña 1911.

MILLARES CARLO, A. Tratado de paleografía española. Madrid 1.983.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. e MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I. Eds. Livro do Concello de Pontevedra (1.431-1.463). Pontevedra 1.989.

ROMANÍ MARTÍNEZ, M. Abadologio y jerarquías del Monasterio de Oseira, en "Congreso internacional sobre San Bernardo e o Císter en Galicia e Portugal". Ourense 1.991.

VAAMONDE LORES, C. Índice de documentos que pertenecieron al Monasterio de Melón. B.R.A.G. T. I. 1.906.

VICETTO, B. Historia de Galicia T. I. Ferrol 1.872. Pags. 339-351.







# HÓRREOS NA GALICIA

Olimpio Arca Caldas

Durante moitos anos foron os hórreos e os cruceiros as dúas construccións emblemáticas desta nosa terra. Pola súa abundancia nas eiras dos labregos e nos cruces dos camiños, estas dúas obras da arquitectura rural, conformaron a humanización da paisaxe galega e mesmo semellaban pétreos gromos conformados pola natureza mesma.

Nos hórreos e nos cruceiros atopámo-la expresión íntima, o latexo profundo dos debezos espirituais, sociais e míticos do noso pobo. E aí están como silandeiros testemuños da extraordinaria creación daqueles anónimos canteiros, que descoñecedores dunha técnica académica souberon atopa-las proporcións axeitadas para erguer estes monumentos que precisaba a nosa vida material e as nosas crencias relixiosas. (fot.1)

Se a estas senlleiras construccións lles engadimos os palleiros temporais que alá polo mes de xullo se erguían nas eiras completamos a esencia das vivencias do agro galego de comezos do século XX. (fot. 2) Nos derradeiros anos deste século, por mor de diversos factores, que non imos analizar, estamos a vivir importantes trocos no eido da agricultura que modifican aquela paisaxe. E os hórreos comezan a ser historia dun pasado distinto. Cómpre pois facer a xénese, o desenrolo e decandencia destas construccións.

## ANTECEDENTES HISTÓRICOS DO HÓRREO.

Cando, nas distintas latitudes do planeta terra, o home pasa da longa e descoñecida etapa do nomadismo a unha vida

sedentaria e se converte en *agricultor-pastor*, ten novas necesidades engadidas: por unha banda ha conserva-lo grau en perfectas condicións de xerminación para unha nova sementeira, e ó mesmo tempo, pola outra, ten a obriga de asegura-la mantenza do clan ó longo de todo o ano.

Aparece, pois, en tódalas civilizacións, un espacio, un sitio dedicado a preserva-los cereais, colleitados dun xeito rudimentario, dos moitos inimigos: a humidade, os roedores e os distintos insectos.

Ese espacio de almacenamento e coidado destes cereais ha ter moi distintas ubicacións segundo as condicións climáticas, a clase de froitos e as culturas de cada pobo. Unhas veces serán unhas sinxelas caixas de madeira cerradas e colocadas nun lugar adecuado da mesma vivenda; noutras, cando o clima sexa seco será en ocos subterráneos ben pechados; cando é húmido precisará de habitáculos con boas condicións de ventilación. En correspondencia cos distintos modelos destes depósitos atopamos diferentes nomes para eles. Todos eses nomes de **celeiros, cabaceiros, cabazos, canastros, cabás, graneiros, espigueiros, etc.**, constitúen unha mesma familia representada polo hórreo actual.

Xeneralizando deste xeito, os depósitos do grau que hoxe nos ocupan pertencen, con moi distintas formas e nomes, ás múltiples agrupacións culturais que se extenden dende as rexión sudafricanas ata as nórdicas, pasando polo Creciente Fértil situado nos vales do Tigris, do Éufrates e do Nilo.

Agora ben, etnógrafos e antropólogos van máis alá e investigan e discuten a orixe desta construcción singular que hoxe coñecemos co nome de hórreo. Sen profundizar en estudios eruditos que nos levarían a extendernos en demasía, vou centrarme na aparición do **Hórreo** en España e a súa chegada e expansión en Galicia.

O gran etnógrafo e antropólogo galego, Dr. Ignacio Martínez Rodríguez, no seu documentado libro **«El Hórreo Gallego»**, editado pola fundación Barrié de la Maza (Edc. 1979) despois dun exhaustivo estudio dos textos literarios de autores latinos, inclínase a pensar que o **hórreo** aparece en Hispania, antes

que na mesma Roma. Basea as súas afirmacións nas aportacións de anteriores antropólogos. Vexamos algunhas:

O arqueólogo García Bellido no seu traballo «Veinticinco estampas de la España Antigua escribe encol da primeira e máis antiga descripción do hórreo. Corresponde a explicación que no século I a.C. fai Marco Terencio Varrón, escritor latino que veu a España coas tropas romanas, no seu libro sobre a agricultura. No devandito libro trata as diferentes maneiras de conserva-los cereais e, entre outras, escribe a **GRANARIA SUBLIMIA** na que o grau se ventila lateralmente e por debaixo por atoparse suspendido e aillado do solo.

Outro testemuño é o de Plinio o Antigo que tamén estivo catro anos en Hispania, e tratou destas construccións dun xeito semellante ó establecido por Varrón, engadindo que a construcción emprega a madeira e que está suspendida sobre columnas.

A máis abundamento o agrónomo Columela, no seu tratado sobre agricultura tamén nos describe o **PENSILIS HORREI**, ou sexa suspendido sobre columnas ou postes (Paxs. 57 a 63 de "El Hórreo Gallego").

Cómpre sinalar que os cereais almacenados nestes *Granaria Sublimia* de Varrón, *Granaria Lignea* de Plinio ou nos *Pensilis Horrei* de Columela, corresponden ó trigo principalmente, pois naquelas datas o millo era descoñecido en Europa.

En troques, outros recoñecidos etnógrafos como Jovellanos e Cabal pensan que a orixe do hórreo atópase en Roma. Nós non somos quen para pronunciarnos a prol dunha ou outra teoría. O que si sabemos históricamente, por documentos de donacións, herdanzas ou compra-vendas, son datas precisas nas que aparece a palabra hórreo coas súas variantes léxicas e ortográficas.

O investigador cántabro Alfonso de Lastra Villa, na súa ponencia exposta no primeiro congreso europeo do hórreo, celebrada en Santiago no ano 1985, titulada *«El antiguo hórreo cantabro, sus características y su entorno»* aporta unha data que ben podera se-la primeira vez que nos atopamos coa escrita **hórreo**.

Con data 20 de Maio do 870, o presbítero Iames, fillo de Quiriano e Casteria, dona os seus bens ás cinco igrexas da Vila de Suances (Santander). Entre estas pertenencias figuran: toda clase de gando, casas, adegas, **hórreos**, libros, etc.

O etnógrafo C. Cabal apórtanos outras citas de documentos antigos: así no ano 1092 unha dona de nome Garofala de Burgos, muller dun tal Astur Gutierrez, fai doación das súas pertenencias, entre elas: *«unum horreum integrum»*.

No Cartulario (ou sexa no arquivo) da igrexa de Valpuesta, (Burgos) de mediados do século X aparece esta referencia: «Et levabimus matera de III casas et *un orreo*», (sen hache).

En escritura do 1122 un señor de Santillana, Gonzalo de Godestioz, na doación das súas propiedades especifica: «Casa et orreos»

Tamén Menéndez Pidal e C. Sánchez Albornoz fan referencia a documentos onde aparece a palabra «**hórreo**».

Nos documentos galegos son máis tardías as referencias a estas construccións. Para unha análise rigurosa debemos ter en conta que **hórreo** e **celeiro** poderían significa-lo mesmo; non obstante, se seguimos a Ignacio Martínez Rodriguez, a palabra **celeiro**, na maioría dos casos, ten o significado de graneiro dentro da casa, mentres o **hórreo** é un graneiro exterior.

O primeiro termo latino «**horreum**» atópase, segundo nos di V. Fernández no seu estudio *«Los hórreos Gallegos»*, nunha escritura recollida polo investigador galego César Baamonde Lores na súa colección «Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichas partidas en los siglos XII, XIII, XIV», editado na Coruña 1909. Neste documento faise relación do traslado da cidade de Betanzos (Betanzos o Vello), sito na parroquia de San Martín de Tiobre, ó Castro de Untía, onde hoxe se ergue dende o século XIII. Este documento ten data do 13 de febreiro de 1219. Nel dise que para indemnizar desta perda ó tal mosteiro concédeselle a cuarta parte das rendas: «Inde per viam quae tendit ad *horreum* vrum, escepto ipse *orreo* cum suo currali».

O que si sabemos de certo é que a máis antiga representación do hórreo da península atópase na biblioteca do Escorial. Nas Cantigas de Sancta María, escritas en galego polo rei Alfonso X o Sabio no século XIII, aparece, na cantiga número 187, unha miniatura con tres hórreos que ilustra o milagre correspondente:

«Como huos monges non avían que comer e rogaron a Sancta María que os acorrese».

«Como os monges s'acharon outro día os *orrios* cheos de muy bo trigo»:

Estes hórreos teñen unha total semellanza cos actuais hórreos nosos, agás pequenos matices: posición horizontal das madeiras laterais e pouca ventilación debido todo isto ó pouco volume do trigo que neles se gardaba.

Encol do cereal que se debuxa nesta miniatura hai diversas teorías encontradas. Polo seu tamaño non semella que sexa trigo ou paínzo, pero naquelas datas o millo aínda non chegara a España, xa que houbo que esperar ata o século XVI e polo tanto non pode se-lo millo o cereal da miniatura.

## EXPANSIÓN DO HÓRREO

Con todas estas referencias históricas os etnógrafos entenden que a existencia do hórreo é moi anterior á chegada do millo á nosa terra, pero, como en toda polémica, non faltan autores que opinan o contrario.

Sexa o noso hórreo anterior ou posterior á chegada e cultivo do millo o que sí entendemos é que a expansión e xeralización desta singular construcción comeza a espallarse co cultivo deste cereal. Expansión que estivo condicionada a unhas variables socio-económicas das que cómpre suliñar, cando menos, as máis importantes: os cereais cultivados; a poboación, a distribución da propiedade das terras, e os materiais de construcción.

**a) Os cereais.**- Eran os cereais a base da alimentación dos galegos e polo tanto os máis cultivados ata o século XVII foron o centeo e o paínzo. Este último, hoxe cáseque desaparecido,

ven sendo unha gramínea (Millo miúdo) da mesma familia que o millo. Durante moitos anos compartiu co centeo a meirande área de difusión. Unha testemuña da súa expansión atopámola, amáis das referencias históricas, na toponimia dos nosos agros nomeados «**painceiras**», zonas de paínzo. Non obstante, e segundo as estadísticas que relacionamos de seguido, foi o centeo a base da alimentación dos galegos:

A composición dos celeiros campesiños en % na década de 1620-29 era nas Rías Baixas a seguinte:

Trigo....16% Centeo....44% Paínzo....33% Millo....4,8%

Nos vales de Cabarcos e Lourenzá, provincia de Lugo, nos comezos do século XVII era:

Trigo e Centeo..49,1% Paínzo..45% Millo..O,3% Avea..5,2%

En Valadouro, Lugo, na primeira mitade do século XVII, as estadísticas reflexan a seguinte porcentaxe:

Trigo e Centeo..49% Paínzo..47% Millo..O,8% Avea..3,2%

Esta mesma abundancia no centeo atopámola reflexada no refrandeiro: «A tulla sen centeo é coma o prado sen rego». «O que ten chea a tulla, non ten por que pasar carpulla». Debemos recordar que a **tulla** consiste nun arcón de madeira no que se gardaba o centeo.

Como xa dixemos, o millo chega a Galicia nos primeiros anos do século XVIII. Segundo Manuel Murguía e Bouza Brey sería no ano 1604 cando a muller de D. Gonzalo Méndez de Cancio, gobernador e capitán xeral da Florida (América) sementou nas súas leiras de Mondoñedo estas semillas traídas polo seu home.

A expansión do cultivo do millo foi lenta e moi desigual xa que mentres unhas bisbarras axiña acollen o seu cultivo, como foi o caso das Rias Baixas, outras tardan case un século na súa sementeira tal como as terras altas do interior. Así nos anos 1650 e seguintes o millo representa nas Rias Baixas un 47 % mentres no Valadouro só alcanza un 0,8%.

**b) A poboación.-** Estudiando as variacións da poboación galega dos séculos XVII ó XX, coas notorias diferencias segun-

do as bisbarras, comprêndese a reciproca influencia entre o cultivo do millo e o aumento da poboación. Non hai dúbida de que coa colleita do millo aumentou moito a producción alimentaria, circunstancia que se notou nun crecemento do número de habitantes naquelas bisbarras onde se cultivaba.

**c) Propiedade das terras.-** A meirande parte das terras pertencían ós mosteiros e á nobreza. Os labregos que as traballaban estiveron, ata o primeiro cuarto do século XX, gravados con distintos tributos: foros, subforos e diezmos que asoballaron a xa flebe economía dos nosos campesiños.

Con toda esta mistura de variables socio-económicas corresponde ó século XVIII as grandes construccións en pedra dos hórreos, erguidos en mosteiros, freguesías e nas eiras dos señores cabezaleiros, ou sexa, daquelas familias que estaban encargadas polos abades e nobres para recolle-los tributos. O hórreo de Carnota, propiedade desta parroquia está datado no ano 1768.

**d) Materiais de construcción.-** A abundancia do granito na nosa terra, o volume da colleita e o «status» económico foron outras determinantes no intre de ergue-los hórreos. Mosteiros, fegresías e pazos erguen grandes obras en pedra. Os dez primeiros hórreos da meirande capacidade están situados nas propiedades desta clase social: Santa María de Lira, en Carnota; Parroquial de Araño, en Rianxo; Santa Comba de Carnota, Mosteiro de Poio, o do Deán en Valga,etc.. Todos eles de gran capacidade e en pedra.

A finais do século XIX, trala desamortización de Mendizábal, aumenta a expansión dos hórreos e, seguindo a tradición medieval, érguense en terreos comunais coa correspondente eira, na que tamén hai sitio para cura-la palla que ha servir durante o inverno como alimento dos animais.

O primeiro tercio deste século XX podemos chamarlle a época áurea da expansión do hórreo pola grande cantidade deles que se erguen en tódalas bisbarras galegas. A liberación das terras, os novos métodos de cultivo e a chegada de novas máquinas e abonos fan aumenta-la superficie de solo cultiva-

ble e a cantidade e calidade da colleita. Aumentan, pois os hórreos que agora son de pedra e madeira (tipo mixto).

A esta etapa de esplendor sucede a decadencia do hórreo en canto a nobleza do seus materiais, as formas e a cantidade. O cemento, o ladrillo e a carestía da man de obra no traballo da pedra fan que a elegante e serea silueta do hórreo deixe paso a eses esperpentos pintarraxeados que comezan a aparecer nas nosas eiras.

Por outra banda, a evolución dos cultivos e da alimentación da gandeiría, dá lugar á construcción de silos coa conseguinte paralización da construcción dos hórreos. Por estas mesmas razóns coa decadencia dos hórreos vai parella outra construcción emblemática do campesiñado galego, **os muiños**.

E falando dos muiños quero pregarlle a esta xuventude inquieta e culta que, se queren, son eles quen de reparalos e arranxalos para que segan en pé como unha referencia das nosas necesidades e da nosa cultura.

## TIPOS DE HÓRREOS

Non resulta traballo doado para os etnógrafos a clasificación dos hórreos polas moitas variantes que atopamos tanto na súa forma como na materia empregada. Imos clasificalos polos materiais empregados en:

Hórreos en pedra.( fot. 3 )
Hórreos mixtos (pedra e madeira). ( fot. 4 )
Hórreos en madeira.
Hórreos de vexetais
Hórreos de albanelería.

Os hórreos en **PEDRA** clasifícanse, segundo Carré, en:

**Tipo Ribadeo**, chamado cabazo ou cabozo, rectangular, ancho e grande con teito de pizarra a catro augas. É propio da zona litoral de Lugo.

**Tipo Coristanco**, hórreo grande e bastante ancho. A cámara está feita de sillares de pouca altura. Atopámolo na bisbarra de Carballo.

**Tipo Fisterre**, rectangular, estreito e alto, proporcionalmente máis largo, suspensión sobre postes de pedra, porta nun costado.( fot.5 )

**Tipo Noia**,entre os ríos Xallas e Ulla, tamén rectangular, alargado e estreito, sillares ben tallados e randixas de ventilación máis abertas.

**Tipo Morrazo, entre as rías de Pontevedra e Vigo**, rectangular, de suspensión baixa con postes cilíndricos ou cuadrangulares. Cámara totalmente de pedra.

Hórreos **MIXTOS** en pedra e madeira.

Podemos dicir que son os máis abundantes. A principal clasificación sería:

**Tipo Pontevedra**, rectangulares con duelas de madeira de castaño.

**Tipo Mahía**, tamén rectangulares, pero máis altos e estilizados.

Hórreos de **MADEIRA**,decote rectangulares. Carré clasificaos en:

**Tipo Mariñán** na bisbarra das Mariñas; **Palleira ou piorno**, propio do centro e sul de Galiçia; **Tipo Salnés**, entre as rías de Arousa e Pontevedra e **Tipo Bergantiños** abondoso nesta bisbarra.

Hórreos de **VEXETAIS** de formas cilíndricas nomeadas **cabás** ou **cabazos** con esteos de madeira ou encima de paredes de mampostería. Tamén aparecen exemplares de forma rectangular sobre tornarratos en pedra, sempre co teito de palla.

Hórreos de **ALBANELERÍA**.

Hórreas cuadrangulares de cemento sobre mampostería. (fot. 6)

Horreos de cemento e madeira.

Hórreos de cemento e ladrillo.(fot. 7)

Hórreos prefabricados.

Estes tipos de hórreos atópanse moi mesturados nas distintas bisbarras. Nesta fotografía de catro hórreos de Combarro os dous da esquerda son de tipo Mahía, o terceiro tipo Palleira e o da dereita tipo Morrazo.( fot. 8 )

## NOMES DOS HÓRREOS

Tendo todos eles o nome xenérico de hórreo nas distintas bisbarras tamén se coñecen co nome de:

-En Fisterra.... Cabazo ou cabaceira.
-No centro norte das provincias de Coruña e Lugo.... Hórreo.
-No norleste de Lugo.....cabozos.
-Nas rías de Arousa en Pontevedra.... piornos.
-Na zona de Vigo....... canastros.
-En Tui e a Garda-..... canizos.
-Entre Pontevedra e Ourense..... cabaceiros ou canastros.
-Entre Lugo e Asturias..... horro.

### Localización do hórreo

O labrego galego tradicional, cunha economía de subsistencia, ten as súas ocupacións fundamentais na seitura, na esfolla, na malla e na vendima polo que a eira, a adega e o hórreo han estar o máis preto posible da casa para poder facer estas labouras con certa comodidade.

Cando os poboamentos concentrados non deixan os mínimos espacios libres, ou sexa cando a superficie das eiras sexa insignificante, ou cando estes espacios non posúen unhas boas condicións de ventilación, os hórreos érguense nun terreo comunal que reúna estas condicións. Atopámonos entón coas chamadas «airas dos canastros». Concentracións de hórreos moi coñecidas son as de Combarro e as de Pedre no concello de Cerdedo ( fot. 9 ). Unha pequenha mostra destas agrupacións témola entre nós, na parroquia da Somoza cunha media ducia de hórreos.

Outras grandes concentracións de hórreos en airas, menos coñecidas, pero non por elo menos importantes, son as situadas na bisbarra do monte Suido, que comprende os concellos de Avión e Beariz, na provincia de Ourense; os de Covelo, A Lama e Fornelos de Montes na nosa provincia de Pontevedra. Nesta bisbarra atopamos, con aira empedrada, os agrupamentos de Barroso con tres eiras: unha con 29 hórreos de tipo mixto, con data do 1840; outro grupo con 9 hórreos e unha terceira con 8 exemplares, un deles datado no ano 1808. Na

provincia da Coruña coñecemos o agrupamento de catorce hórreos na eira común, frente ó mar, na parroquia de Abilleira, concello de Muros.

Na bisbarra de Beresmo, concello de Avión, atópase outra importante agrupación con 25 hórreos, nun deles hai unha inscripción do ano 1795.

Nos poboamentos dispersos o hórreo érguese sempre a carón da casa cunha orientación axeitada a prol dos ventos da zona. Está emplazado de tal xeito que poida ollarse dende a casa. Algunhas veces aprovéitase o cerre da eira para o seu levantamento. Tampouco debemos esquecer outra modalidade que aparece nalgunhas aldeas: un mesmo hórreo pode ter tantos donos como claros ten e coa correspondente porta lateral para o seu servicio. É unha mostra máis da necesidade dun espacio para a conservación da anada e da precariedade económica dos seus donos.

## DIMENSIÓNS DOS HÓRREOS

En tódolos tipos de hórreos as dimensións son moi variables e están en relación coa colleita ou as rendas do propietario.

Nos cabazos ou canastros, case sempre cilíndricos, atopamos diámetros que van entre o metro e medio ata os 3 metros, mentres que a súa altura está entre o metro e medio e dous metros.

Nos hórreos rectangulares existe unha grande varianza: dende 1,58 m. de largo por 1,10 de ancho, que compoñen un soio claro, ata o de Santa María de Lira (Carnota) que ten 36,55 m. de largo por 1,60 m. de ancho con 21 claros e 44 pés.

O hórreo do mosteiro de Poio, chamado, pola súa grandeza, «o Escorial» dos hórreos, se ben ten 33,40 metros de largo, en troques ten 3,69 m. de ancho con 16 claros e 51 pes, cun total de 123,50 m$^2$ de superficie (fot. 10). O hórreo do Deán, situado en Valga, con 24,90 metros de largo e 3,82 m. de ancho con 95,12 m$^2$ de superficie érguese sobre celeiro, sen pés (fot. 11).

Os hórreos cuadrados, nomeados hórreas, veñen a ser hórreos dobles, tipo Asturias e varían entre os 3,20 m. e 3,50 m. cun corredor central de 0,60 a 1 metro.

Así mesmo as alturas dos pés para o aillamento do chan por mor dunha axeitada ventilación varía segundo a ubicación do hórreo. As medidas varían entre o medio metro ata os 3 metros.

**PARTES E PEZAS DO HÓRREO** (Láminas 1 e 3).

Na parte inferior atopamos: basa ou cementación e os pilares. Estes poden ser de madeira ou de pedra. Os pilares de madeira só aparecen nos hórreos deste material.

Os pilares de pedra ou **esteos** son moito máis abondosos. Teñen un grosor variable, dunha soia peza de forma cuadrangular ou uchavada. Tamén se atopan tronco-cónicos e piramidais rematados por unha peza circular, ou casquete, chamados co nome xénerico de **tornarratos**. Outro tipo de sostén son as cepas ou muros de cantería dispostos transversalmente á lonxitude do hórreo. Non deixan de aparecer cepas de ladrillo ou cemento.

Cando non hai **esteos** nin **cepas** aparece a **cepa maciza** que consiste nun soporte de cantería ó longo do hórreo.

Se a parte inferior se cerra, ben con madeira ou ladrillo, aparece o celeiro aproveitado polo amo para gardar distintos aparellos ou animais: galiñas, coellos, etc.

Na parte Central está a mesa que pode estar feita de madeira ou de pedra. Enriba da mesa están: o **penal**, columnas verticais da parte anterior onde vai a porta; **columnas laterais; doelas** se é de tipo mixto; **faixa horizontal**, tamén de madeira; **soleira lonxitudinal**, en pedra; **pinche do penal e outón** que ven sendo a parede posterior.

No teito están **a tixeira, os cangos, as latas, o cume e o tellado**. Logo atopamos, polo xeral a cruz e a antefixa, pezas das que falaremos agora mesmo.

**ELEMENTOS DECORATIVOS** ( Lámina 2 ).

Case sempre nos nosos hórreos aparecen, ben no teito ou no outón ornamentos moi variados. Pero non todos teñen adornos. Os hórreos de madeira, cabazos, cabaceiros e mesmo os hórreos de amos económicamente pobres carecen moitas

veces destes enfeites. Son os hórreos de pedra, os mixtos, os de cemento os que posúen variados adornos no cumio. Os máis xeralizados son a cruz e a pirámide como símbolo fálico. Non obstante atópanse outras moitas variantes: reloxio de sol, imaxes de santos, veleta e bolas de cristal.

Tampouco hai uniformidade na feitura da cruz. Hainas sinxelas, outras máis repinicadas e feitucas. Nos outóns e nas madeiras aparecen dibuxos, gravados e adornos.

Moitas son as teorías dos arqueólogos para xustifica-la presencia da cruz nos nosos hórreos. A abundancia deste elemento de sempre chamou e seguera a chama-la atención de turistas e dos mesmos estudiosos destas construccións. Así Frankowski e Carré dixeron ou pensaron que os hórreos eran capeliñas relicarios do pobo galego, edificio tan sagrado coma unha igrexa.

Das moitas teorías encol deste adorno quédome coa expresada polo noso Castelao no seu interesante e documentado libro **AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA**, no que amáis de debuxa-las variantes das cruces que rematan os nosos hórreos formulou a súa propia, interesante e belida teoría. E dinos:

«O hórreo galego non é simpremente un graneiro, como é o asturián; é unha ucha sacra, na que garda o pan de todo o ano. Cómpre decilo dunha vez: o hórreo galego é un relicario, que garda o corpo do Noso Señor. Os estranxeiros que visitan o noso país toman os hórreos por capeliñas ou por moimentos funerarios, a causa do seu feitío relixioso, sempre coroado por unha cruz. Cómpre saber que a cruz dos hórreos é decote a mesma, latina e ceibe de adovíos, pero en certos sitios rómpese o canón xeral e os canteiros ceiban nelas a súa imaxinación.

A cruz dos nosos hórreos deseméllase da que santifica os fogares, porque non ten virtudes profilácticas, senón consagratorias. O hórreo, tal vez con outra feitura, é anterior ó triunfo da Eirexa e denantes de ser cristianizado foi obxeto de culto pagán ou cicais fose mansión dalgún deus esquecido, que inconscientemente se representa no remate piramidal que acompaña á cruz.

Aínda que consideramos moi de razón que os forasteiros vexan en Galicia, país antigo, moitas reminiscencias do culto fálico, nós seguimos dicindo que os remates do barroco gale-

go son estilizacións do alciprés, cousa que non refuga un remoto destiño idolátrico, hoxe totalmente invisíbel para os ollos do espíritu común. Agora ben, o remate piramidal dos hórreos é tan constante na súa presencia coma na súa feitura, e a cruz que se emparella con el non ocupa un lugar de preferencia, polo que é obrigado recoñecer que se trata dun elemento simbólico, dunha invocación a calisquera deidade xa desaparecida do noso ceo, pero que non deixou ronsel no subconscente místico das xentes da aldeia, que trasegaron do paganismo ó cristianismo as eternas arelas de fartura e fecundidade. Así, pois, nós vemos no remate piramidal e na cruz dúas formas diferentes dunha mesma demanda. O remate que fai compaña á cruz no cume dos hórreos é, coma se dixéramos, un prego feito ao Fillo de Deus nun lingoaxe ancestral i hermético, rutinariamente repetido.

A feitura relixiosa dos hórreos galegos provén do respeto que sentimos polo pan. Ningún galego criado na lentura relixiosa pode poñer o seu pé enriba dunha frangulla de broa, que se recolle do chan dándolle un bico, e co mesmo respeto se tratan as espigas de centeo, do trigo e do millo. En moitos lugares de Galiza, cando o ceo ameaza sarabia, os labregos poñen un cacho de pan no peitoril das fiestras que dan cara os «nubeiros» e «tronantes» (deidades malinas) «para que Deus non consinta que se apedrée o seu corpo». E os hórreos gardan o pan, e por eso teñen a feitura de relicarios. Tanto é así que algunhas veces o piorno está enriba do portalón, porque ten máis poderío e máis virtudes que unha simpre cruz.

O hórreo é a peza de luxo do casal galego, e polo hórreo xulgamos da probeza ou riqueza do seu dono. Non hai cousa algunha tan triste como ver un piorno pequeno que polas súas rendixas non amostre máis que o ceo. A cruz que coroa os hórreos valdeiros é o símbolo máis punxente da resiñación e da esperanza cristián. E tanto na fartura como na miseria, a cruz dos hórreos galegos ten o arume das primeiras oracións: «O pan noso de cada día dánolo hoxe e perdóanos....». Ata aquí o que nos deixou dito Castelao, encol dos hórreos. ¡Que belidas palabras e que sentemento cristián e respetuoso as deste home!

## O HÓRREO NA LITERATURA

Chama a atención a ausencia do tema do hórreo tanto no cancioneiro popular galego, onde non aparece unha soa estrofa encol deles, como do mesmo refraneiro popular. Neste eido do refraneiro atopamos refráns adicados ás adegas, ás tullas, pero moi poucos encol do hórreo. Só lembramos o dito «ten millo vello no hórreo» cando queremos suliñar que a tal persoa non pasa apuros económicos.

Acontece outro tanto no eido da literatura. A cantora do Sar, a nosa Rosalía, adica nos seus poemas cantos de lembranza, salutación ou loubanza ós obxetos íntimos do labrego, do pobo humilde: á casa, á cociña, ó cimeterio, ás campás. En *«Adios ríos, adiós fontes»*, en *«Pra Habana me vou»* lembra emocionada os bois, as vacas, as leiras, os carreiros entre o millo, o pote das papas, pero non ten unha palabra para o hórreo.

Tampouco Curros, o poeta social do seu século, fai referencia a eles. Esta ausencia constitúe unha proba de que as directrices de Mendizábal aínda non cristalizaran no home rural galego.

En troques é a Condesa de Pardo Bazán a que no seu libro «Los Pazos de Ulloa» fai referencia ós hórreos que posuía o pazo.

## O HÓRREO HOXE

Os cambios económicos parellos cos trocos socio-culturais que se produciron nas últimas décadas repercutiron dunha maneira significativa, e para peor, nos nosos hórreos.

O éxodo dos veciños cara os poboamentos urbanos motivou o abandono de moitos casais cos seus eirados. O abandono do millo como cereal de consumo humano e o aumento da facenda gandeira, cunha meirande extensión dos prados deixou relegados ós hórreos a funcións que, malia a súa importancia, perderon a súa verdadeira dedicación.

E... os hórreos, en especial aqueles de madeira de amos dunha economía feble, esmorecen nas eiras abandonados. Tamén os mixtos sen as madeiras, comestas pola humidade, co seu esquelete de pedra, semellan herois feridos pola indiferencia nun abandoado campo de paz.

Por outra banda, a subversión dos conceptos culturais fai que se merquen hórreos antigos e se trasladen a lugares que nunca foron dignos de tal entorno e que aparecen, trocando a historia, nun contexto inadecuado. Son eles, algunhas veces, unha ruín testemuña da fachenda dos novos donos. Tamén é doado atopar hórreos prefabricados de cemento, que non teñen outro obxetivo que adorna-la eira do amo, xa que logo este nin ten leiras ou non sementa millo (fot. 12).

Houbo un desexo de protexe-los hórreos tanto a nivel nacional como a nivel autonómico. A nivel nacional lembramos os B.O.E. de marzo de 1973 e a orde do ministerio de Cultura do ano 1980. Na nosa comunidade hai no DOGA do ano 1984 unhas disposicións para axudas a súa restauración e a necesidade dun permiso especial para cambialos de sitio, orde da que ninguén, organismos e público, fixo caso. Estas ordes, se ben en casos aillados serviron para evita-lo derrumbamento, non foron quen de evita-la decadencia galopante dos mesmos.

Como queira que a colleita de millo quedou reducida a unhas leiras de secano, son moi poucos os labradores que enchen, como antano, os seus hórreos. Serven, pois, agora para almacenar outros productos agrícolas ós que tamén perxudica a humidade, como herbellas, cebolas, allos e tamén algunhas veces os queixos e os xamóns.

Nas partes baixas, entre cepas, atopamos os ocos cerrados con táboas ou ladrillos que serven como galiñeiro ou coelleira. Se non están pechados aparecen pilas de leña para queimar na cociña.

Os concellos que teñen a sorte de contar con eiras singulares nas que se erguen eses fermosos conxuntos de hórreos teñen moito que facer para que non desaparezan eses belidos testemuños da nosa cultura, pois como dixo Risco: *«O pobo que abandoa a súa tradición non ten dereito á eisistencia»*.

## HÓRREOS DO VAL DE VEA

Resume da ponencia presentada polo autor no I Congreso Europeo do Hórreo na arquitectura rural, celebrado en

Santiago no ano 1985, baseada no traballo realizado cos rapaces do Colexio de Couso no curso 1973-74.

Os hórreos do Val de Vea, o mesmo que os do Concello de A Estrada, son de tipo mixto, ou sexa, teñen elementos de pedra e madeira.

O profesor D.Ignacio Martínez Rodríguez, no «El Hórreo Gallego»,(no que nos honra coa introducción deste traballo no seu libro), clasifica ós hórreos desta bisbarra dentro do tipo «MAHÍA» pola área que abrangue esta forma de construcción, dende as orelas do Tambre ata as do Ulla, na parte centro-baixa dos dous ríos. Levantados do chan a unha altura que vai desde os 70 cm. ata 1,70 m., segundo as características do terreo. De planta rectangular con anchos entre 1,20 m. a 1,45 m.

Podemos considera-lo Val de Vea como unha subcomarca do Ullán. Asentada na marxe esquerda do río Ulla, comprende as terras da conca do río Vea, derradeiro afluente de importancia do devandito Ulla, camiño du mar de Arousa.

Este río rega e xungue ás parroquias de San Andrés, San Xorxe,Santa Cristina e San Xian de Vea, amáis das de Frades, Couso, Cora e Baloira, esta última non estudiada no traballo xa que non correspondía á zona de influencia escolar. Bisbarra limitada ó leste polos montes de Matalobos, outeiro da Loba e da Serrada, ó oeste polos montes do Chedón, Caeiro e Lagoa, ó sul estréitase o val nos montes da Bragada, Concello de Cuntis, e pola banda do norte ábrese ó val do río Ulla.

Val estreito, de clima templado e húmido, de augas abondosas, está composto por terras vizosas e ricaces, onde o millo ten unha anterga implantación racional, disminuida hoxe polo troco dos terreos adicados a este cereal en herbeiras polo aquel da explotación dunha gandeiría intensiva. E así, denantes da expansión da maquinaria agrícola, esta bisbarra tiña a sona nos concellos veciños polos magníficos exemplares dos «bois cebados», animais que coa súa forza tiraban polo arado, e na derradeira etapa da súa vida, cando xa as súas forzas menguaran, eran cebados coa fariña saída do mesmo gran que tantas veces arranxaran nas camposas do val.

Terras sometidos ós tributos do clero da veciña catedral de Santiago nos séculos das idades Media e Moderna, sentiron de sempre a esclavitude dos tributos e foros. Nos séculos XIX e comezos do XX seguían aforados polos condes de Ximonde, Superunda, Dona Clotilde la Maza, Viúva de Cervela, etc.. Tiveron que esperar ata a segunda república para que a totalidade dos foros esmoreceran para sempre.

O labrego das Veas goza dun certo benestar económico pois para o seu auto-abastecemento conta con abondosos productos agrícolas: legumes, patacas, leite e toda clase de froitas e non carece de proteínas pola crianza de animais de granxa.

Para entende-la expansión do hórreo nesta bisbarra cómpre facer unha pequena visión de conxunto das condicións sociais e históricas da poboación que se asentaba no val.

No ano 1608 o distrito de Vea contaba con uns 400 vasalos pertencentes ó arcebispado de Santiago. A parroquia de Santa Cristina de Vea tiña a obriga de levarlle ó cura 208 ferrados de froito mediado, 10 capóns e 4 galiñas. Así mesmo, pagaba ó clero da Capela da Concepción da catedral de Santiago 21 ferrados de mediado e dous capóns.

As terras das fegresías de Couso e San Andrés estaban baixo os foros do conde de Ximonde. Na parroquia de San Xián, con datos no arquivo desde 1607, atópase o lugar de Dorelle, nome na súa orixe, dun antergo aforante. Esta mesma parroquia aparece sendo tributaria do Colexio Maior de Fonseca, segundo bula outorgada por Clemente VII no ano 1525. En Frades, terras e convento pertencían ós monxes do Císter.

Nesta situación social, apesares da fertilidade da terra e dos esforzados traballos dos labregos, nos séculos XVIII e tamén XIX só se erguían os hórreos nas eiras das casas parroquiais e na dos cabezaleiros.

Así, dos 438 hóreos que numeramos só atopamos once que sexan do século XVIII, e aínda tres deles non teñen garantida a súa idade. As condicións sociais de comezos do século XIX seguen a se-las mesmas e hai que esperar ó remate deste século, coa desamortización de Mendizábal, para que os labregos teñan terras de seu e comecen a aparecer nas eiras os hórre-

os de madeira, primeiro, e mixtos, de dous e tres claros, despois. Ó final do devandito século xa contamos na bisbarra do Val de Vea con 67 hórreos de Madeira e 134 de tipo mixto que fan un total de 202 hórreos.

As novas maneiras, maquinaria e selección, do cultivo do millo no século XX, fai que a expansión do hórreo sega unha liña ascendente e así, nos primeiros tres cuartos deste século numeramos 225 hórreos: 63 de madeira, 114 mixtos e 48 de ladrillo e cemento.

Casales e hórreos están uniformemente repartidos nestas parroquias pois a razón entre estas construccións e as vivendas vai desde un 94,5% nas parroquias máis ricas, ata un 77,1% na parroquia de Frades de terras máis montesías e pobres (fot. 13).

De seguido ofrécese unha tabulación dos hórreos estudiados.

| Parroquia | HR. | CAS. | % | Sec. XVIII | | Sec. XIX | | | | Sec. XX | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Mx | % | Mx | % | Md | % | Mx | % | Md | % | Cm | % |
| COUSO | 60 | 64 | 93,8 | 2 | 3,3 | 21 | 35 | 14 | 23 | 6 | 10 | 3 | 5 | 14 | 16,6 |
| SAN XULIÁN | 44 | 51 | 86,3 | – | — | 13 | 29 | 5 | 11 | 15 | 34 | 10 | 22 | 1 | 2 |
| S. CRISTINA | 89 | 103 | 86,4 | 3 | 3,3 | 17 | 19 | 22 | 24 | 18 | 20 | 17 | 19 | 12 | 13 |
| S. ANDRÉS | 97 | 122 | 79,5 | 2 | 2,2 | 51 | 52 | 10 | 10 | 22 | 22 | 4 | 4 | 8 | 8 |
| SAN XORXE | 121 | 128 | 94,5 | 3 | 2,4 | 28 | 21 | 8 | 6 | 47 | 38 | 24 | 20 | 11 | 9 |
| FRADES | 27 | 35 | 77,1 | 1 | 3,9 | 4 | 14 | 9 | 33 | 6 | 22 | 5 | 18 | 2 | 7 |
| TÓTAL | 438 | 503 | 87,0 | 1,1 | 4,3 | 134 | 51 | 68 | 51 | 114 | 44 | 63 | 48 | 48 | |

TOTAIS

| Parroquia | aldeas | Tipo Mixto | % | Madeira | % | Cemento | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 58 | 259 | 59,1 | 131 | 29,7 | 48 | 11,2 |

TOTAIS POR SÉCULOS

| Século XVIII | % | Século XIX | % | Século XX | % |
|---|---|---|---|---|---|
| 11 | 2,5 | 202 | 46,1 | 225 | 51,4 |

HR = hórreos, CAS = casales, Mx = Tipo Mixto, Md = Madeira, Cm = Cemento

## BIBLIOGRAFIA


Actas del Primer Congreso Europeo del Hórreo. El Correo Gallego. 1.990.

ARCA CALDAS, OLIMPIO. Hórreos del Valle del Vea. En El Museo de Pontevedra. Tomo XXVIII. 1.974.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, IGNACIO. El Hórreo Gallego. Fundación Barrié de la Maza. 1.975.

OTERO PEDRAYO, RAMÓN. Historia de Galicia. Tomo II. B. Aires 1.962.

RODRÍGUEZ CASTELAO, ALFONSO. As Cruces de pedra na Galiza. Akal Editor. 1.975.




LÁMINA 1 Nomenclatura

LÁMINA 2



LÁMINA 2 Distintos tipo de cruces e pendóns


NOMENCLATURA:
① PENALES; ② PORTA; ③ LOUSAS; ④ ALMOHADILLAS; ⑤ PUTRO;
⑥ SOLEIRA; ⑦ MOURONS; ⑧ DIUTEL; ⑨ SOBREPENAS; ⑩ CLAROS;
⑪ PUTRO; ⑫ CANGOS; ⑬ CUMIO; ⑭ CUTON; ⑮ PENDON; ⑯ CRUS; ⑰ PE DERAITO; ⑱ BALAGUSTES;

LÁMINA 3



Foto 1: Hórreos e Cruceiros ó pé do camiño.



Foto 2: Dous símbolos da economía rural galega.



Foto 3: Hórreo en pedra, tipo Morrazo.



Foto 4: Hórreo mixto, tipo Mahía.



Foto 5: Hórreo tipo Fisterra. Situado en Teo, está fóra do seu entorno



Foto 6: Hórrea cuadrangular. Magán-Cuntis.



Foto 7: Hórreo de cemento e ladrillo, en Cacheiras-Teo.



Foto 8: Distintos tipos de hórreos en Combarro.



Foto 9: Agrupación de hórreos en Pedre-Cerdedo.



Foto 10: Hórreo do Mosteiro de Poio.



Foto11: Hórreo do Deán en Valga.



Foto 12: Hórreo prefabricado nunha eira da parroquia de Couso.



Foto 13: Casal, hórreo e leiras fértiles na parroquia de Santeles.

# A ESTRADA NA OBRA GRÁFICA DE CASTELAO

Xosé Manuel Castaño García
Museo de Pontevedra

Cando se escribe sobre Castelao, destácase Santiago, como lugar onde estudia e debuxa, Rianxo, como a súa vila natal e Pontevedra, a «Boa Vila» na que ten o seu posto de traballo como funcionario de estatística e na que se sentiu moi a gusto, soñando incluso no exilio con regresar, ou cando menos poderse enterrar nela[1]. Bótanse en falta referencias á Estrada, onde casou, non por este feito que é ben coñecido, senón, entendo modestamente, porque imaxes dos seus arredores aparecen repetidas en moitas das súas obras, o que demostra a profunda pegada que deixou nel. Este feito non é coñecido ou cando menos non se resalta, quizabes por non estar identificadas estas imaxes. O propio Castelao escribe «En fin; a Estrada é o escenario en que se desenrolaron as máis puxantes escenas do meu pasado vivir»[2]

Despois de ollar, detidamente, as máis de mil obras que se expoñen ou gardan no Museo de Pontevedra[3] e as doutras coleccións ou as publicadas polo propio artista, observo, en moitos dos seus traballos, uns elementos arquitectónicos que adoitan ser case sempre os mesmos e que manexa con liberdade creativa dispoñéndoos en diferentes situacións. Son en realidade proporcionalmente considerables se temos en conta unicamente as obras nas que hai algunha referencia arquitectónica.

A igrexa de Ouzande, a torre e pazo de Guimarei, a ponte vella de Liñares, son os motivos que vemos con máis frecuencia repetidos nos seus traballos. Outros, como a estela funera-

ria galaicorromana atopada en Ouzande, o acceso ó adro da igrexa de Guimarei, algúns cruceiros ou a fonte do pazo de Oca figuran en moita menor medida, aínda que esta última con moita significación. Ás veces, estes motivos aparecen cunha grande fidelidade ó natural, noutros casos con pequenos cambios que non ocultan a súa orixe, diferenciándose ben doutras representacións que nada teñen que ver.

Iniciarei a análise das diferentes obras nas que hai referencias ós arredores da vila onde veu casar Castelao no ano 1912, cando contaba 26 anos, con Virginia Pereira (fig.1), filla do que fora deputado provincial o avogado, Don Camilo Pereira Freijenedo[4].

Comezarei pola igrexa de Ouzande, unha construcción románica con engadidos e transformacións posteriores, distante uns mil trescentos metros da casa da súa dona, situada practicamente no centro da vila. A cabeceira desta igrexa formará parte de diferentes composicións nas que a súa especial característica, unha ábsida semicircular sen ningún elemento arquitectónico, fará que sexa doadamente identificable para calquera observador que coñeza a devandita construcción.

Un óleo sobre cartón de 37,5 x 52,3 cm con este motivo exponse na Sala Castelao do Museo de Pontevedra (fig.2). Non sei con certeza, xa que non está datada, se é cronoloxicamente anterior ou posterior ás outras representacións ás que nos imos referir[5]. O que é ben apreciable é que estamos ante unha obra feita con realismo, como se se tratase dunha fotografía (fig.3). A igrexa, vista dende o ángulo esquerdo da súa cabeceira, é o tema central e único deste cadro que nos amosa un Castelao pintor ó óleo, unha faceta menos cultivada por el.

Este mesmo tema volvémolo atopar nun esbozo a lapis e acuarela sobre papel (fig.4) no que cambia lixeiramente o punto dende onde se observa, polo que a ábsida aparece máis destacada e as liñas de fuga da composición (beirado de ábsida e nave) converxen moito antes, ofrecendo a visión dunha toma fotográfica feita cun obxectivo angular que esaxera as proporcións do máis próximo.

Neste debuxo non se representa voluntariamente o campanario polo que a ábsida destaca máis, a pesar de que non se debuxa co detallismo da obra anterior. Faltan canzorros ó tempo que os existentes non son máis que esbozos. Pola contra, a ausencia do campanario fará cobrar importancia á antefixa, que sobresairá máis ca no óleo anterior. Este debuxo, ou cando menos esta visión, será a que repetirá noutras obras ás que nos imos a referir, pero nas que a igrexa xa non será a principal protagonista.

Refírome a dúas composicións que comparten os mesmos elementos arquitectónicos e paisaxísticos. A primeira delas, que chamarei *Rectoral* (fig.5) pola inscrición que ten na parte inferior, é unha obriña das mesmas dimensións que a anterior feita con lapis e acuarela sobre papel. É, como as dúas anteriores, unha das que chegaron ó Museo de Pontevedra procedentes da incautación levada a cabo na súa casa de Pontevedra a comezos da guerra civil[6]. Vemos nela como a nosa igrexa está en medio doutras construccións entre as que sobresae unha que axiña identificamos polo seu porte como a casa rectoral. Na outra obra titulada *El buen cura* (fig.6) repítense os mesmos elementos, co engadido da besta que está a pastar e a figura do crego en primeiro plano.

Na cabeceira da igrexa de Ouzande (fig.7) nin hai nin houbo nunca tal construcción porque se asenta nun sitio elevado, non sendo posible tal disposición, pois ós poucos metros hai que salvar un profundo desnivel. A casa non logrei polo de agora identificala nin observei a súa presencia máis que nestes exemplos. En ningún caso é nin foi a rectoral da parroquia, pois está situada noutro lugar.

Estas obras poñen de manifesto, como seguiremos a ver noutros casos, cómo o artista compón o cadro con elementos diversos observados en diferentes lugares, pero que dan a impresión de que se está a representar a paisaxe como a podía ver, cando en realidade non existía así. Este feito ou non foi observado, ou non se destacou, ou cando menos non atopei referencias a esta forma de traballar. Obsérvense, por exemplo, estas dúas obras (fig. 5 e 6). A casa practicamente está vista dende o mesmo punto, cunha visión frontal, pero entre

ela e a igrexa hai unha grande distancia no segundo caso, que non podería existir na realidade se a comparamos coa primeira visión, se ambas representasen un motivo existente. A presencia do crego a grande tamaño no primeiro plano, como é característico nas obras de Castelao onde se dispoñen figuras, necesitaba separar a igrexa da casa, algo doado de facer porque son realidades diferentes.

En canto á cronoloxía destas dúas imaxes hai que sinalar que ningunha ten data. A primeira podería ser de 1912 se consideramos que unha obra co mesmo título estivo na exposición que fixo Castelao no Salón Iturrioz de Madrid[7]. A segunda, co titulo *El buen cura* aparece na Exposición Regional de 1917 celebrada na Coruña.

Noutra ocasión (fig.8) volvemos ver representada a cabeceira da mesma igrexa dende un ángulo similar, aquí sen referencias arquitectónicas pois nola amosa noutro contexto. Xunto a ela bailan, nun lugar no que non hai tal espacio como xa se indicou, mozas e mozos á beira dunha árbore. Trátase dun debuxo publicado na revista *La Voz de Galicia* de Bos Aires en setembro de 1914.

Se a imaxe da igrexa pecha nesta ocasión unha escena de festa, nas dúas seguintes obras será ben diferente.

Na primeira delas titulada *O consello do pai* (fig.9), preséntanos a ábsida da igrexa de Ouzande como fondo da conversa entre o vello e o mozo, o primeiro con cara de preocupado mentres que o segundo cheo de ilusión. É un debuxo a pluma e augada sobre papel, exposto na Sala Castelao do Museo de Pontevedra. Penso que ha ser anterior ó ano 1915, pois en febreiro dese ano aparece publicado, en *La Voz de Galicia* de Bos Aires, un debuxo cos mesmos personaxes pero no que a igrexa será substituída por unha árbore, ó tempo que desaparece a masa negra que recorta ás figuras. Este debuxo presenta un texto que nos aclara a preocupación do vello que trata de convencer ó mozo para evitar que emigre. A mesma idea volverá a aparecer, cando menos, no texto doutros tres debuxos posteriores sen a penas cambios[8].

A outra obra, na que aparece a igrexa que tanto debuxou Castelao, foi publicada o 26-VIII-1923 en *Galicia* (diario de Vigo que aparecera o ano anterior). Ofrece a visión dun emigrante retornado (fig.10). É Farruco, que camiña entre os seus pais, que parecen sostelo, deixando no horizonte a igrexa, outra vez a igrexa de Ouzande (véxase de novo a fig.1) vista nesta ocasión dende o ángulo dereito. Aquí amósase, como todo o debuxo, moi esquematizada, pois estamos ante o proceso de síntese expresiva no que partindo da realidade Castelao vai eliminando o innecesario buscando destacar as figuras humanas. Aínda que a igrexa distrae un pouco a atención da vista do observador, a súa presencia xustifícase, como as liñas que suxiren o gastado relevo, como unha referencia espacial á aldea, a onde Farruco, fracasado dende o punto de vista da saúde, vén morrer.

A caricatura para Castelao non era un debuxo para facer rir senón unha abreviatura do debuxo. Con ela non pretendía divertir ós habitantes das cidade senón denunciar a situación, e este debuxo constitúe un bo exemplo.

Vemos pois como a igrexa de Ouzande foi representada dabondo en significativas obras de Castelao, cambiando o seu entorno pero mantendo sempre a súa personalidade. Non é a única igrexa que atopamos nos seus traballos pero si a que máis aparece, especialmente, cando nos amosa unha igrexa vista dende a cabeceira e sobre todo porque fronte ás outras repítese en varios casos e aínda que simplificada non presenta engadidos inventados, proporcións ou aspectos estraños.

A unha distancia semellante que a igrexa de Ouzande, acharía Castelao outro motivo e fonte de inspiración das súas obras: a torre e o pazo de Guimarei (fig.11 e 12). Trátase dunha torre de orixe medieval á beira da que se levantou un pazo no século XVII.

No Museo de Pontevedra consérvanse dúas vistas ás que nos imos agora referir. A primeira delas (fig.13) é un debuxo a lapis e acuarela sobre papel no que nos amosa, dende a parte posterior, un fragmento do pazo e a torre levantada sobre un penedo. O debuxo ofrece un aspecto esbozado, especialmente na parte correspondente ó pazo onde só se

emprega o lapis e a pluma, non habendo, a diferencia do resto, ningunha nota de cor.

O outro debuxo (fig.14) ofrécenos unha vista que servirá de base para significativas obras nas que, con curiosas modificacións, o artista comporá a escena con esta torre e pazo que deberon causar nel unha profunda pegada. Con acuarela, lapis e pluma está feito este debuxo que ten as mesmas dimensións que o anterior, pois está trazado no mesmo tipo de álbum.

A torre é vista agora dende a porta aberta no valo de pedra que pecha o recinto. As edras, debuxadas do mesmo xeito que veremos noutros casos, cobren case toda a parede.

Ante esta entrada, coa mesma torre ó fondo, Castelao disporá, nunha obra (fig.15) publicada no xornal *Galicia* de Vigo, a dous paisanos conversando. O texto que os acompaña e que, como é característico, actúa como complemento nestes debuxos de liñas sinxelas destinados a ser publicados, fálanos do problema da propiedade da terra. É, como indica Ramón Villares[9], por estes anos nos que se publica este debuxo, cando o campesiñado galego vai conseguindo a eliminación do réxime foral facéndose propietario das terras dos seus antigos señores.

Noutro debuxo, publicado uns anos antes (5-II-1916) na revista *Suevia* (fig.16) facíase alusión ás rendas forais e ás oblatas como cargas que o campesiñado galego debía soportar dos propietarios da terra e do clero rural. A torre e o pazo que nos ocupan, ambientan esta escena na que o fidalgo e o crego aparecen como protagonistas. A igrexa que se representa a carón do pazo non existiu nunca aquí nin nesta parroquia, e a cheminea que fumea non está nesta posición senón na parte dereita do pazo.

Se observamos a torre vemos nela que se abre unha ventá que non aparece noutras representacións, pois non existe nesta posición senón na cara nordés. Entendo que a debuxa cunha finalidade estética pois a masa de negro do seu interior serve de equilibrio á sotana do cura e ó van circular da igrexa.

No *Álbum Nós* Castelao volveu tratar este mesmo tema no debuxo número trece con idéntica lenda: "Dous vellos amigos: os foros e as oblatas". Este mesmo debuxo (fig.17), pero

sen a lenda, xa saíra publicado en 1918 na revista *La Esfera* de Madrid, ilustrando un artigo de Manuel Linares Rivas. Nos dous casos a torre e o pazo permanecen, aínda que perdendo protagonismo ó tempo que non teñen a mesma intención de parecerse. A torre amósase desproporcionada, sendo máis baixa e ancha á vez que está pegada ó pazo, ben identificado polo remate da portada. O valo de pedra coa característica porta de acceso séguenos a confirmar que Castelao se inspira neste suxestivo recinto.

A igrexa foi colocada nesta ocasión no lado oposto ó debuxo anterior. Podemos observar os xogos estéticos que fai o artista cos ocos, pois volve colocar só unha campá no campanario pero nesta ocasión aparecerá á dereita destacada en negro, combinando así co oco circular da fachada.

Para representar a crise da fidalguía, Castelao xa se servira desta mesma torre e pazo de Guimarei nun debuxo (fig.18) publicado en *La Ilustración Española y Americana* de maio de 1915. No número 20 desta publicación semanal madrileña na que colabora, veñen a ser, ficticiamente, a morada do *Último hidalgo de gotera* que vemos debuxado no primeiro plano. Castelao, exemplo de artista completo, escribe un fermoso texto amosando as súas cualidades como escritor. Poderíase subliñar, como curiosidade, pois o autor non ten como finalidade ofrecernos un relato realista, que os paxaros non poderán formar os seus niños nas «nudosas vigas» xa que a teitume non é de madeira senón de sólidas lousas de pedra[10].

Neste debuxo, no que as hedras e a vexetación do fondo tratan de dar un aspecto de abandono e ruína, a ventá tamén está colocada no lado contiguo a onde permanece na realidade. O remate da portada é indiscutiblemente o do pazo, pero o escudo, que non se representa con precisión, non o é.

Nun debuxo a lapis (fig.19), gardado no Museo de Pontevedra, recolle o artista a portada do pazo, co seu escudo.

Cómpre considerar pois o impacto que exercería no xoven Castelao esta combinación de torre medieval e pazo de tempos modernos, que o levaría, como vimos, a representalo en tantas ocasións. Hai que pensar que torres e castelos de moita

máis sona que a da que nos ocupa vería noutros lugares de Galicia e incluso, fronte a Isorna (unha das parroquias do Concello de Rianxo) podería contemplar, á outra banda do río Ulla, as Torres do Oeste en Catoira.

Outro dos motivos repetido e interpretado nas obras de Castelao é unha antiga e fermosa ponte das que adoitan ser coñecidas a nivel popular como «romanas». No Museo de Pontevedra exponse un debuxo a acuarela, lapis e tinta sobre papel que ten as mesmas medidas e está na mesma liña que o da Torre de Guimarei xa estudiado (fig.20).

Sobre a ponte cuberta de hedras, dous rapaces danlle vida e equilibran a composición, máis atractiva que outra versión, de semellantes dimensións e mesma técnica, tamén gardada no Museo de Pontevedra (fig.21).

Identifícoa como a ponte antiga sobre o río Liñares[11] (fig.22), situada no límite entre as parroquias estradenses de Lagartóns e Moreira, a uns tres quilómetros da casa de Virginia. Estaba situada no camiño real que quedara en desuso pola construcción da estrada de Chapa a Carril, que nese punto pasa a uns douscentos metros. Cando Castelao a visita xa se trataba dunha ponte vella[12]. É unha construcción de perpiaño, ten arco de medio punto e a rasante é alombada.

No núm. 5 da revista *Suevia* (Bos Aires, 4 de marzo de 1916) vemos un debuxo a pluma (fig.23) coa mesma vista que no segundo debuxo do Museo de Pontevedra. Sobre el colocou, como sucedera no primeiro, dous rapaces, que neste caso están moito máis definidos, conversando sobre un tema tratado na escola, indicado ó pé. As diferencias coa obra do museo que lle serve de base vémolas, ademais da presencia dos nenos, no formato vertical, na masa negra da árbore que sitúa como fondo dos nenos e que compensa a masa negra baixo o arco, e sobre todo, nas dúas árbores a carón da auga. Estes equilibran a imaxe pero non parecen ameneiros (as árbores propias das ribeiras dos nosos ríos ) e si, pola contra álamos. Este feito contrasta coa perfección coa que debuxaba os pinos ou os castiñeiros.

Posiblemente esta ponte sexa a mesma, ou cando menos se inspire nela o artista para o debuxo de *Cousas* onde nos rela-

ta unha fermosa historia da que a ponte vella, que «xa non rexe cos amores e traxedias que leva no lombo e que calquera día amañece afundida», é muda testemuña. As características son as mesmas pero neste caso ten unha cruz que non viamos nos outros debuxos e que tampouco está na actualidade.

A ponte vella de Liñares e a torre e pazo de Guimarei vémolos combinados formando parte dunha das obras que deron máis sona a Castelao: *Cuentos de Ciegos*. Este tríptico, tan destacado pola crítica madrileña, foi premiado cunha terceira medalla na Exposición de Bellas Artes de Madrid do ano 1915 e presentado tamén na Exposición Regional de Arte Gallego de 1917.

No terceiro dos tres debuxos que o compoñen vemos estes elementos formando parte dunha paisaxe que nos dá a sensación de que é representada polo artista como a ve, cando en realidade non a copia senón que a crea (fig.24). Neste punto penso que encaixa ben o que escribe en 1921 na páxina 216 do seu diario (tamén conservado no Museo de Pontevedra[13]) «Eu nunca fun un imitador da natureza, senón un intérprete [...] Eu compoñía unha paisaxe, eu buscaba un asunto, eu era un simbolista ...». Luís Seoane escribirá[14] «El non se propuxo como outros artistas da súa xeración ser somentes fiel a natureza física de Galicia, a semellanza externa [...] senón máis ben ó esprito desa natureza, ó seu modo de ser recóndito [...] tratando de interpretala, máis que como beleza, como verdade».

Castelao manifestou o seu interese pola paisaxe[15]. Recórdese cando escribe: «Cando poida pintarei as sinfonías da nosa paisaxe, e se teño vida morrerei sendo paisaxista». Pero non se trata, como estamos a ver, dunha paisaxe que simplemente se copia. Da caricatura dixera que non consistía en esaxerar os rasgos, senón en seleccionar o esencialmente expresivo. Isto mesmo, entendo eu, poderiámolo subliñar para as súas paisaxes. Estas compóñense duns elementos seleccionados que semellan representar a súa esencia.

O Pico Sacro (o mítico Monte Ilicino da antigüidade) non está enclavado no Concello da Estrada pero a súa presencia e manifesta dende a maioría da súas terras, formando parte da visión cotiá das súas xentes. O noso artista, cando se achega-

ba á Estrada como estudiante en Santiago, médico en Rianxo ou funcionario en Pontevedra, contemplaríao pechando o horizonte polo norte. Un debuxo, dunha paisaxe que non estaba identificada, recolle a súa imaxe (fig.25).

No exemplar da revista *Céltiga* do 10 de outubro de 1925 ou no correspondente a novembro dese mesmo ano da revista *Vida Gallega*, na que se fixera moi popular Castelao coa ilustración dos primeiros números, aparece unha reportaxe da excursión ó Pico Sacro de Castelao e outros persoeiros da Estrada, entre eles o médico Nodar Magán e o escritor García Barros. Este último describe a viaxe.

Cóntanos García Barros cómo Castelao relatou dúas anécdotas moi interesantes que lle sucederon. As dúas teñen que ver coa súa actividade como artista. Vou referirme á primeira, pois ilustra ben o contraste entre o médico rural en Rianxo e o artista. Un día chegou unha muller a súa casa reclamando urxentemente os seus servicios pois o fillo dunha veciña puxérase moi enfermo. Cando Castelao chega, crendo que o precisaban como médico, sorprendeuse ó ver que o que lle pediron foi que fixera o retrato do rapaz, pois non tiña ningún e temían que morrera[16].

Entre os grandes lenzos que fixo Castelao destinados a adornar algúns salóns públicos cabe mencionar os dous que lle doara á Sociedad Gimnasio da Estrada[17]. Teñen as características propias dos seus grandes cadros ó óleo nos que as figuras adoitan ocupar o primeiro plano sobre un fondo inequivocamente galego. Neles a liña ten unha grande importancia pois define e determina o carácter expresivo das figuras, constituíndo o esqueleto da pintura.

Tanto no cadro que presenta o cego guiado polo neno (firmado e datado en 1913) (fig.26) como no da moza coa cabuxa (firmado e datado en 1914) (fig.27), ningunha das igrexas que aparecen neles son, paradoxicamente, da Estrada, nin tampouco a paisaxe, aínda que hai que lembrar o que vimos repetindo neste traballo sobre que compón as súas obras con distintos elementos, algúns deles inventados. Así, no cadro da moza e a cabuxa, o monte que aparece detrás da igrexa iden-

tifícoo tamén co Pico Sacro, sendo como se pode ver semellante ó debuxo do Museo Pontevedra antes mencionado[18].

Sen ningunha dúbida, a fonte que achamos ó acceder ó Pazo de Oca pola fachada este, na parte interior da parede, é a que aparece nun dos debuxos de máis sona de *Cousas:* A Marquesiña[19].

Castelao fará primeiro o debuxo da fonte completa (fig.28) e logo colocará nela a rapaza protagonista da narración, recortando a fonte pola parte superior e poñendo un texto literario moito máis extenso que os característicos pés. Estes textos adoitan narrar unha historia máis ampla que a imaxe pois esta non é máis que un instante.

As dúas obras están no Museo de Pontevedra, igual que tres debuxos orixinais sobre a estela funeraria galaicorromana de Ouzande (fig.29,30,31).

Trátase dunha estela de granito que ten representado na parte superior, dunha forma moi tosca, un rostro humano e máis abaixo un sol cos seus raios. Segundo figura na obra referente ás inscricións romanas do Museo de Pontevedra ou as anotacións manuscritas das fotos do seu arquivo gráfico, foi atopada polo propio Castelao e D. Camilo Pereira (o seu sogro) e entregada no ano 1928 ó Museo.

En dous destes debuxos vémola na función que cumpría como esteo vertical dunha cancela[20]. No outro aparece debuxada ela sola. Esta última, con escasas variacións, será a que empregue como ilustración en *As Cruces de Pedra na Galiza.*

A estela serviulle de modelo e motivo de inspiración para unha das súas *Cousas da Vida* (fig.32) onde, coas característica propias destes debuxos de liñas sinxelas e poucos trazos, dous vellos manteñen unha conversa sobre ela.

Os debuxos do Museo de Pontevedra deben ser anteriores a esta última obra e polo tanto tamén á data de entrega da peza ó museo.

O acceso ó adro da igrexa de San Xiao de Guimarei aparece en dous debuxos a lapis coas mesmas características que os vistos, representando á estela de Ouzande (fig.33 e 34).

Chamaríalle a atención, como a calquera observador, o seu aspecto de fortaleza. Non os volvín atopar, a diferencia das obras estudiadas ata aquí, formando parte doutras composicións.

En 1950 edítase en Bos Aires pola Editorial Nós *As Cruces de Pedra na Galiza*. O tema xa constituíra o seu discurso de ingreso na Real Academia Gallega en 1934. A el dedicou moitos anos estudiando e debuxando cruces e cruceiros de moitos lugares, dándolle grande importancia a estas obras que, non debemos esquecer, como sinala Valle Pérez[21], gozaban de escaso interese e incluso desprezo, a fins do século pasado e principios deste.

No libro, que non chegara a ver editado na súa totalidade, aparece un debuxo da parte posterior dun cruceiro de Lagartóns e catro vistas do cruceiro do adro da igrexa de Ouzande (fig.35). Desta última parroquia son tamén os debuxos da estela funeraria xa mencionada e da característica antefixa da súa igrexa.

Aínda que non recollido nesta publicación, gárdase no museo un esbozo a lápis do cruceiro situado á beira do recinto da torre de Guimarei.

A través de todos estes exemplos creo que queda resaltado o interese que espertaron en Castelao algúns dos enclaves dos arredores da Estrada. Supuxeron a fonte de inspiración de obras publicadas dende 1914 a 1926 en xornais, revistas ou libros como: *La Voz de Galicia* (Buenos Aires, 1914), *La Ilustración Española y Americana* (Madrid, 1915), *Suevia* (Buenos Aires, 1916), *La Esfera* (Madrid, 1915), *Galicia* (Vigo, 1922-1926), *Cousas* (1926)[22]. Penso que partiron, case todas, dos orixinais que se gardan ou expoñen no Museo de Pontevedra pois, aínda que non están datados, semellan ser o primeiro paso da evolución duns mesmos temas repetidos en diferentes momentos.

De calquera xeito, querería destacar neste estudio a forma de traballar de Castelao compoñendo os seus temas con motivos reutilizados en diferentes contextos, sempre ofrecendo unha imaxe que nos resulta coherente, fermosa e, sobre todo, que nela vemos reflectidos os aspectos esenciais da paisaxe e o mundo campesiño de Galicia.

## NOTAS

1 Queda ben de manifesto na carta que dirixe ó presidente do Centro pontevedrés de Bos Aires en marzo de 1944 (véxase, por exemplo, o artigo de Isac Díaz Pardo titulado «Castelao político» publicado en *A Nosa Terra*, maio de 1986) ou o que escribe en *¡Meu Pontevedra!* ([..] Volver a Pontevedra sería o mesmo que recobrar a moceade perdida [...] Vivo ou morto alá irei como se di que van os romeiros de San Andrés de Teixido.)

2 Véxase o Doc.1 onde Castelao se dirixe ós estradenses. Este texto foi recollido por Xosé Carlos Garrido no seu libro *Manuel García Barros: Loitando sempre*. Lugo, Edicións Fouce, 1995, p. 156.

3 Castelao foi un dos patróns fundadores do Museo de Pontevedra. Participou activamente no deseño de rehabilitación do Edificio Castro Monteagudo , aberto ó público en 1929. Será daquela cando se inicie esta colección coas doazóns do propio artista.

4 A acta de inscrición matrimonial no Xulgado municipal da Estrada pódese ver en: Paz Andrade, Valentín: *Castelao na luz e na sombra*. Sada, Edciós do Castro,1982, p. 76.

5 É posible que forme parte dalgunha das exposicións realizadas por Castelao en diferentes lugares. María Victoria Carballo-Calero (*Os Castelaos de Ourense*. Caixa Ourense, 1985, p.23.) menciona unha exposición en 1920 no Club Social desa cidade na que expón catorce cartóns con paisaxes pintados ó óleo. Este e outros que se expoñen ó seu lado reúnen estas características. María Luisa Sobrino escribe, na páxina 172 do catálogo da exposición *Castelao 1886-1950*, que os cadros ó óleo de Castelao adoitan ser anteriores ó ano 1917, aínda que fará con posterioridade algunha obra, das de menores dimensións, con esta técnica.

6 Relata Filgueira Valverde, no Tomo XL de *El Museo de Pontevedra* correspondente ó ano 1986 (p. 227 y ss.), os esforzos realizados para evitar que as obras que tiña Castelao na súa casa de Pontevedra fosen puxadas, conseguindo o Museo o seu depósito que despois de salvar moitas dificultades sería definitivo. A viúva e as as irmáns do artista cederían os seus dereitos atendendo os desexos que tiña expresado Castelao

7 José Antonio Durán no seu libro *El Primer Castelao. Biografía y Antología Rotas*. Madrid. Siglo XXI, 1972, p.122 cita o título dalgunha das case medio cento de obras que expón. Entre elas menciona «Una Rectoral» que podería tratarse desta acuarela.

8 Os personaxes do debuxo do Museo de Pontevedra permanecerán sen máis que inapreciables cambios en dúas obras máis pero nas outras dúas evolucionarán cobrando un maior dramatismo pois cambiará a posición do vello que se colocará á esquerda ó tempo que aparece moito máis encollido. A árbore que substituíra á igrexa será neles trocada por outras dúas.

María Victoria Carballo-Calero en op. cit., pp. 19 y ss. sinala moi ben a evolución entre as catro versións, a partir do debuxo de «*La Voz de Galicia*» e a conclusión no Álbum Nós. Non menciona, sen embargo, o debuxo no que aparece a igrexa e que debería ser o primeiro deste proceso.

X.María Monterroso Devesa, no seu libro *A Emigración en Castelao*. Montevideo, Patronato da Cultura Galega,1987, pp. 11 y ss. ademais de sinalar estas catro obras, menciona nunha nota ó pé da páxina unha quinta versión que viu na exposición

*Castelao 1886-1950* da que di que aparece unha igrexa. Deduzo que ten que ser esta do Museo, aínda que como xa queda dito nela, non hai referencia directa á emigración, como non sexa por comparación coas outras.

9 «O mundo campesino na obra gráfica de Castelao». *En Castelao 1886-1950.* Ministerio de Cultura, 1986, p. 188.

10 É unha mágoa ver hoxe en día como se está arruinando esta sólida construcción que polos anos nos que a debuxa Castelao estaría en moito mellor estado pois, como escribe Pedro Varela Castro en *La Estrada.* El Eco de Santiago, 1923, «la casa y finca que la rodea están dedicadas hoy a Estación Agronómica y pertenecen al Marqués de Aranda y Guimarey ...»

11 Datada entre o século XVI e o XVIII en *Pontes históricas de Galicia.* Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, 1989, p. 387.

12 Pedro Varela de Castro en op. cit., p. 172, ó describir a parroquia de Lagartóns, xa a califica como «puente viejo».

13 A versión facsímile foi publicada en 1986.

14 Seoane, Luís: *Castelao Artista.* Sada, Ediciós do Castro, 1984, p.11.

15 Os críticos contemporáneos destacan as súas cualidades como paisaxista.»Pequeña obra maestra de gran valor como paisaje, de gran valor como obra de género y de gran valor como estilización decorativa» escribe Manuel Abril no núm. 19 da *Ilustración Española y Americana* de 1915 . «Pero aún es más difícil superarle en la interpretación real del paisaje», escribe a propósito desta obra da que di que é moi popular polo gran número de ilustracións e revistas que a reproducen, Alejandro Barreiro en: *Del Arte Gallego. Exposición Regional de 1917.* La Coruña. 1917, p. 76.

16 Este conto, con lixeiras variacións ó ser un home e non unha muller quen chama a Castelao, constitúe a primeira parte da narración número catro do seu libro *Retrincos* titulada «O retrato». Este suceso, que Castelao adoita facer pasar por real, contouno a diversas persoas. Así Paz Andrade (op. cit., p. 106 - 107) relata o que, segundo el, é a versión verdadeira. Nela, substancialmente, cambia o final de «O retrato» que vai ser, curiosamente, semellante ó segundo conto que narrou Castelao a García Barros camiño do cume do Pico Sacro. Invito ó lector a que compare as diferentes versións. A min fáiseme moito máis crible, no caso de ter sucedido algunha vez, os dous contos relatados por García Barros.

17 Segundo Pedro Varela Castro, en op. cit., p. 114, esta sociedade fora fundada en 1907 por varios socios da Sociedade Casino que se deran de baixa por distintas desavenencias e querelas políticas. Os cadros son hoxe do Recreo Cultural que xurdíu como froito da reunificación das citadas sociedades .

18 María Victoria Carballo-Calero no seu traballo «Galicia: regionalismo, nacionalismo y nuevos lenguajes», publicado en *Centro y periferia en la modernización de la pintura española. 1880-1918.* Barcelona, Ministerio de Cultura, 1993, ó referirse a estes cadros fala, p. 347, de que esta arquitectura románica evoca o mosteiro de Carboeiro. Penso que non é así, nin dende o punto de vista das características da construcción nin dende o da paisaxe. O entorno do mosteiro benedictino á beira do río Deza é tan atractivo e suxerente que dalgunha maneira quedaría reflectido na obra, aínda que non se tratase de copiala como tal.

[19] No ano 1926 edítase *Cousas*. Está composto por dezanove narracións coas súas correspondentes imaxes. A maioría delas e a propia capa gárdanse no Museo de Pontevedra.

[20] Na parte superior dereita a estela ten un oco que sería froito da súa posterior reutilización. No debuxo de Castelao non se ve que este oco cumprise ningunha utilidade polo que non sei se Castelao debuxou a peza tal como estaba e a veu el, ou como lle contaron que estivera nalgún momento polo que tratou de debuxala como se imaxinou que estaría sen ter en conta este orificio.

[21] «Entre la Arqueología y la etnología: las cruces de piedra». *Castelao 1886-1950*. Ministerio de Cultura , 1986, p. 180.

[22] As obras do *Álbum Nós* (1931) foron creadas varios anos antes da súa publicación. Así sinálase no prólogo que o álbum foi composto entre os anos dezaseis e dezasete. O mesmo aconteceu cos debuxos de *As cruces de pedra na Galiza*. Estaban feitos antes do comezo da guerra civil.

# AOS ESTRADENSES

Por CASTELAO



ALFONSO R. CASTELAO

Conozo a Estrada dende fai moito tempo. Teño da Estrada tantas lembranzas vellas!. Eu tomaba o coche de Mato, cando estudaba en Sant-Iago, e marchábame á Estrada, onde tiña unha moza: a filla solteira de Don Camilo Pereira. Con ela me casei, van alá trinta anos, e alí tivemos un fillo, que foi a nosa mellor ilusión e hoxe é a nosa mágoa. Na Estrada topei c-un amigo entrañable, un irmán par-a causa que debía embeber a miña vida. Era Antón Lousada Diéguez, que agora xace co meu fillo, na mesma sepultura. Na Estrada contei con amigos inesquecibles, uns xa desaparecidos, outros desviados do meu camiño ideolóxico e os máis ainda fideles á causa galeguista. Senteime mil veces nos bancos públicos da Estrada, no anoitecer de mil dias, e alí despelexábamos aos caciques. Apaguei a miña sede na fonte da praza, onde corre a i-auga mellor do mundo. Deiteime nas carballeiras sombrizas da Estada, n-un abandono total do meu ser. Fun a moitas feiras e romerías. San Pedro de Tocdo!, San Lourenzo de Ouzande!, San Xulián de Guimarey!. Lin os semanarios estradenses, portavoces de moitas cruzadas políticas, e fun colaborador de "El Emigrante". Falei en moitos mitins de propaganda política: na Praza, no Mercado, no Campo da Feira... A derradeira vez que falei na Estrada foi na propaganda estatutista... Estaba eu falando a tres mil estradenses e voaba por riba de nós un avión que deixaba caer exemplares do noso Estatuto... Foi o derradeiro mitin a que asistin alá... e non-o podo esquecer. Ainda estou vendo a seis labregos montados en outros tantos cabalos, escoitándonos... En fin; a Estrada e o esceario en que se desenrolaron as mais punxentes esceas do meu pasado vivir. O mesmo apelido que eu levo procede da Ulla, d-un abó meu, que baixou á ribeira do mar coa mesma intención amorosa con que, decorridos moitos anos, rubin eu á montana.

Din que as campás de Liripio fan escorrentar os tronos. Ogallá que resoen en Bos Aires as campás de Liripio e fagan posible a unión de todol-os estradenses!. Que se xunten os rios estradenses e que o seu poderoso caudal desemboque n-outra mais poderosa unidade: na unidade patriótica dos galegos. E perdoádeme que vos manifeste este meu anceio, pois somentes teño dereito a facelo dispois de invocar o meu amor á Estrada.

Doc. 1

Fig. 1



**Castelao e a súa dona**
Lapis/papel
17,3 x 12,3 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 2



**"Eirexa románica"**
Óleo/cartón
37,5 x 52,3 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 3



**Igrexa de Ouzande**
Vista actual

Fig. 4



**Ábsida románica**
Lapis, acuarela/papel
12,7 x 17,9 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 5



**Rectoral**
Lapis, acuarela/papel
12,6 x 17,9 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 6



**El buen cura**
Óleo
42 x 52 cm.
Col. Alfonso Fidalgo Pereira

Fig. 7



Vista actual da igrexa de Ouzande e os seus arredores

Fig. 8



—Tes unha cara, rapaza, que lle levanta o rabo ó mesmo can de San Roque.

Debuxo publicado en:
***La Voz de Galicia***
Bos Aires, IX-1914

Fig. 9



**O consello do pai**
Augada/papel
34 x 23,5 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 10



GALICIA

DIARIO DE VIGO

NÚMERO 310 JUEVES, 26 DE JULIO

O DIÑEIRO, por CASTELAO

Por ganar un pouquiño mais de diñeiro, Farruco chega tarde pra revivir.

Por ganar un pouquiño mais do diñeiro, Farruco chega tarde para revivir

Debuxo publicado en:
***Diario Galicia***
26 de xullo de 1923

Fig. 11



**Torre e pazo de Guimarei en 1975**
Fot. Mario Blanco
(A vexetación impide na actualidade unha visión de conxunto)

Fig. 12



**Torre de Guimarei**
Estado actual

Fig. 13



**Torre de Guimarei**
Acuarela, lapis, tinta/papel
12,6 x 18 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 14



**Torre de Guimarei**
Acuarela, lapis, tinta/papel
12,6 x 17,9 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 15



-Escoita este refrán: "As casas dos señores van ás mans dos labradores".

Debuxo publicado en:
***Diario Galicia***
6 de xaneiro de 1924

Fig. 16

DOS VIEJOS AMIGOS



Los foros y las oblatas

Dibujo de Alfonso R. Castelao, para Suevia

Debuxo publicado en:
***Suevia***
5 de fecbreiro de 1916

Fig. 17



Debuxo publicado en:
***La Esfera***
Madrid, 19 de outubro de 1918

Fig. 18




**El último hidalgo de Gotera**
Debuxo publicado en:
***La Ilustración Española y Americana***
Madrid, maio de 1915

EL ÚLTIMO HIDALGO DE GOTERA, por CASTELAO

Se han podrido ya las maderas del caserón aldeano y en muchas de sus ventanas no hay cristales y los pájaros suelen entrar en las grandes estancias deshabitadas á formar sus nidos en las nudosas vigas. El último hidalgo de gotera, un poco misántropo, desdeñoso para los fuertes, quizá cariñoso amigo, bajo su empaque señorial, de los labriegos que le atienden y cultivan los cuatro palmos de tierra que aún quedan de la fortuna ya disipada; el último hidalgo habrá tenido acaso unos días de luz, cuando cursó su carrera en la universidad de una ciudad vieja y triste; luego, confinado en su casa solariega, retenido en ella por la pobreza, habrá olvidado aquellos días y, un poco hosco, estudiará el mundo al través de graves libracos.

Y un día morirá en cualquiera de las grandes salas de su palacio, donde los pájaros hacen nido. Y no le llorarán ojos de niño ni ojos de esposa. Y, después de su muerte, el palacio concluirá de desmoronarse. Caerán los techos, un año; otro año nacerán las ortigas en el amplio llar, y el escudo de piedra de la portada desaparecerá bajo la hiedra ...

Fig. 19



**Portada do pazo de Guimarei**
Lapis/papel
12,7 x 18 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 20



**Ponte con figuras**
Acuarela, lapis, tinta/papel
12,6 x 17,9 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 21



**Ponte**
Acuarela, lapis, tinta/papel
12,7 x 18 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 22



**Antiga ponte sobre o río Liñares**
Estado actual

Fig. 23



—O maiestro díxonos que o sol está quedo, ¿ti crêelo?
—Eu non, ¿e ti?
—Tampouco.

Debuxo publicado en:
***Suevia***
Bos Aires, 4 de marzo de 1916

Fig. 24



**"Cuento de ciegos"**
Debuxo coloreado.
Formaba parte do trítico premiado en 1915
42,5 x 57,5 cm.

Fig. 25



**Paisaxe**
Lapis/papel
12,8 x 18 cm.
Museo de Pontevedra.

Fig. 26



**Cego da Romería**
Óleo/lenzo
115 x 200 cm.
Recreo Cultural. A Estrada

Fig. 27



**Moza con cabuxa.**
Óleo/lenzo. 1914
Recreo cultural. A Estrada

Fig. 28



Debuxo para
***A Marquesiña***
Pluma/papel
31,7 x 21,7 cm.
Museo de Pontevedra



***A Marquesiña***
Pluma/papel
22 x 18 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 29



**Estela de Ouzande**
Lapis/papel
16,5 x 22,2 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 30



**Estela de Ouzande**
Lapis/papel
16,5 x 22,3 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 31




**Estela de Ouzande**
Lapis/papel
16,5 x 11,2 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 32



—¡Qué vella debe ser ista pedra!
—Supoño que será coma todal-as pedras.

Debuxo da serie
**Cousas da vida**

Fig. 33



**Entrada ó adro da igrexa de Guimarei**
Lapis/papel
13,3 x 19,8 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 34



**Entrada ó adro da igrexa de Gumarei**
Lapis/papel
13,4 x 19,7 cm.
Museo de Pontevedra

Fig. 35




**Debuxos referentes Á Estrada**
***As cruces de pedra na Galiza***
Museo de Pontevedra

# REFLEXIONES SOBRE UN LIENZO DE CORREDOIRA.

Javier Travieso Mougán

Fueron numerosos los artistas que a principios de siglo aspiraban, sin la menor cautela, a un reencuentro con el pasado, que se dejaban aleccionar por el saber, día a día, fortalecido de la evidencia histórica. Los pintores, arquitectos o escultores de entonces hacen acopio de muy diferentes estilos, los analizan y los recrean hasta que se los apropian sin el menor recato. Remover la historia íntegra del arte les da acceso a toda una maraña de recursos formales de la que extraen el tratamiento adecuado para cada tema.

Hoy nos preguntamos a qué obedecía esta actitud receptiva tan acusada, este diletantismo sin rubor. No hay ninguna duda de que influyó sobre ellos esa perturbación interior tan vehemente que trajo consigo el **desastre del noventa y ocho**, con una pretendida ansia de recuperación del ser más íntimo de España. También fue decisivo el desconcierto que provocaban las corrientes rupturistas de la Europa del momento. París irradiaba todas las sospechas inherentes a su condición de capital de las vanguardias y su influencia no se dejará sentir verdaderamente hasta el período de entreguerras.

A los aprendices de las escuelas oficiales de entonces se les inducía, por el contrario, a copiar con veneración las grandes obras de los maestros del barroco español en los salones del

Museo del Prado. Se les ponía en contacto con un arte entrañable, de la mayor garantía, sobre el que las espaldas de aquellos jóvenes pudieran reposar y cultivarse.

El gran lienzo que ahora nos ocupa responde de lleno a este ideal tradicionalista en la pintura. Se trata de un **retrato a tamaño natural del Rey Alfonso XIII pintado por Jesús Corredoira** en el año 1.915, a encargo del Marqués de Riestra para dar prestancia al salón de plenos del entonces reciente **Palacio Municipal de A Estrada**.

A la mediación y buen hacer de Juan Andrés Fernández debemos algunas curiosidades de interés: la tela fue recortada directamente del marco original tras la llegada de la República y permaneció oculta en un domicilio particular hasta que, concluida la guerra civil, fue instalada de nuevo en el Concello -parece que a regañadientes- por la nueva Corporación.

Por la década de los años sesenta fue sometido a restauración con excelentes resultados. El cometido lo llevó a cabo, en un local del propio Ayuntamiento, **D. Tirso de Guevara**, por entonces **restaurador del Museo del Prado**, gracias a la mediación del que era su director, el pontevedrés **Francisco Javier Sánchez Cantón**.

El deterioro o, muy posiblemente, la escasa calidad del marco original impulsó al alcalde de entonces, D. Mario Blanco Fuentes, a sustituirlo por uno de más valor. Después de varias gestiones se consigue que el Museo de Pontevedra haga donación de una gran moldura que, finalmente, resultó ser de menor tamaño que el previsto. El añadido -obra de un artesano local- puede apreciarse, por desgracia, sin dificultad.

De todos los elementos que integran la composición destaca sin duda ese cúmulo de pliegues blancos que inunda la tela. Todo un alarde de ropaje similar al hábito de aquellos monjes cartujos que despertaban la admiración de **Zurbarán** o de **Daniel Vázquez Díaz**. Se trata, como es bien sabido, del uniforme distintivo de las órdenes militares de caballería, con sus emblemas grabados sobre el pecho: Santiago, Calatrava, Alcántara y Montesa.

Al rostro del monarca le presta Corredoira, por el contrario, muy poca atención. Es probable que se trate de un remedo de alguna reproducción de cualquier revista de información de la época como *La Esfera o Blanco y Negro.*

El cromatismo adolece de esa austeridad que tanto lamentamos en Corredoira. Al igual que en toda su obra, podemos afirmar que este lienzo tiene más de *representación*, de dibujo ligeramente coloreado que de *pintura* en el verdadero significado del término. Se salva no por sus valores plásticos sino por la **nobleza de su porte** frente al espectador, por la sabiduría con que el artista se apropia de las recetas más sabrosas del arte español del Siglo de Oro, en especial las del pintor que trabajó para la corte del Rey Carlos II: **Juan Carreño de Miranda**.

Corredoira dirige así su mirada hacia la España de los Austrias que tan excelsos ejemplos aportó al arte del retrato. Al igual que en aquellos viejos pintores de cámara, en este óleo confluyen dos viejas tradiciones estilísticas dignas de considerar: la veneciana renacentista y la flamenca.

La primera de ellas recoge las enseñanzas de **Ticiano**. Tras el personaje se representa un fondo paisajístico, en este caso marcadamente leonardesco, que se vislumbra tras algún cortinaje, un mueble o alguna pieza arquitectónica de abolengo. La influencia flamenca es incluso más llamativa, por la frialdad cromática general, por la afición a los ropajes e incluso por la posición del brazo derecho del retratado, fiel a la herencia del pintor que introduce estos modos en la España del siglo XVI: **Alonso Sánchez Coello**, en su *Retrato de la Infanta Isabel Clara Eugenia.*

El empaque y la distinción que trasluce la figura del monarca, esa prestancia característica, es herencia, sin embargo, del buen hacer peculiar de un artista flamenco posterior, del retratista de la elegancia por antonomasia y figura de referencia en el siglo XVII en las cortes europeas a partir de ese momento: **Anton Van Dyck**.

No conviene difuminar, con todo ello, la notoria personalidad artística de **Corredoira**, ni desatender su circunstancia personal.

La neutralidad española en la guerra del catorce supuso un gran estímulo para la industria nacional y para la economía. Los artistas reciben por ello numerosos encargos. Nuestro artista, además, vive en este año de 1.915 el final de una etapa de transición hacia el que será su período más significativo. Por esta época está **D. Ramón del Valle-Inclán** redactando una obra que será decisiva en la evolución de los que dieron en llamarse *pintores literarios.* Se trata de *La lámpara maravillosa* que el ilustre don Ramón publicará en 1.916. Sus páginas serán un modelo de estética y de espiritualidad. Se nos habla de la recuperación de la mística antigua y de la ascética. Se nos invita a imitar la actitud de los grandes contemplativos. Es una **mirada hacia el pasado** en un tiempo en el que, como decíamos al principio, buena parte de la cultura se vuelca en la búsqueda de lo más excelso que la historia nos ofrece. Pensemos, por ejemplo, en los monjes de la abadía de Solesmes, que restauraron por entonces el Canto Gregoriano, milenario, en su máxima pureza; pensemos también en la recuperación del arte gótico, o incluso en la consideración que despierta la figura del **Greco** cuando se le rinde homenaje en la localidad mediterránea de Sitges en el año 1.902 con la inauguración de una estatua y se publican los primeros estudios de interés sobre su pintura. Es curioso comprobar, tantos años después , hasta qué punto este descubrimiento no resultó para nada enriquecedor en los pintores de aquel momento, entre los que se encuentra nuestro artista. Se asume un Greco vanal, escenográfico, falso, que sólo se atiene al tópico. Se echa en falta esa plasticidad tan sugerente, ese cromatismo tan vivo del pintor cretense. La consecuencia ya la hemos hecho notar. El pintor Corredoira, se recrea más en la *representación* que en la *pintura.* El artista que servirá de arquetipo a todo esto en España será el que posiblemente despertó mayor interés en el Corredoira estudiante en Madrid y que más contribuyó a configurar su estilo y, más en concreto, el del cuadro que comentamos. No es otro que el pintor popular por excelencia de la España de entonces: **Julio Romero de Torres**.

El pintor cordobés fue el modelo formal y estético de toda esta generación de artista literarios, de *pintores de almas,* que tuvieron su sede en **Santiago de Compostela**. Valle-Inclán y

Rubén Darío lo fueron en lo argumental. Sin embargo el más pintor de todos ellos , el compostelano **Juan Luis**, tras viajar por Francia decide avanzar hacia la luminosidad, hacia el vitalismo, dando rienda suelta a unas condiciones plásticas excepcionales. Así tenemos el retrato de Alfonso XIII del Ayuntamiento de Santiago de Compostela. La túnica que porta el monarca es, en este cuadro, una verdadera sinfonía de azules y malvas que complementan la blancura rutilante del ropaje.

Corredoira, por el contrario, acentúa su temática lánguida y se sumerge en la penumbra, en los rostros marchitos, en la nostalgia. Tampoco Corredoira dirige su mirada hacia la lejanía, hacia el oriente exótico, como los demás compañeros de generación. Corredoira mira al pasado, hacia aquello que todo pintor español lleva en la sangre, hacia el *Siglo de Oro* de nuestra pintura y en especial hacia el Greco y Luis de Morales. El punto de referencia sería, sin embargo, Julio Romero, como bien refleja el tenebrismo que caracteriza el cuadro, la frialdad cromática general, la estilización de formas e incluso una intensa evocación ancestral. Una atmósfera quietista característica del espíritu abacial de la Compostela de antaño que protagoniza varios capítulos de esa Lámpara maravillosa en la que don Ramón nos desvela su mundo interior de contemplación y de silencio.



**Retrato de Alfonso XIII.**
Propiedade do Excmo. Concello de A Estrada

# UNHA PARTE DA HISTORIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE A ESTRADA

Mario Blanco Fuentes

Aínda que, de principio, poida soar inmodesto, eu fun o "promotor" da Biblioteca Pública de A Estrada, pero funo de maneira non directa. Aí vai a explicación.

Seguindo o costume de hai xa moitos anos, os diarios *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*, que eran os que máis se vendían na Estrada, fixeron cadanseu número extraordinario co gallo das Festas Patronais do ano 1953 nos que adoitaban, e segue sendo costume, algúns veciños "atrevidos" publicaren artigos, sempre sobre temas e asuntos locais da actualidade e de tempos idos.

Naquel ano un destes atrevidos –disque a ignorancia é moi ousada–, fun eu, e en *El Pueblo Gallego* do 23 de xuño, co meu nome, inseriuse un artigo no que, ¡pobre de min!, falaba do pouco que se lía na vila, da pouca importancia que se lle concedía á cultura e da moita que se lle daba ó fútbol e cousas así, e lembro que remataba dicindo que no Axuntamento da Estrada -datos que eu collera no propio Concello-, había cáseque un cento e medio de establecementos autorizados para expender bebidas alcólicas e non había unha soa Biblioteca e só unha librería para a venda de libros [*documento 1*].

O costume quere que artigos desta natureza fagan gabanza do pobo en festas e non que amenten os defectos -que habelos hainos -, e, claro, este meu artigo levantou ronchas e proídos e foi de todos comentado e, como non podía ser doutra maneira, houbo opinións a prol e en contra do artigo e máis da miña persoa. Uns, que era boa verdade que había que falar claro e espertar as conciencias; outros, que quen era eu para lle poñer a borralla na fronte ós veciños; os de máis alá, que podía ser certo, pero non era o momento de falar desas cousas. No axuntamento, o alcalde e mailos concelleiros botaban lume. Houbo quen falou de non ler máis o xornal *El Pueblo Gallego* e mesmo de irlle co conto ó Gobernador Civil.

Lembro agora que botei as festas ben amargurado e moi arrepentido do que fixera, pois a piques estiven de ser declarado inimigo público.

E é que a cousa non quedou aí. Os veciños máis feridos no seu orgullo de estradenses *de pro* xuntáronse en consello e de común acordo resolveron que o asunto non ía ficar así e saltou un "valente", un meu amigo, estudiante de Medicina, que, un pouco xa a auga pasada, mandou outro artigo rubricado co seu nome e apelidos que se publicou no mesmo xornal o día 14 de agosto seguinte [*documento 2*].

Por ir asinado por un bo amigo -non o escribira el-, fillo e sobriño de moi bos amigos, doeume moito a case inimizade e insulto persoal que o artigo reflexaba, aínda que a *Nota da Redacción* do propio xornal na fin do artigo -nota na que implicitamente se me daba a razón e se recoñecía non ser tan disparatado o que dixera, o que, claro está, sentou moi mal ó contrincante "e amigos"-, consoloume un chisco.

Mais tampouco alí parou o choio. Non moito tempo despois, outro moi bo amigo, Loló Campos, don Manuel Campos Paseiro, daquela alcalde da Estrada -naqueles tempos eramos todos amigos ou cando menos coñecidos-, atopoume na rúa e, entre anoxado e triunfante, díxome con aquela súa roufeña voz:

*-Estoy gestionando la creación de una biblioteca pública y dentro de un poco ya tendrá La Estrada su biblioteca. ¡Ya puedes publicarlo en los periódicos!*

Despois da súa creación *oficial*, sobre os papeis, a posta en funcionamento da biblioteca tardou aínda bastante tempo, pois de entrada non había sitio para a instalar. Lembro que moitos paquetes de libros estiveron unha chea de tempo amoreados no Salón de Sesións do pazo municipal. Moitas veces lle preguntaba a Lolo Campos cando se botaba andar a cousa e sempre era o non facelo por culpa duns ou doutros.

Ó cabo, no xornal *La Noche* do 1 de decembro de 1954 –ano e medio despois do ditoso artigo meu–, veu a noticia da inauguración da Biblioteca [*documento 3*], que por fin meteuse nunha aula do Colexio "Inmaculada Concepción" na rúa de Serafín Pazo, facéndose cargo do posto de bibliotecaria a boa de María Pardo, profesora daquel centro que adquiriu esa obriga voluntaria, gratuíta e entusiasticamente

Como se ve neste documento 3, aínda seguía "proendo" o meu artigo, ó que case se fai causante da *mejora intelectual al estilo del Nuevo Estado.*

Non recordo o tempo que a Biblioteca botou nas devanditas dependencias pero o que si sei é que cando eu tomei posesión da Alcaldía, o día 1 de agosto de 1959, a Biblioteca -imos chamarlle así ós poucos libros arrumbados nuns estantes-, estaban na planta baixa do Grupo Escolar "José Antonio" no oco do corredor que dá a parte traseira do edificio, con piso de cemento e uns grandes ventanos de par dos estantes, que en días chuviosos metían auga a Deus dala poisque ese lado dá ó vendaval. Non había, ademais, nada que defendese os libros dos rapaces polo que ben pode supoñerse o que era aquilo. Facían falla unhas obras mínimas na planta de enriba do devandito centro escolar, que axiña se puxeron en marcha reinaugurándose a planta superior de alí a pouco. O corredor era de madeira, todo noviño e os rapaces, ó non ter máis saída esta planta superior que a escaleira que hai cara ó Poñente, non andaban tanto por alí. Así que, como por outra parte non había sitio mellor, se trasladou para alí -e para o mesmo oco que estaba embaixo-, o pouco que da biblioteca

ficaba. Pero tamén nas aulas de enriba -anque de maior idade e en menor número-, había rapaces, polo que, aínda co coidado dos mestres, os libros seguían expostos á *vindicta publica*.

Un dos que coidou dos libros ó cambialos para o piso de arriba foi don Plácido Castro Pena, Inspector Comarcal de *Primera Enseñanza*, ó que lle fixemos sitio alí, trasladando a súa oficina de Pontevedra para A Estrada. Tamén a secretaria da inspección botou unha man.

Para min, o estado da biblioteca era un motivo de preocupación constante, o que, dito sexa de paso, algúns "amigos" teimaban en lembrarme constantemente agora que tiña "a tixola polo mango", e facendo sempre alusión ó famoso artigo de 1953 que aínda non se esquecera. Así que me puxen en contacto coa xefa do Centro Coordinador de Bibliotecas de Pontevedra, Dª. Mercedes Alsina, señora que logo foi entusiasta defensora da nosa biblioteca e moi boa amiga persoal. Ela díxome que, se ía eu algunha vez a Madrid, visitase ó Xefe Nacional do Servicio de Lectura, que tiña o seu despacho na planta baixa e traseira do enorme edificio que alberga a Biblioteca Nacional, visita que por certo fixen na primeira ocasión que se me presentou de ir a Madrid. Aínda hoxe ben me lembro do agarimo e boa acollida coa que fun recibido polo devandito funcionario, don Luis García Ejarque, valenciano, do que logo fun bo amigo. Polo visto, non adoitaban ir por alí os alcaldes con bibliotecas. Resultou que, ademais de avogado coma mín, -o mundo é un pano-, era curmán dunhas amigas que coñecera eu nos meus tempos de soldado, cando o Corpo do Exército de Galicia entrou na fermosa capital do Turia ó se rematar a nosa guerra.

García Ejarque prometeume que se tiñamos un bo sitio na vila o Servicio de Lectura faría as oportunas obras para a biblioteca e mailo mobiliario sen ter que poñer o Axuntamento unha cadela, e tamén me prometeu vir á Estrada para ver o lugar de emprazamento. Xa dende antes de ser alcalde, lle tiña eu botado o ollo ó lugar onde finalmente se fixo; era unha especie de alpendre que había na Praza de Abastos, nunha rúa que, xa daquela, debía ter o nome de

"Padrón", ou senón se lle poñería por entón. O tal alpendre non daba outro servicio que servir, digamos, de *garaxe* do carro do lixo e mailo do que traía a carne do matadoiro, ámbolos dous carros, por certo, tirados por un cabalo.

García Ejarque veu, como prometera, á Estrada e, así, en sesión de pleno de 27 de abril de 1962 [*documento 4*] din conta da súa estancia na vila e da boa impresión que lle causou o sitio, pedíndome que lle fixera chegar un plano de situación e o proxecto de obra que fixera o arquitecto don Juan Argenti, quen, por certo, fora xa no ano 1924 o arquitecto da propia Praza de Abastos. O proxecto contemplaba facer toda a fachada exterior, botar o piso e rebocar as paredes dos lados e a do fondo. Tamén me asegurou o Xefe Nacional que me enviaría moitos libros do Servicio, como así fixo tanto mentres duraban as obras como unha vez rematadas.

Mentres se realizou o proxecto e o aprobaron, e o Ministerio aprobou o gasto e o librou pasou bastante tempo. E eu fervía. Escribín cartas e sempre que ía a Madrid pasaba por alí; e por fin mandaron o proxecto e o presuposto, que non era moito. Por un lado isto, e, por outro a dúbida de cando se pagaría, provocou non atoparmos un contratista que se quixese meter á obra. A miña boa amizade con Alfonso Carballo e o seu socio Rocamonde salvaron a situación. Ó cabo, púdenlle mandar ó arquitecto Sr. Argenti os nomes da empresa constructora, proposta que segundo carta de Dª. Mercedes Alsina [*documento 5*] saía para Madrid o 16 de marzo de 1965. De aquí endiante, o choio foi xa moito máis apresa. Como se ve nesa carta, xa estabamos pensando en adestrar algunha señorita que se encargase da Biblioteca, pero ó fin foi un empregado municipal, don Manolo Rey Seijo, *Zabala*, o que se puxo á fronte.

E mentres a obra ía para adiante, eu buscaba libros por onde os houbese...gratis. Pedín á Direccion Xeral de Difusión, libros que eran todos, ou case todos, da Editora Nacional, ou sexa propaganda do Movemento [*documento 6*: por certo, anotado da miña man *Paquetes 7 pequeños. 1 grande*]. No entanto, mandaron o deseño dos mobles, mesas,

estanterías, mostrador dos préstamos, revisteiros e demais, para seren feitos en madera de castiñeiro, e tamén mandaron os cartos do presuposto, así que mobles entregados, cartos na man. Isto, claro, animou bastante ós moitos carpinteiros e ebanistas do concello, que presentaron oferta en pregos fechados. Abríronse os pregos en presencia de todos na Alcaldía, uns sete ou oito. Todos pedían máis que o presuposto. O Sr. Benito García, bo carpinteiro e home serio e cumpridor que tiña o taller na Travesía da Igrexa, fixo a oferta polo presuposto e quedou co choio co beneplácito de tódolos presentes. E abofé que debeu facelo ben, pois cando o Señor Argenti examinou os mobles non lles puxo a máis mínima chata.

As cartas do Señor Sánchez Muñoz de 16 de agosto e de D. Luis García Ejarque de 5 de novembro e de 3 de decembro, as tres do ano 1965 [*documentos 7, 8 e 9*] cóntannos o que pasou neses meses.

Pero, nese tempo, o corresponsal aquí na Estrada de *Diario de Pontevedra*, coa pretensión de meterse comigo, publicou un artigo titulado "De la Biblioteca Municipal", [*documento 10*], que eu debín ler sen lle facer moito caso, pois era cousa de tódolos días e ben sabía eu quen era o autor. Pero o que revela a importancia que outros lle deron é que o Señor García Ejarque ó enteirarse lle escribiu a Dª. Mercedes Alsina, e esta a min, [*documento 11*], para facer unha aclaración. Fíxoa o Centro Provincial de Coordinación de Bibliotecas e publicouse no mesmo *Diario de Pontevedra* cunha disculpa da redacción do xornal. Sinto ben non ter esta publicación, pero recordo que era dura.

O local quedou moi ben. Con grandes fiestras ó medio día e boa iluminación pola noite. A pranta de abaixo cun servicio hixiénico, mostrador do encargado, arranque da escaleira para o piso de arriba e sala de lectura para os rapaces e picariños. E no piso de enriba, sala de lectura para adultos e mozos. As letras da fachada fíxoas Alfonso Sanmartín, de ferro, pintadas de negro, que foi un invento seu.

Os fondos foron, de principio, os poucos libros que estaban no Grupo Escolar e o diccionario Espasa completo que

estaba nas oficinas do Axuntamento morrendo de risa. Teño unha nota de que eran 70 tomos, 10 apéndices e 9 suplementos ata 1953-54. Tamén estaba o pouco coñecido e moi bo diccionario Madoz, en varios tomos, obra que ten para nós moita importancia porque os datos do Concello da Estrada e mailos da bisbarra foron proporcionados no seu día por Don Marcial Valladares, que coñecía moi ben este territorio. E no despacho da Alcaldía había moitas caixas cheas de libros que foran chegando mentres se facían as obras. Mercáronse tódalas publicacións de Galaxia e o ricachón de Cereixo, Don Maximino Rodríguez Rey, presidente da Casa de Galicia en Bos Aires, mandou un bo lote de libros galegos. Con eles xuntos nun estante e os de Galaxia, púxenlle un letreiro que dicía "Biblioteca Galega", o que non lle gustou a moitos, especialmente ó Gobernador, e houbo que sacalo. ¡Qué tempos!

Fíxose tamén unha subscrición ós xornais *Faro de Vigo, El Pueblo Gallego, La Voz de Galicia, La Noche,* e o *ABC*, e tódalas semanas mercábase algunha revista na de Rosarito Silva, co que estaba ben servida a atención dos lectores. Os pequenos ían moito a ler contos (o meu fillo Juan recorda moi entrañablemente o gusto con que ía ler tódalas tardes os contos de Tintín dos que, por certo, había unha colección completa), e os maiores, ás mañáns, a ler o xornal e pola tarde moitos estudiantes do Instituto.

Por primeira vez no Axuntamento da Estrada fíxose figurar no presuposto unha boa partida para a atención da Biblioteca que, anos despois, foi rebaixada ata ficar case reducida á nada. Non sei se na actualidade existe tal partida; coido que sí, aínda que non ha ser moi farta.

A Biblioteca, na súa nova casa, foi inaugurada o 21 de outubro do ano 1965, con asistencia do Gobernador Civil e outras persoas de Pontevedra, entre ellas, Dª. Mercedes Alsina, e bendecida polo noso cura párroco D. Manuel Castiñeiras, que precisamente ese día tomara colación de tal cargo. Foi a primeira ceremonia que fixo fóra da Igrexa, o que lle gustou moito.

Alí estivo a Biblioteca, na súa nova casa, uns anos. Pero chegou o malfado día en que o Concello acordou tirar embai-

xo coa fermosa e seria Praza de Abastos e facer no sitio ese enxendro que agora temos. E aínda que non era necesario para o que fixeron, tamén derrubaron a Biblioteca, e unha vez máis, arrearon cos libros e mobles para onde estivera cando naceu, o edificio alugado polo Concello, había xa moitos anos, na rúa de Bedelle, ou Serafín Pazo. E alí estiveron os libros nunha aula fría, húmeda e tristeira, tan debían estar que eu, que sempre lle tiven moito aprecio ós libros e ía alí moitas veces, lle debín escribir a Dª. Mercedes Alsina, quen me contestou dicíndome que a atopou *de pena* nunha visita que por aquí debeu facer [*documento 12*]. O Alcalde prometeulle ofrecer un solar céntrico para facer un edificio novo...*ad calendas græcas.* Aínda estivo aló un bo cacho de tempo, ata que, ó quedar valdeiro o edificio do Instituto, na Baiuca, por ir para o novo que se fixo na Caldesiña, volta outra vez a arrear coa biblioteca para alí. Pero esta vez que pode ser definitiva, saíu gañando para unha boa instalación, unha aula luminoso e axeitada. É unha grande sorte, xa que está o cargo da biblioteca unha persoa que lle ten grande agarimo e con competencia abonda para atendela e coidala como é mester.

**Documento nº 1.**

**FISONOMÍA CULTURAL DE LA ESTRADA.**

**Por Mario Blanco Fuentes. Abogado.**

*Repetidas veces y con harta frecuencia, en los números extraordinarios, que con motivo, especialmente en nuestras fiestas, publican los periódicos regionales, hemos leído trabajos y artículos encomiásticos de la hermosura, modernidad, riqueza, pujanza económica y demás lindezas de nuestra villa. Todos, a través de* **El Pueblo Gallego**, *"Faro de Vigo" y "La Noche" -nuestros diarios locales- saben de nuestra vitalidad, de nuestra industria, de nuestras calles limpias y modernas y de las grandes obras y avenidas que nuestros munícipes, en las variadas ocasiones en que se les dio para decirlo, han llevado a cabo y tienen aún en proyecto. Hay, y ello es cierto, un general conocimiento en la región y quizá fuera de ella de que La Estrada es una villa de las que, en el aspecto económi-*

*co van en vanguardia, y como hoy lo frumentario es lo que priva - primus vivere, deinde philosophare - es por ello general también el bombo y chinchín para esta faceta, interesante desde luego, que se dedica en los periódicos a nuestra villa y de la que muchos estradenses estamos muy pagados. Pero hay otro aspecto, el de mayor importancia, del que, por lo poco o nada que se ha tratado, precisamente por la poca importancia que se le da, creemos tiene relevante interés en ser tratado: el aspecto cultural de La Estrada.*

*Sentemos un hecho que nos explica, en parte, lo que expondremos: la villa de La Estrada es muy moderna, está en plena juventud con toda la fuerza y optimismo que comunica esta edad a las persona y a los pueblos. La Estrada -nos referimos siempre a la villa- no tiene historia, no tiene solera. Es una población formada de aluvión, por gentes venidas de diversos lugares, las que aún no estamos ligadas por los lazos de familia, arraigo y tradición que dan una fisonomía propia, por las directrices de sus cabezas rectoras, a los pueblos pequeños. La Estrada es, por eso, un pueblo nuevo, formado de familias y gentes que viven exclusivamente de su trabajo, bien en profesiones liberales, bien dedicadas al comercio o a la industria. Si algún día se volviese a reformar el actual híbrido escudo que reemplazó al antiguo, el primitivo y verdadero, habría que añadir a nuestro simbólico cuartel de dos ángeles llorando sobre una tumba, otros dos simbólicos de nuestra villa de hoy: una sierra de cinta y un mostrador.*

*La industria y el comercio, muy poco la agricultura, son la dedicación principal de los habitantes de la villa. Ellos dan toda la fuerza económica que hoy tenemos, pero Mercurio y Vulcano, aunque no se hallen totalmente disociados no van muy hermanados con Minerva en la vida de los pueblos pequeños.*

*No vamos a estudiar el aspecto cultural de La Estrada desde el ángulo de la cultura docente, bien y eficazmente representada, aunque sí podemos recordar de pasada que nuestras escuelas de Primera Enseñanza, pocas y mal instaladas esperan -y nosotros también- la terminación del Grupo Escolar comenzado hace más de veinte años, aún no acabado y hoy*

*convertido para vergüenza de quienes deben impedirlo, en evacuatorio público, si bien clandestino.*

*Nuestro estudio se centra más bien sobre la cultura actual, sobre la cultura ambiente, sobre el afán de elevación espiritual, sobre el afán, en una palabra, de cultura.*

*Como todos los pueblos modernos, abiertos y con radio, La Estrada tiene un nivel cultural general a todos los pueblos de iguales condiciones de España, pero tiene un capital defecto que la coloca por debajo de otros pueblos, afirmación que hacemos con datos perfectamente contrastados y ponderados: en La Estrada se lee muy poco o casi nada. El mal no está ubicado solamente aquí y es, como sabemos, producto de diversas causas y factores y tema de profundos estudios, pero aquí se nota con destaque no bien se fija un poco la atención. En nuestra villa no hay una sola biblioteca pública, si bien existen algunas privadas, y muy pocas, de acceso para un reducido círculo de amistades y además poco surtidas por el desembolso económico que hoy supone tener bien atendida una biblioteca particular de literatura general. En contra, y según datos facilitados por la administración de rentas municipales hay cincuenta y siete establecimientos en la villa que pagan su correspondiente matrícula por la expedición de vinos y licores.*

*No escasean en la villa personas que por su instrucción y medio en que se han criado tienen indudablemente una perfecta educación en el verdadero sentido de la palabra y quizás pasen del centenar las que han pisado las aulas universitarias en las que debieron complementarla o al menos conocer el camino para ello. No faltan tampoco, claro es, prestigiosas figuras de profesionales competentes y estudiosos en las privativas materias de sus respectivas profesiones. Pero llegan los dedos de una mano para contar los que saben que existe una editorial "Galaxia", pongamos por ejemplo, y han leído las interesantes publicaciones y trabajos que en sus cuadernos han publicado, ruta abierta a toda apetencia cultural. No serán muchos más los que conozcan los estudios del Seminario Padre Sarmiento, las publicaciones de "Bibliófilos Gallegos", editorial "Porto" etc. Y si esto pasa en La Estrada respecto a las*

*obras y corrientes espirituales más allegadas a nosotros, por sus temas gallegos y de nuestra personal idiosincrasia, difícil es se conozcan los temas y quehaceres literarios de otras latitudes. ¿Quiénes saben y se han preocupado de leer las nuevas normas de prosodia y ortografía publicadas por la Academia de la Lengua, en materia que todos manejamos diariamente? ¡Sería curioso saber cuántos de los que actualmente debíamos tener noticia de ello, pueden afirmar qué autor y qué obra obtuvo el premio Nadal último!*

*Y cuéntese que en La Estrada se venden diariamente los diarios de Vigo, "La Noche", algunos ejemplares de los más conocidos diarios de Madrid y alguna que otra revista gráfica de actualidad y que hay dos librerías en las que aparte de los periódicos y revistas tientan en sus escaparates con algún que otro libro o novela de actualidad y clásicos. Pero de los periódicos, interesa, no sólo a los jovenzuelos, sino también a personas mayores, más lo de que si el Celta que si el Deportivo; que si Risco o Dolores Medio.*

*De aquí que en tiempo de competición de liga de fútbol se espere con impaciencia y se lea con avidez la hoja de deportes de los lunes de "La Noche"y son contados -¿cuántos?- los que aguardan la del sábado para saborear su página literaria.*

*Nos dirán algunos si solamente en la lectura y en los libros está la adquisición de cultura, y les contestamos: para nosotros, sí. En La Estrada no se puede -hoy al menos- tener otra fuente que nos diga lo que dicen quienes se dedican a pensar en los libros y la letra impresa, ya que cualquier otra manifestación del intelecto humano en lo que no sea ciencia aplicada, no puede llegarnos por otro medio. Tenemos, sí, la radio, pero ésta, sin una previa selección espiritual nos aburre con un concierto estupendo y preferíamos "Fiesta en el aire", manifestación de arte incipiente y por ello falta de interés.*

*De pintura, música ..., sólo conocemos unos espaciados conciertos por nuestra banda local, que por su constitución y deficiencia, nos obliga a escuchar, en programas de "numerus clausus" selecciones musicales ya harto conocidas.*

*¿Sociedades o actividades culturales colectivas? Tenemos una sola, el oficialmente Recreo Cultural, el Casino para andar por casa. De su ambicioso título oficial, solamente en parte responde al primer elemento, contra los repetidos y vanos esfuerzos de algún entusiasta directivo por elevar el nivel del segundo. Unas conferencias sin ton ni son de pascuas en viernes, escuchadas con más atención que interés por carente de él para la mayoría de los asistentes, y ahí acaba todo. Otro ejemplo: ha adquirido hace ya una larga temporada un ciento de ejemplares de obras literarias de la editorial Aguilar, de Madrid, para su inútil, famélica e innecesaria biblioteca, y allí están: envueltos aún en la pulcra cubierta de celofán que trajeron de la casa vendedora, sin que, ni por casualidad, alguno se molestase en saber si eran cajas de bombones o libros.*

*El mal es endémico y aunque nadie se murió por ignorancia de saber, y parece que se vive más felices en la ignorancia, puesto que para algunos la felicidad se concentra en el conocimiento perfecto y manejo de las tablas aritméticas, es una pena pensar que en una villa dinámica, alegre y moderna, pujante económicamente, haya medio centenar de tabernas públicas y ni una sola biblioteca.*

*EL Pueblo Gallego. 23 de Xuño de 1.953*

## Documento nº 2
## LA CULTURA ESTRADENSE.
## Alfonso Varela Durán.

*Hace cuestión de un mes,* **El pueblo gallego** *publicó, con motivo de las fiestas patronales de La Estrada, entre otros, un artículo del abogado don Mario Blanco. Sé que es un poco tarde para salirle al paso. Mi intención fue hacerlo antes; pero creí oportuno esperar y ver si otros con más condiciones lo hacían.*

*Después de haber leído el citado artículo, pienso que su autor hubiese estado muchísimo más acertado no dándole el título de "Fisonomía de la cultura estradense", sino el de "Fisonomía de la incultura de La Estrada". Digo esto porque*

*creo que estaría más acorde con la amplia y detallada exposición que de la ignorancia de nuestro pueblo hace.*

*Comienza diciendo que después de minucioso contraste efectuado por él, llegó a la conclusión de que en La Estrada no se lee nada o casi nada. No sé qué medios habrá empleado para realizar dicho contraste; pero de lo que no hay duda, al parecer, es que, desde el punto de vista cultural, estamos "contrastados", y que, gracias a esto, pudo el articulista darse cuenta del alarmante estado de incultura en que estamos sumidos; estado del que parece estar dispuesto a sacarnos don Mario, para lo cual, enarbolando el pabellón de la sabiduría y a manera de prólogo, hace exhibición de sus amplios conocimientos, especialmente en lo que respecta a "editoriales y similares"....*

*Me imagino (y esto disculpa hasta cierto punto su postura) que al tratar tan delicado tema, lo hizo pensando más en el lucimiento personal que en lo otro. Grave equivocación, ya que para eso hay temas mucho más generosos, que con un pequeño juego de palabras, amén de unos cuantos latinajos sabiamente administrados, sacian siempre o casi siempre las ansias literarias del escritor.*

*¿Qué importancia podrá tener, señor abogado, el que la mayoría desconozca la existencia de "Galaxia", "Bibliófilos Gallegos" etcétera, etc.? Es muy probable que haya muchos señores que, por ejemplo, han leído "Saudade", de Ramón Piñeiro sin fijarse si quien edita es "Galaxia", "Bibliófilos" o "Espasa"... No vemos mal que si a Blanco Fuentes le sobra el tiempo, lo aproveche en ampliar sus conocimientos a base de esas menudencias y de otras muchas más. Lo que no puede ser es que quiera titular de incultos a los que no disponen de ese tiempo.*

*Desde luego, es una posición harto cómoda la de retener los nombres de editoriales y títulos de obras, porque esto permite hacer alardes de conocimientos personales con poco esfuerzo mental y con un mínimo de gasto...*

*Una de las cosas que más me anima a creer, como decía antes, que el fin principal de su escrito fue el puramente exhibicionista, es que estando tan íntimamente convencido como*

*está, del bajo nivel cultural que poseemos, no preocupándonos, según él, de la ortografía, se permita ofrecernos en sus líneas frases en latín. Lo lógico, después de la conclusión a la que llegó, era que nos ofreciera un castellano facilito, sin complicaciones y, a poder ser, en letra mayúscula.*

*Siempre tuvo el sapientísimo letrado de quien nos ocupamos una honda preocupación en dar publicidad a sus grandes conocimientos y al mismo tiempo controlar a los demás. Lo que no sabíamos era que alcanzaba tanta variedad, lo que le autoriza a hablarnos de música, editoriales, escudos, etc...*

*Ya sabemos, docto señor, que el escudo de La Estrada podía llevar una sierra de cinta y un mostrador y muchas cosas más representativas de su pujante y variada industria; pero al hacerlo así, además de recargar burdamente nuestra heráldica, quizá fuera una pedantería innecesaria, pues de sobra se conoce a La Estrada, sin reclamos, a los que al parecer es muy aficionado don Mario Blanco Fuentes, quien se cuida mucho de poner al pie del artículo su título de Abogado, seguramente para que los lectores no se confundiesen.*

*No se preocupe, que tomaremos nota de sus consejos. Y no nos olvidaremos de que el escudo de La Estrada lleve todo lo que dice, reservando un hueco para una biblioteca particular, de la cual él tiene noticias, y a la que los nativos del país tenemos que rendir pleitesía, puesto que gracias a ella y a sus lectores podemos el resto, tener noticias sobre "premios Nadales" y demás facetas literarias.*

**Nota de la Redacción.**- Admitimos esto recelando un poco, por las derivaciones personales que pudiera tener cierta clase de polémicas. Y aunque excediéndose tal vez en las ponderaciones y fallando quizás en los argumentos, creemos que el señor Blanco defiende la causa útil. Realmente ignoramos los medios de "contraste" de que puede disponer, pero lo que sí es cierto es que las estadísticas, la falta de venta en las librerías y de movimiento en las bibliotecas, demuestra que no sólo en La Estrada se vende muy poco. Este tema se trató reiteradamente desde las columnas de este periódico en las secciones "Perfil" y "Opiniones", en artículos del señor Cossío y otros que tienen medios de "contraste" o al menos deberían tenerlos por su calidad de maestros. Entre la posición del señor Varela y la del señor Blanco creemos que hay una posición más justa, a saber: en España se preocupa poco la gente de la enseñanza y de la discencia, y la manera de conseguir que nuestra situación cultural mejore no es llamarnos unos a otros incultos, sino demostrarnos recíprocamente las ventajas de la cultura, edificarnos mutuamente, sin pretender la exclusiva de la sabiduría, ni la preponderancia sobre los demás, preponderancia que como el movimiento se demuestra andando.

*El Pueblo Gallego, 14 de Agosto de 1.953*

## Documento nº 3

## LA ESTRADA YA CUENTA CON UNA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

## Crónica de Alejandro Requejo.

*Hoy procede dejar constancia en estas páginas de la inauguración de la Biblioteca Municipal de esta villa, adscrita al Servicio Nacional de Lectura. Aunque la concesión por el Ministerio de la misma data de algunos meses, su puesta en funcionamiento vino retrasándose para permitir la instalación total, y ésta coincidió con dos fechas dignas de resaltar: el aniversario de la muerte del fundador de la Falange y la renovación de ediles municipales. Es una clara manifestación, y no precisamente simbólica, de lo que pueden hacer los regidores de un pueblo cuando, además de capacidad, tienen deseos de acertar y saben obrar así, porque este centro cultural queda vinculado a un nombre: al del Alcalde, D. Manuel Campos Paseiro.*

*Las noticias de su creación se tuvieron cuando hacía un año que en un periódico de la región se había publicado un artículo que puede resumirse en una frase: "La Estrada, villa de cien tabernas y sin ninguna Biblioteca". Recordemos que ese escrito produjo cierto revuelo y fue muy discutido, pero en el ánimo del alcalde caló hondo. Era como un guante arrojado a la cara de su villa. Él lo recogió y con una labor callada, oculta y silenciosa, madurada a través de los trámites legales, sin albaracas, al estilo del Nuevo Estado, logró esa mejora intelectual.*

*Pero es deber de justicia, dando a cada uno lo suyo, recordar el apoyo incondicional que para la obtención de la biblioteca, le prestaron los señores Fernández Villamil, Director de la de Pontevedra, y Pérez Búa, Inspector de la zona del N.O. a los cuales La Estrada debe agradecimiento por sus desvelos. También hay que señalar la colaboración desinteresada del Licenciado en Filosofía y Letras que gratuitamente se encarga de la función de Bibliotecario. Es un rasgo que necesariamente se debe subrayar tanto más que esa persona no es natural de la villa, aunque con su trabajo quiere devolver a ella el acogimiento con que la recibió haciéndola una vecina más.*

*La Estrada pues avanza inexcusablemente en su progreso cultural. El nuevo instrumento para los estudiosos se une al pujante Centro de Enseñanza Media, que con el sacrificio del Ayuntamiento, va formando generaciones de estradenses.*

*La Noche. 1 de Decembro de 1.954*

EXCMO. AYUNTAMIENTO
DE
LA ESTRADA

Negociado ..................

Núm. ..................

D. ANTONIO REINO MARTINEZ, OFICIAL MAYOR, SECRETARIO INTERINO DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE LA ESTRADA (Pontevedra).

C E R T I F I C O: Que el Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el dia veintisiete de abril de mil novecientos sesenta y dos, adoptó entre otros, el acuerdo siguiente:

"14º.- INSTALACION BIBLIOTECA PUBLICA.- El Sr. Alcalde da cuenta de visita realizada a este Municipio por el Jefe Nacional de Lectura y de la buena impresión que le causó el sitio de emplazamiento de la Biblioteca Pública en el hueco sobrante en el lindero Sur de la Plaza de Abastos siempre que se realicen las obras correspondientes para su instalación de planta baja y piso. Se acuerda por unanimidad señalar tal local que linda con la Travesia de la Plaza de Abastos y por los demás linderos con la Plaza, realizándose los trámites correspondientes para lograr los medios financieros e instalación en su dia".

Para constancia y surta los debidos efectos, expido la presente de orden y con el Vº Bº del Sr. Alcalde en La Estrada a cuatro de mayo de mil novecientos sesenta y cinco.

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE LA ESTRADA * SECRETARIA *

Vº. Bº.
EL ALCALDE,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE LA ESTRADA * ALCALDIA-PRESIDENCIA *

CENTRO PROVINCIAL
COORDINADOR DE BIBLIOTECAS
PONTEVEDRA

16 de marzo de 1965

Sr. Alcalde del Ayuntamiento de
LA ESTRADA

Mi distinguido amigo:

Contesto a su carta recibida ayer, y me complazco en comunicarle que co fecha de hoy salen para Madrid las ofertas de contratistas que me ha enviado el Sr. Argenti.

Tenga la seguridad de que iré encantada en cuanto Vd. me avise para ultimar detalles de la Biblioteca y conseguir, entre todos, algo tan bonito y funcion como La Estrada se merece.

Con refernecia a las Srtas. que deberan venir para conocer el funcionamito de una Biblioteca me tiene totalmente a su disposición y en el momento que V crea oportuno, segun vea la marcha de las obras del edificio, me avisa para que nos pongamos de acuerdo en la fecha en que ha de venir.

Un cordial saludo.

Documento n.º 6

El Subdirector General de Difusión

Madrid, 21 de febrero de 1964

Ilmo. Sr. D. Mario BLANCO FUENTES
Alcalde del Excmo. Ayuntamiento de
LA ESTRADA (Pontevedra)

Mi estimado amigo:

En respuesta a su carta de 19 de febrero me complazco en comunicarle que he dado orden para que le envien un lote de libros con destino a la Biblioteca pública de esa Corporación.

Reciba un cordial saludo de su affmo. amigo,

J. Benítez Lumbreras

S[illegible]IO NACIONAL DE LECTURA

OFICINA TÉCNICA

AV. CALVO SOTELO, 20, PLANTA BAJA

Madrid, 16 de agosto de 1965

Sr. Don Mario Blanco Fuentes
Alcalde del Excmo. Ayuntamiento de <u>La Estrada</u> (Pontevedra)

Muy Sr. mío:

En ausencia del Jefe de esta Oficina Técnica, Don Luis García Ejarque, contesto su amable carta de 2 de los corrientes, asegurándole que él se alegrará de que esa Biblioteca Pública Municipal pueda ser un modelo en su género y puede estar seguro que se le enviará un lote para incremento de los fondos de que disponen en ella.

En cuanto a su asistencia a los actos de inauguración, no creo le pueda ser posible, pues hace ya bastante tiempo que no viaja y, además, el trabajo que se le ha ido amontonando en la Oficina, para cuando regrese de sus vacaciones, constituirá otro impedimento, no obstante lo cual, estoy seguro, se lo agradecerá muy de veras.

Como el Sr. García Ejarque regresará del lugar donde se encuentra pasando unos días, hacia el 15 del próximo mes de septiembre, puede V. escribirle a partir de esa fecha, consultándole cuanto desee, en la seguridad de que le resolverá todas las dudas que puedan surgirle.

Con este motivo aprovecha la ocasión para quedar de V. atento s.s.

Vicente Sánchez

Vicente Sánchez Muñoz

Núm. 4712

**Documento n.º 7**

AV. CALVO SOTELO, 22
TEL. 275 63 34 - MADRID. 1

5 de Noviembre de 1965

EL JEFE DE LA OFICINA TECNICA DEL
SERVICIO NACIONAL DE LECTURA

Sr. Don Mario Blanco Fuentes
Alcalde del
Excmo. Ayuntamiento de
LA ESTRADA (Pontevedra)

Mi querido amigo:

Celebro mucho que ya inauguraran oficialmente su nueva Biblioteca Pública Municipal y agradezco una vez más sus continuas atenciones, que esta vez se concretan en mantenerme informado de dicho acontecimiento del que daremos cuenta en el Boletín de la Dirección General de Archivos y Bibliotecas.

Aunque tardemos, no pierda la esperanza de recibir los libros que le prometí.

Le abraza afectuosamente su buen amigo,

-Luis García Ejarque-

SERVICIO NACIONAL DE LECTURA
- 5 NOV 1965
Núm. 6 ...

**Documento n.º 8**

EL JEFE DE LA OFICINA TECNICA DEL

SERVICIO NACIONAL DE LECTURA

AV. CALVO SOTELO, 22
TEL 275 63 34 - MADRID. 1

3 de Diciembre de 1965

SERVICIO ... LECTURA
Fecha ... - DIC 1965
Núm. 7518

Sr. Don Mario Blanco Fuentes
Alcalde del
Excmo. Ayuntamiento de
LA ESTRADA (Pontevedra)

Mi querido amigo:

El 29 de Noviembre ha salido para ésa un paquete conteniendo el material que me solicita en su carta de 25 del mismo mes.

Le agradezco mucho dicha carta y las fotografías que a la misma acompaña. Bien a las claras se ve que tales fotografías no las ha hecho Vd. Sin embargo, se advierte igualmente el cuidado que ha puesto Vd. en la construcción e instalación de la Biblioteca. Pero me creo en la obligación de advertirle que, a la vista de las fotografías interiores, se descubre que la colocación de los libros no es la correcta de abajo a arriba y de izquierda a derecha, según podrá comprobar en mi manual. Esto quiere decir que el Espasa está muy mal colocado ocupando la última tabla de una serie de cuerpos de estantería. Convendría que la organización de los libros fuese correcta.

Ya sabe que todas sus cartas son siempre muy bien acogidas puesto que me consta su extraordinario cariño por la Biblioteca y sus deseos de ponerla a la altura de las mejores. Confiando en que lo consiga muy pronto, le abraza su buen amigo,

-Luis García Ejarque-

**Documento n.º 9**

## Documento nº 10
## LA ESTRADA. DE LA BIBLIOTECA MUNICIPAL.
## (Sen firma)

*Resolver los problemas que se tiene planteados La Estrada, no ofrecen una máxima dificultad. Ni es obra de titanes, ni tampoco lo es, por el contrario, de pusilánimes. Aquí hacen falta personas con decisión, valentía propia del caso, deseos de que su pueblo prospere, iniciativa y peso. Aparte de ello, total independencia y amistades. Más o menos, esa es la clase de personas que estamos deseando en La Estrada. ¿Las hay? ¿No las hay? Esa ya es una cuestión que a nosotros no nos incumbe o por lo menos, que tratamos de esquivar. Que hay gente entre nosotros, en quien concurren muchas cosas buenas, eso no hace falta recordarlo, no hacerlo público. Que acaso no tengan todas las cualidades que se desean, también es cierto. Pero hay otros que no tienen ningunas.*

*Muchos problemas se hubieran logrado resolver si es que hubiese deseo de ello. O intención, simplemente. Así se pueden hacer muchas cosas. Por eso mismo, cuando una persona se encuentra con una piedra en el camino, debe de procurar no tropezar con ella, tanto dando un rodeo como apartándola, echándola a un lado. Hemos pasado por muy buenos momentos y los estamos pasando todavía gracias a esa labor beneficiosa del Gobierno. Pero hay que saber pedir y hay que saber estar en los sitios en el momento oportuno. Todo lo demás que se haga siempre será contraproducente. ¿Qué hemos obtenido nosotros? Más que eso: ¿Qué es lo que hemos pedido? Muchas veces se nos ha dicho que se hacían gestiones secretas ya que no era interesante darlas a conocer; pero la verdad es que a tales gestiones les debió de haber pasado lo mismo que a aquel popular personaje radiofónico -el pobre Fernández- de quien "nunca más se supo".*

*Ahora, últimamente, los había que se vanagloriaban con haber conseguido una subvención para la instalación de la Biblioteca Municipal. Era lógico y justo que así se hiciese, por parte del Estado, ya que contábamos, desde hace años con este servicio y, por ciertas dificultades, no hubo más remedio que hacer un inmediato traslado desde donde estaba para la planta alta del Grupo Escolar "José Antonio", donde el número de lectores se quedó reducido a nada. Varios años estuvimos de esta forma pero ahora se espera la reinauguración de los locales, en terrenos restados a la Plaza de Abastos, en la calle de Padrón, cuando los de Lalín, por citar nombres concretos, han conseguido medio millón de pesetas para hacer edificio propio.*

*Diario de Pontevedra. 30 de Setembro de 1.965*

**CENTRO PROVINCIAL**
**COORDINADOR DE BIBLIOTECAS**
**PONTEVEDRA**

Pontevedra 18 de octubre 1965

Sr. Alcalde del Ayuntamiento de
L A  E S T R A D A

Muy distinguido amigo:

En este momento recibo carta del Garcia Ejarque, indignado por la nota que apareción en el Diario de Pontevedra de 3 de septiembre sobre la Biblioteca de esa localidad. Cree Ejarque que en el mismo Diario debe hacerse alguna aclaración publica.

Se lo transmito por si quiere Vd. hacerlo o, si prefiere que lo haga este Centro Coordinador, en cuyo caso mas o menos digame su punto de vista.

Espero sus noticias lo mas pronto posible, atentamente le saluda.

M. Alsina

**Documento n.º 11**

CENTRO PROVINCIAL
COORDINADOR DE BIBLIOTECAS
PONTEVEDRA

2 diciembre 1974

Sr. Dn. Mario Blanco Fuentes
La Estrada

Mi distinguido amigo: Contesto a su cabta del 5 de noviembre.

Hice una visita a la Biblioteca y, realmente, como Vd. decia, la encontre "de pena".

Hable con el alcalde y creo que en alguna manera se solucionará algo, aunque lo que realmente hace falta es una nueva Biblioteca, y en este sentido el alcalde me dijo que podra ofrecer un solar centrico y muy cerca de la actual Biblioteca, para la construccion de un nuevo edificio. Esta creo que sera la mejor y unica solucion.

Gracias por haberme informado, y reciba con esta carta la expresion de mi sincera amistad.

Documento n.º 12




**Fachada da biblioteca.**
As letras foron confeccionadas no taller de D. Alfonso Sanmartín Rey.



**O Sr. Cura Párroco**
Bendice as instalacións da nova Biblioteca Municipal. 21 de outubro de 1.965.




**As dúas plantas da Biblioteca Municipal da Estrada.**
A.- Estanterías adultos 2.142 volumes.
B.- Estanterías infantís 1.200 volumes.
C.- Estanterías infantís inclinadas 125 volumes
D.- Revisteiro
E.- Mostrador de préstamos
***Lectores en sala:***
Adultos 20
Infantís 16
**Escala 1:50**

# UNHA APROXIMACIÓN Ó ESTUDIO DA CHEGADA E DESENVOLVEMENTO DO ALUMADO PÚBLICO ELÉCTRICO NA ESTRADA (1900-1950).

María Jesús Fernández Bascuas.

A vila da Estrada a comezos do presente século non deixaba de ser un esbozo do que hoxe, case cen anos despois, chegou a ser. As referencias da época fannos pensar nun núcleo de poboación pequeno que non dispoñía de servicios e comodidades; semellaba máis ben unha aldea. Sen embargo estábase a iniciar un cambio que foi paralelo ó seu desenvolvemento e modernización.

Non podemos estrañarnos logo de que neste entorno un dos adiantos máis chamativos e novidosos fose a electricidade que, tanto no alumado coma noutras actividades viña subtituí-lo gas e superar con moito as posibilidades daquel. A chegada da nova enerxía á Estrada foi relativamente pronta (1), xa que no ano 1.900 había un contratista disposto a prestar este servicio ó Concello; este era D. Camilo Pardo Feijoo (2), quen con anterioridade xa asinara unha escritura cos representantes municipais para instala-la potencia lumínica de 106 buxías. Temos noticias dos seus avatares a través das actas dos Plenos que en varias ocasións se fan eco deste tema; así atopámonos con que na primavera de 1.900 se está a tratar a distribución dos puntos de luz no casco urbano: *"Habiendo observado por la comisión de Policía Urbana, al hacer la distribución de las farolas del alumbrado público por medio de la electricidad, que es escaso su número para extenderlo hasta los extremos del casco del pueblo, después de oir el parecer de aquella se acuerda que la misma conferencie con el contratista a fin de que la distribución de*

*faroles se verifique de modo que la luz alcance a todos los extremos aunque en estos haya necesidad de acortar la intensidad con el aumento de aquellos".* (Pleno do 25 de abril de 1.900).

Esto supuxo que se engadisen 54 buxías ó establecido no contrato xa outorgado porque non eran suficientes como acabamos de ver.

Un mes despois lógrase a distribución definitiva, que se inicia con:

- 12 farolas en coluna de 20 buxías cada unha.
- 29 " " " 16 " "
- 20 " " " 10 " "

Nos meses seguintes acometéronse as obras de infraestructura. Colócanse os postes para soporta-lo cableado e instálase o primeiro transformador nunha caseta de madeira sobre unha columna nun terreo municipal adosado a balo de D. Saturio Sáenz. Esta ubicación era provisional, mentres non se acabase de rotura-la rúa da travesía da igrexa e se determinase o punto definitivo da instalación. Hoxe aínda se conserva alí a caseta, aínda que sen transformador.

Todo o material de fundición de ferro necesario encargouse á fábrica de D. Antonio Alemparte, de Carril, e por el pagouse a cantidade de 1.748, 95 pts. da época.

Por fin no atardecer do día 20 de setembro de 1.900 as rúas e prazas da Estrada foron iluminadas pola luz eléctrica, nun acto de inauguración no que ata houbo actuación da banda de música.

Os responsables municipais tamén deciden neste ano dotar de luz o edificio do Concello e o patio do cuartel da Garda Civil, facéndoo un ano máis tarde co do Xulgado.

Han pasar varios anos sen apenas referencias a este tema, agás recomendacións sobre o cumprimento das disposicións regulamentarias para mellora-las instalacións e evitar accidentes.

As carencias de iluminación en diferentes puntos da vila será un tema que se vai arrastrando durante varios anos. Así, no 1.905 recoñécese a necesidade de dotar deste servicio á entrada polo Leste: *"...la calle del Ulla una de las de más afluencia del pueblo, se acuerda que el Sr. Presidente obtenga este beneficio del contratista del alumbrado, siendo de cuenta del munici-*

*pio los gastos de instalación únicamente. El Sr. Rodríguez Seijo opina que debe atenderse en igual forma a los demás puntos que lo precisen, pero sin gravar los fondos públicos".*

Os veciños do Campo da Feira, rúa Ulla e Leicures insistirán ata conseguir que o alumado público se leve a esa parte do casco urbano, o que lograron bastante máis tarde.

No primeiro cuarto de século a luz é servida de maneira exclusiva por D. Camilo Pardo, pero nos anos vinte prodúcese un aumento substancial da oferta. Aparecen novos contratistas que, pouco a pouco, irán acaparando cotas de mercado cada vez máis amplas. Así, no ano 1.920 iníciase as obras da central hidroeléctrica situada no río Liñares, no lugar denominado "Porto dos Carros", parroquia de Aguións, propiedade de D. Benigno Porto, D. Camilo Pereira e D. Manuel Rodríguez Seijo. A empresa denominarase **La Nueva Electra de La Estrada** e estará representada por Benigno Porto e Camilo Pereira, que figuran desde 1.923 como subministradores da nova Casa Consistorial, na que realizaron as instalacións necesarias. Na relación de Matrícula Industrial de 1.925 xa aparecen as dúas centrais hidroeléctricas, a de D. Camilo Pardo con 46 quilovatios e a de D. Maximino Sanmartín cunha producción de 20 quilovatios.

Mentres tanto o Concello emprende no ano 1.924 os trámites para efectuar un novo contrato de alumado público por 15 anos. A subhasta celebrada uns meses despois queda deserta, pois a única oferta foi a de D. Camilo Pardo e D. Maximino Sanmartín, que non se axustaba ás consignacións do prego de condicións. Por este motivo introdúcenselle algunhas reformas para sacalo novamente a concurso e ó remate a segunda subhasta resulta favorable a D. Ramiro Pardo Ciorraga (3) e D. Maximino Sanmartín Puente que acudiron a ela mancomunada e solidariamente, asinándose en data 14 de marzo de 1.925.

A partires deste momento iníciase unha etapa de expansión e de mellora da rede que conduce o fluído cambiando os postes de madeira por casteletes de ferro. Prolóngase a liña de baixa tensión ata a Avda. de La Fuente e xa no inicio dos anos 30, cara a avenida de Fernando Conde.

Parece que D. Camilo Pardo seguía a manter unha parte dos seus clientes particulares; así mesmo no ano 1.929 figura como subministrador do Concello para a praza de abastos na que tamén realizara a instalación eléctrica nese mesmo ano: *"La*

*Permanente hace constar que de acuerdo con lo aceptado por ella en expediente de transferencia de crédito y según lo propuesto por los señores Fernández y Muñiz, Concejales que intervienen en los servicios de la Plaza de Abastos, se está efectuando en ella la instalación de alumbrado necesario para que funcione debidamente no sólo en su interior sino exteriormente, con lo cual quede mejor iluminada la Avenida de la Fuente, contigua a la fachada principal de la Plaza referida, que precisa de tal mejora. Y se acuerda que el alumbrado exterior, o de la citada calle, se satisfaga con cargo a la consignación general de alumbrado público; y el interior con cargo a lo que, destinado a gastos generales e instalaciones que para el buen servicio de la Plaza de Abastos, son necesarios en el ejercicio de este presupuesto".* (Comisión Permanente de 20 de xullo de 1.929).

No ano 1.928 dase de Alta en Matrícula Industrial D. Juan Vilas Filloy, de Codeseda (4) coa súa central de 10 quilovatios de producción denominada **Sagrado Corazón** coa que abastecía ós particulares da zona, convertíndose ademais o citado industrial no primeiro contratista de alumado público rural. Deste xeito o lugar da Sagrada foi a primeira entidade de poboación rural do Concello da Estrada que contou con este adianto. Deste feito déixanos constancia a acta da Comisión Permanente de 4 de agosto de 1.928 nos seguintes termos: *"Conforme con lo informado por la Comisión al efecto designada se acuerda desde luego utilizar la energía del fluído eléctrico de que es propietario D. Juan Vilas, de Codeseda, para alumbrado público del lugar de Sagrada, parroquia de Codeseda; al efecto se colocarán doce lámparas del número de watios que consta en dicho informe y en los puntos en el mismo indicados; pagándose por fluído y material del mismo modo y en igual proporción señalada en el contrato para suministro del de esta villa; y todo esto transitoriamente, mientras tanto no se celebra también contrato mediante concurso para el servicio de que se trata de un modo definitivo; a cuyo fin se designará una Comisión compuesta por los señores Refojo, Ferrín y Otero Abelleira, para que redacten el oportuno pliego de condiciones".* O día 19 de outubro de 1.928 inaugurábase este alumado no antedito lugar da Sagrada, 28 anos despois de que a vila estrease a súa primeira iluminación pública das rúas.

Tamén no 1.928 se disolve a sociedade propietaria da empresa **La Nueva Electra de La Estrada**, sendo adquirida a metade dela por D. Manuel Porto Verdura (5) e quedándose

coa outra parte D. Manuel Saborido. Esta continuará suministrando enerxía a tódalas dependencias municipais que incorporan esta innovación e tamén á parte do alumado público que tiña adxudicada. Neste mesmo ano contactan con **La Sociedad Gallega de Electricidad** a quen lle mercaban enerxía procedente do Tambre a través da central de Segade en Caldas de Reis. Realizan a conducción da liña de alta tensión (de 10.000 voltios) desde este concello coa fin de afronta-la electrificación do rural, pasando a adquirir unha porcentaxe altísima da enerxía total que vendían.

Na década dos 30 hai dous feitos que sobresaen de maneira significativa; un primeiro é que o subministro cambia de donos. E así atopámonos cun personaxe moi ligado á Estrada destes anos, el é D. Manuel Porto Verdura, nado na parroquia de Nigoi. Este emigrante chegado de Cuba no inicio dos anos 20 cunha considerable fortuna, entre outros investimentos sentíuse atraído por este da enerxía eléctrica.

Un segundo feito destacable é que o alumado inicia a súa expansión hacia a extensísima zona rural, proceso que non se culminará ata ben entrados os anos 70.

A partires de 1.934 será o Sr. Porto Verdura o propietario de tódalas empresas que viñan prestando servicio na Estrada e parroquias do seu entorno (salvo Codeseda), adquirindo a outra metade de **La Nueva Electra** ó Sr. Saborido e mercándolle a central a D. Camilo Pardo Feijoo. Así quedou reflectido nun escrito presentado no Concello polos interesados e que di o seguinte: *"Manuel Porto Verdura, Maximino Sanmartín Puente y Camilo Pardo Feijoo, éste en concepto de apoderado de su hijo D. Ramiro Pardo Ciorraga, los tres mayores de edad, propietarios y vecinos de este pueblo, a esa Corporación atentamente exponen: Que los Sanmartín Puente y Pardo Ciorraga tienen contrato con la municipalidad para el suministro de alumbrado público y han transmitido las Empresas, derechos y obligaciones al Sr. Porto Verdura mediante convenciones contractuales escrituradas que el adquirente exhibirá a esa entidad municipal si lo estima necesario. Por ello deben cesar en las relaciones de arriendo con el Ayuntamiento a que anteriormente se hizo referencia y entenderse para todos los efectos con el nuevo empresario, máxime por estar todos de conforme en que así sea cual lo demuestran al suscribir esta solicitud ..."* A nova empresa pasa a chamarse desde ese momento **La**

**Eléctrica** (6), sen embargo esta denominación non tivo éxito e seguiuse a chamar **La Nueva Electra**.

D. Manuel Porto Verdura regresa a Cuba entre finais de 1.936 e comenzos de 1.937 moi enfermo (7), morrendo de seguida, e xa a partir de 1.938 aparece D. Maximino Sanmartín como apoderado do Administrador Xudicial da súa herencia, que foi repartida entre os seus irmaos D. José e D. Francisco que levaron a metade, e catro medios irmaos a quen lles correspondeu a outra metade.

No que respecta á expansión do alumado na zona rural, esta prodúcese de forma lenta acadando primeiro as parroquias máis próximas á vila (agás Codeseda). Así temos que no ano 1.933 a empresa concesionaria pasa unha factura ó Concello por importe de 275 pts. *"por varias prolongaciones para la instalación de alumbrado público en las aldeas fuera del radio de las líneas que existían; tales como hilo de cobre, palomillas, aisladores, soportes, jornales y 4 armazones de hierro, dos para Consolación, uno para el Fojo y otro para la Pena del Fojo".* A súa posta en funcionamento coincidirá con outras que a continuación se mencionan:

| PARROQUIA | 1934 | 1935 | 1936 | Nº DE LÁMPADAS |
|---|---|---|---|---|
| CEREIXO | PERNAVIVA | | | 2 |
| " | QUINTAS | | | 2 |
| " | | SEÑORÁN | | 3 |
| RUBÍN | FOXO | | | 6 |
| " | PENA FOXO | | | 3 |
| " | FOXO | | | 1 |
| " | | FOXO | | 1 |
| " | | | FOXO | 5 |
| VINSEIRO | MOUCHO | | | 3 |
| " | | GODOI | | 3 |
| " | | MOUCHO | | 2 |
| " | | VINSEIRO | | 4 |
| " | | BIS BAIXETES | | 3 |
| " | | IGREXA | | 1 |
| TABEIRÓS | CONSOLACIÓN | | | 4 |
| LAGARTÓNS | | VARIOS | | 5 |
| GUIMAREI | | RIAL | | 1 |
| CALLOBRE | | VILAR | | 3 |
| NIGOI | | | CONSTENLA | 3 |

Nesta época Figueroa e Vilar gozaban tamén de iluminación eléctrica.

O período 1.936-39 foi sen dúbida de penuria económica, circunstancia que se deixou sentir tamén nas arcas municipais, os pagamentos retrasábanse e os investimentos íanse aprazando. Esta falta de medios afectou en gran medida á expansión do alumado.

É a partir dos anos corenta cando se intenta retomar tanto a mellora coma a ampliación da iluminación pública, de modo que en 1.941 vólvese a redactar o prego de condicións *"...por el que ha de regirse el contrato para el servicio de alumbrado público de la villa de La Estrada y de parte del rural del Ayuntamiento, con excepción o exclusión de la parroquia de Codeseda"*. Este documento nunca se fará efectivo pois no ano 1.952 o representante da **Nueva Electra** presentaba un escrito no que se expresaba a imposibilidade de seguir prestando o servicio *"al precio entonces concertado"* en referencia ó de 1.925. Son máis os lugares doutras parroquias os que se suman á lista dos que xa posuían alumado público, e así na década dos cincuenta engádense Ouzande, Parada, Aguións, Moreira, Lamas, Olives, Curantes, Pardemarín, Ancorados, Matalobos, Toedo, S. Andrés, S. Xulián, S. Xurxo e Sta. Cristina de Vea, Baloira, Frades, Cora e Couso.

Polo que respecta a Codeseda tamén van en aumento o número de lámpadas e de potencia e os lugares ós que sirve D. Juan Vilas Filloy, que conserva esta empresa ata 1.974 que a vende a D. Benjamín Valladares Souto. Esta pequena central hidroeléctrica segue operativa na actualidade producindo enerxía para a casa do seu propietario.

## CONCLUSIÓNS

O estudio dunha parcela tan concreta da historia local non está exenta de riscos. Aínda que estamos a tratar acontecementos recentes con demasiada frecuencia encontramos fallos e carencias nas fontes e a información vai aparecendo de forma dispersa, quizais porque ó tratarse de algo tan cotiá ninguén se plantexa que aquela información poida ter interés algún día.

No estudio que nos ocupa as principais fontes proceden do **Arquivo Municipal da Estrada**, concretamente das Actas de Pleno, de Permanente e Matrícula Industrial. Das empresas, hoxe desaparecidas, apenas quedan documentos para consultar, nin tampouco persoas que poidan facilitar información de primeira man ou documentación de calquera tipo. Aquí teño que agradecer a información facilitada por D. Manuel Isla Rubianes, que foi traballador da **Nueva Electra** e que con xenerosidade e paciencia me informou sobre os aspectos máis importantes da empresa que coñecía coma ninguén xa que comenzou a traballar nela desde moi xove.

En canto ás referencias de autores locais, atopamos tan só breves referencias ás centrais e á data do inicio da iluminación pública da Estrada.

No que respecta á estructura do traballo, dada a precariedade de datos, intentouse ofrecer unha visión panorámica seguindo a evolución deste servicio ó longo dos anos así como os seus avatares. Pretendemos tamén establecer unha clara distinción, no que respecta á evolución do alumado público, entre o núcleo da vila e o rural.

O que daquela era o casco urbano da Estrada incorporou moi pronto a innovación da iluminación pública das rúas aínda que con bastantes deficiencias no subministro, que se foron acusando co paso do tempo a causa da precariedade da infraestructura das empresas e a súa falta de modernización o que lles impedía seren competitivas no mercado da enerxía eléctrica. A estas eivas engadíaselle, no caso da central de Porto Verdura, a máis representativa da Estrada, a súa falta de continuidade na administración

Por outra banda o rural incorpórase trinta anos máis tarde e faino lentamente levando a iluminación pública a determinados lugares da parroquia. O caso de Codeseda xa foi comentado, e no referente a outras zonas do Concello como as limítrofes con Silleda ou S. Miguel de Castro e Oca, estas recibían fluído eléctrico de centrais alleas ó término municipal da Estrada. Sen embargo este feito sucede unha vez rebasada xa a década dos cincuenta, é dicir, fóra do ámbito cronolóxico deste esbozo.

Na medida que aumenta a demanda de enerxía faise claramente insuficiente a que procedía do Liñares véndose obriga-

dos os empresarios da electricidade a comprar electricidade foránea para satisface-las necesidades dos seus clientes. Por último cómpre resaltar que aquel servicio de alumado público –que hoxe asume directamente o Concello– encontábase en mans de empresas que, mediante contratas que duraban uns 15 anos ( e ás veces se prorrogaban bastantes anos máis, o que ocasionaba certas discordias) encargábanse tanto de aportar fluído eléctrico como de acomete-los traballos de reposición normais e de mantemento do servicio.

## ADDENDA

Unha vez rematada a redacción do traballo tiven ocasión de examinar catro placas identificativas pertencentes ós xeneradores eléctricos da central de Pina pertencente a D. Camilo Pardo Feijoo. Unha delas corresponde á marca comercial dunha das turbinas. Estas chapas de bronce que se encontran en bo estado de conservación aportan moi interesantes datos técnicos polo que me pareceu interesante transcribilas

**PLACA Nº 1:**
103 x 35 mm.
Texto: A E G

**PLACA Nº 2:**
95 x 48 mm.
Texto:

| | |
|---|---|
| NUMMER 292544 | TYPE ESD 1.000/30 |
| FREQUENZ 50 | Umd. P.M. 1.000 |
| VOLT 2.000 | AMPERE 8´65 |
| Dauernd 30 | Kilo-volt x Amp. |
| Fur | Std. Kilo-volt x Amp. |

**PLACA Nº 3:**
74 x 40 mm.
Texto:

| | | |
|---|---|---|
| CO - Ger. | Nr. 3350500 | |
| TYPE | VGN 40 | |
| 115 V. | 19´1 A. | |
| 2´2 KW. | Cos. f | |
| 1.000 r.p. Min. | | |
| F x o 115 V. | A | 163082 |

**PLACA Nº 4:**

104 X 55 mm.

Texto:

| | | |
|---|---|---|
| 3 f | Gen. Nr. 2890916 | |
| Type S 1.000/90 | | |
| Y | 2.100 V. | 24´8 A. |
| 90 KVA. | Cos f 0´8 | |
| 1.000 r.p.min. | 50 ^ | |
| Exc. 115 V. | 19 A. | 163033 |

---

**NOTAS**

1- Pontevedra foi a primeira cidade galega que contou con alumado público (1.888), seguida da Coruña donde se instala no ano 1.890. No 1.894 introdúcese en Ferrol, Ourense e Lugo.

2- D. Camilo Pardo Feijoo era un farmacéutico procedente do Concello da Cañiza que casou na Estrada e que instalou a primeira central no río Liñares, no lugar de Pina, parroquia de Aguións. Esta central contaba cunhas instalacións e maquinaria moi modernas, a maioría de procedencia alemana, e producía corriente a 2.000 voltios. Entra en funcionamento no ano 1.899, e no ano 1.905 figura xa na Matrícula Industrial producindo 49 quilovatios/hora. O citado empresario foi tamén propietario dun aserradeiro e un muiño.

3- D. Ramiro Pardo Ciorraga é fillo de D. Camilo Pardo Feijoo e está representado por poder polo seu irmán D. Carlos Pardo Ciorraga.

4- D. Manuel Reimóndez Portela no seu libro A Estrada Rural menciona este tema: " A "fábrica" da luz ... tiveron en Codeseda unha fábrica de luz, que aínda hoxe produce enerxía eléctrica anque só para a casa do seu dono na actualidade. Encóntrase na marxe dereita do Umia pouco arriba da ponte de pedra, onde lle chaman Caldeirón, sendo coñecida por este nome.

Juan Vilas Filloy, un emigrante en Cuba, regresou á súa Codeseda e puxo en marcha esta fábrica, recollendo a auga de moi preto á ponte ou acueducto da presa de Leira e dáballe enerxía ós veciños de Marcenlos, Fontenlo, A Feira ou Sagrada, Barro e As Quintas." Obra citada Pax.123.

5- Esta empresa tivo o seu domicilio social na Avenida de Fernando Conde nº 6, Tel. 7.

6- Tiña as súas oficinas en M. Porto Verdura e Justo Martínez (enriba do Café Regional).

7- Durante a súa estancia na Estrada viviu nun cuarto alquilado no Café Regional e o médico que o atendía da súa doenza foi D. Humberto Pantoja.




1- Membrete co nome de **La Eléctrica** que empezou a utilizar D. Manuel Porto Verdura cando pasaron á súa propiedade as fábricas de electricidade que suministraban electricidade á Estrada. Dito nome non tivo éxito e seguíuselle a chamar **Nueva Electra**.




2- Proxecto dunha caseta para o transformador que se instalou na rúa Justo Martínez no ano 1.925 pola empresa **Nueva Electra**.



3- Outro proxecto para o mesmo transformador.



NUEVA ELECTRA DE LA ESTRADA

MANUEL PORTO VERDURA

OFICINAS: M. Porto Verdura y Justo Martínez.—Teléfono núm. 51.—LA ESTRADA (Pontevedra)

NÚM. DE ORDEN 116

D. Ayuntamiento DEBE

| | PESETAS | CTS. |
|---|---|---|
| Por 120 kilow. hora, al mes. { Lect. mes cte. / » » antr. | 90 | 00 |
| » ....bujías diarias, al mes | | |
| Por mínimo de consumo. | | |
| » 17 % para el Tesoro | 15 | 30 |
| » Recargo municipal. | 4 | 60 |
| » Un timbre móvil para reintegro del talón matriz. | | 15 |
| » Alquiler de contador | | |
| » | | |
| » | | |
| TOTAL. | 110 | 05 |

La Estrada 11 de Enero de 1936

RECIBI,

4- Recibo do subministro realizado para o Concello no ano 1.936 pola empresa de D. Manuel Porto Verdura.

CAMILO PARDO FEIJÓO
FARMACÉUTICO
FÁBRICAS
DE ELECTRICIDAD
MOLINOS HARINEROS
ASERRADERO DE MADERAS
LA ESTRADA (Pontevedra)

ESTADO DEMOSTRATIVO.

=:=:=:=:=:=:=:=:=:=:=:=:=

| SITUACION. | NÚMERO DE LÁMPARAS, de bujías | | | | | TOTAL de bujias |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 200 | 100 | 50 | 32 | 25 | |
| Plaza de Ramiro Ciorraga . . . . . | 2 | 5 | " | " | " | 900 |
| Calle de Riestra, hasta Villa Brasil . | " | 7 | 4 | 3 | " | 996 |
| Id. de la Bayuca . . . . . . . | " | " | " | 1 | 1 | 57 |
| Carretera a Puente Ulla, hasta la casa de Ansede . . . . . . . . . . | " | " | " | 1 | 1 | 57 |
| Feria: casa de Valladares . . . . . | " | " | " | 1 | " | 32 |
| Calle de Justo Martínez . . . . . | " | " | " | 3 | " | 96 |
| Ayuntamiento: soportal del centro . . | " | " | " | 1 | " | 32 |
| Calle de Serafín Pazo, hasta la casa de Luis Durán . . . . . . . . . | " | " | 3 | 3 | 1 | 271 |
| Calle de S. Lorenzo, hasta la casa de Casimira Maceira . . . . . . . . | " | " | 1 | 3 | " | 146 |
| Travesía de S. Lorenzo a la de la Peregrina | " | " | " | 1 | " | 32 |
| Calle de la Peregrina, hasta la 1.ª curva, despues de la casa de J.M.Blanco . . . | " | 5 | 3 | 2 | 1 | 739 |
| Plaza de la Constitución . . . . . | " | 2 | " | " | " | 200 |
| Carcel y Avenida de la Fuente . . . | " | " | 1 | 1 | " | 82 |
| Travesía de Vea . . . . . . . . | " | " | 1 | 1 | " | 82 |
| Crucero, hasta la casa de Manuel Rey . | " | " | " | 1 | 2 | 82 |
| Travesía de la Iglesia . . . . . . | " | " | 1 | 1 | 1 | 107 |
| Calle de S.Pelayo, hasta el camino de Gradín | " | 1 | 3 | 4 | 2 | 428 |
| Calle de Vega de Armijo, hasta la Iglesia nueva . , . . . . . . . . | " | " | 2 | 2 | " | 164 |
| | | | | | | 4503 |
| Para alumbrado de la casa Ayuntamiemto . | . | . | . | . | . | 497 |
| TOTALES . . | 2 | 20 | 19 | 29 | 9 | 5000 |

5- Reparto efectuado entre D. Camilo Pardo Feijoo e D. Maximino Sanmartín Puente da parte do alumado que lle correspondía a cada unha das súas empresas despois de lles ser adxudicada, mancomunada e solidariamente, a concesión do alumado público da Estrada no ano 1.925.

Número de lámparas que corresponden a cada uno de los concesionarios del alumbrado público, su situación y potencia lumínica, según el plano de instalación y estado demostrativo, que obran en el expediente.

| SITUACION. | NUMERO DE LAMPARAS, de bujias, 200 | 100 | 50 | 32 | 25 | TOTAL de bujias. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Corresponden al Sr. PARDO: | | | | | | |
| Plaza de Ramiro Ciorraga, . . . | 1 | 2 | " | " | " | 400 |
| Calle de Serafín Pazo, hasta la casa de Luis Durán, . . . . . | " | " | 2 | " | " | 100 |
| Travesía S. Lorenzo a la Peregrina | " | " | " | 1 | " | 32 |
| Calle de la Peregrina, hasta la 1ª curva, despues de la casa de J.M.Blanco, | " | 5 | 3 | 2 | 1 | 739 |
| Plaza de la Constitución, . . . | " | 2 | " | " | " | 200 |
| Crucero, hasta la casa de Manuel Rey, | " | " | " | 1 | 2 | 82 |
| Travesía de la Iglesia, . . . | " | " | 1 | 1 | 1 | 107 |
| Calle S. Pelayo, hasta Gradín, . . | " | 1 | 3 | 4 | 2 | 428 |
| Id. Vega Armijo, hasta la Iglesia nueva | " | " | 2 | 2 | " | 164 |
| A disposición del Ayuntamiento, | | | | | | 248 |
| TOTALES . . | 1 | 10 | 11 | 11 | 6 | 2500 |
| Corresponden al Sr. SANMARTIN: | | | | | | |
| Plaza de Ramiro Ciorraga, . . . | 1 | 3 | " | " | " | 500 |
| Calle de Riestra, hasta Villa Brasil, | " | 7 | 4 | 3 | " | 996 |
| Id. de la Bayuca, . . . . | " | " | " | 1 | 1 | 57 |
| Carretera a Puente Ulla, hata la casa de Ansede, . . . . . . | " | " | " | 1 | 1 | 57 |
| Feria, ~~hasta~~ casa de Valladares, . | " | " | " | 1 | " | 32 |
| Calle de Justo Martínez, . . . | " | " | " | 3 | " | 96 |
| Ayuntamiento: soportal del centro, | " | " | " | 1 | " | 32 |
| Calle de Serafin Pazo, hasta la casa de Luis Durán, . . . . . | " | " | 1 | 3 | 1 | 171 |
| Calle S. Lorenzo, hasta la casa de Casimira Maceira, . . . . . | " | " | 1 | 3 | " | 146 |
| Carcel y Avenida de la Fuente, . | " | " | 1 | 1 | " (5) | 82 |
| Travesía de Vea, . . . . | " | " | 1 | 1 | " | 82 |
| A disposición del Ayuntamiento, | | | | | | [illegible] |
| Totales . . | 1 | 10 | 8 | 18 | 3 | 2500 |

6- Proposta do número de lámpadas e potencia lumínica para a contratación de 1.925 realizada por D. Camilo Pardo Feijoo.




7- Praza de Ramiro Ciorraga (hoxe praza de Galicia) donde se aprecia un transformador eléctrico montado sobre un castelete de ferro. Foi trasladado no 1.925 á rúa Justo Martínez donde se instalou nunha caseta de cemento.

# DIECISÉIS AÑOS DE PARLAMENTO DE GALICIA (BALANCE DE SU PRODUCCIÓN LEGISLATIVA)

Roberto L. Blanco Valdés

La existencia de parlamentos autonómicos, elegidos por sufragio universal, libre, igual, directo y secreto del conjunto del cuerpo electoral de la Comunidad respectiva y dotados de plena potestad legislativa dentro de su ámbito propio de competencias materiales, es muy probablemente el rasgo definidor más peculiar del actual modelo español de reparto del poder territorial: lo que se ha dado en llamar, en el lenguaje cotidiano, el Estado español de las autonomías. Un modelo que se fue consolidando –poco a poco, y no sin dificultades, atrancos y conflictos– a partir tanto de las previsiones contenidas en el titulo VIII de la Constitución, como también de los procesos estatuyentes –es decir, de elaboración de los Estatutos de Autonomia– subsiguientes a la aprobación de la Carta Magna. De hecho, la previsión de que la organización institucional de la Comunidad Autónoma se basaría, entre otros órganos, en una Asamblea Legislativa, elegida por sufragio universal, se circunscribía inicialmente sólo a los Estatutos –entre ellos el gallego– que fueron aprobados por el procedimiento rápido de acceso del artículo 151 de la propia norma constitucional y no a aquellos otros que lo fueron por la llamada via lenta del articulo 143, respecto a cuya organización institucional la Constitución no establecía cosa alguna.

El descalabro de Unión de Centro Democrático –partido a la sazón en el gobierno– en el referéndum andaluz de 28 de febrero de 1980, destinado a ratificar la iniciativa autonómica

de las provincias de Andalucía por la vía rápida del artículo 151 de la Constitución, determinó que las cosas sucediesen de otro modo bien distinto a como habían sido incialmente concebidas por algunos de los partidos que participaron en el pacto constituyente: la generalización final de las previsiones establecidas en la Constitución para las comunidades de vía rápida –las entonces llamadas Comunidades de primera– a todos los territorios que accediesen a la autonomía, con independencia de cual fuera la vía –lenta o rápida– elegida para ello, acabó así siendo el resultado no tanto del pacto partidista plasmado en el Título VIII de la Constitución, cuanto de una dinámica política que nadie pudo controlar al cien por cien una vez lanzada al aire la pelota que indicaba el comienzo del partido. El «café para todos», según se conoció en su momento aquella generalización, significó que una vez culminado el proceso descentralizador, con la aprobación de los últimos Estatutos de Autonomía en febrero del año 1983, España pasara a tener, ¡nada más, ni nada menos! que 18 parlamentos: con las Cortes Generales –un Congreso de los Diputados y un Senado radicados en Madrid– coexistirían un total de 17 cámaras autónomas, que se fueron asentando progresivamente en las capitales de cada una de las Comunidades españolas.

La de la Comunidad Autónoma gallega, tercera en comenzar a funcionar, tras las asambleas de las autonomías vasca y catalana, ha cumplido ya sus dieciseis primeros años de existencia: cuatro legislaturas culminadas por una quinta que acaba casi de inagurarse en su actual sede del Palacio del Hórreo santiagués. Es cierto, en todo caso, que la considerable actividad del Parlamento de Galicia –el primero en su historia política– no se ha restringido al ejercicio de la potestad legislativa, es decir la consistente en aprobar ese tipo especial de normas jurídicas que, justamente, por ser emanación del Parlamento, son denominadas leyes, pues en el Parlamento han intentado también las diversas minorías que ha ido configurando con su libre voto el cuerpo electoral a lo largo de estos años, con más o menos éxito, dependiendo de la correlación de fuerzas existente en cada caso, controlar a la mayoría parlamentaria-gubernamental, es decir, al conjunto que forman un Presidente y un Gobierno apoyados de forma estable

y permanente por una mayoría parlamentaria, bien homogénea o bien de coalición. Pero siendo ello así, no es menos cierto que su bagaje en el campo normativo resulta muy notable: culminada ya, como acaba de apuntarse, su cuarta legislatura, el Parlamento ha aprobado 170 leyes, con una cadencia bastante regular que, contra lo que algunos se empeñaron en afirmar gratuitamente tras su instalacion, ha justificado sobradamente su existencia, indicando que el ámbito competencial propio de las «autonomías» depende no sólo de las previsiones constitucional o estatutaria, sino tambien, y quizás muy especialmente, de la voluntad política de cada parlamento de utilizar exhaustivamenmte el amplísimo margen de actuación legislativa que tiene estatutariamente conferido y que constituye, junto con la organización institucional propia, una de las piezas básicas que definen la naturaleza misma de la autonomía.

Aunque los datos cuantitativos no sean en materia de producción legislativa los únicos relevantes y por más que, incluso en ocasiones el número sea menos ilustrativo del trabajo realizado que los contenidos de las leyes y las materias a las que aquellas se refieren, lo cierto es que en el caso del Parlamento de Galicia el número de leyes no ha caido con el tiempo, sino que ha repuntado ligerísimamente al alza, desde el año 1981 en que la Cámara abre las puertas en su ubicación provisional del Palacio de Gelmírez: 40 leyes en la legislatura del 1981-1985, 42 en la del 1985-1989, 44 en la del 1989-1993 y 44, también, en la última de las culminadas hasta ahora, la de 1993-1997. Una producción legislativa que ha permitido al Parlamento autonómico ocuparse de los más diversos temas y dar respuestas –que se juzgarán adecuadas o erráticas, según la opinión de cada uno– a los problemas existentes en la Comunidad Gallega.

Un bloque normativo destaca, en todo caso, en el conjunto: las leyes de desarrollo estatutario, a través de las cuales el Parlamento ha ido llenando de músculo el esqueleto institucional del Estatuto de Autonomía para Galicia. Además de su propio Reglamento, norma interna que fija la organización y funcionamiento de la Cámara autonómica, deben mencionarse, en este ámbito, la Ley de Fijación de la Sede de las

Instituciones Autonómicas de Galicia –una de las más conflictivas territorialmente de todas las aprobadas hasta ahora–, la reguladora de la Junta y de su Presidente, la de normalización lingüística, la de reconocimiento de la galleguidad, la de símbolos de Galicia, la de Valedor do Pobo, la del Consejo de Cuentas, la de Elecciones al Parlamento de Galicia, la de iniciativa legislativa popular y, finalmente, la del Consejo Consultivo de Galicia. La aprobación de ese conjunto normativo, realizada casi siempre con un altísimo consenso parlamentario, supuso prácticamente el cierre del desarrollo legislativo de la norma estatutaria, del que sólo quedaba pendiente una previsión de gran importancia material: la de la organización territorial propia de Galicia, referida en el artículo 2º.3 del Estatuto, que ha sido concretada, finalmente, en el año 1996, a través de la Ley de Desarrollo Comarcal.

Al margen de esta labor de auténtica construccción institucional, el Parlamento ha legislado, con una media de 10 leyes anuales, sobre una conjunto de materias que es tan amplio como la propia esfera de su potestad legislativa. De ese conjunto destacan, sin embargo, una serie de sectores de actividad en los que la labor normativa de la Cámara gallega ha sido más trascendental, bien por el número de leyes aprobadas, bien por su importancia material: la organización administrativa, la lengua y la cultura, la educación, la sanidad y la política social, la economía y las finanzas, la pesca y la agricultura, las obras públicas y el urbanismo, el turismo, la protección del medio ambiente o el derecho civil propio de Galicia han sido objeto de normas específicas, a través de las cuales las sucesivas mayorías –impulsoras básicas de la acción legislativa– han intentado dar respuesta a los problemas, las necesidades o las expectativas del cuerpo electoral.

Es posible, incluso hasta es probable que, pese a ser como el horno de donde sale el pan, el Parlamento no aparezca hoy como la institución de la Comunidad Autónoma más valorada por la ciudadanía. Ello resulta habitual: el papel de los parlamentos como administradores del conflicto social los hace, frecuentemente, poco simpáticos a los ojos de los destinatarios de sus decisiones; unas decisiones que, parciales por definición, por ser casi siempre emanación de mayorías y casi nunca

de la totalidad, parecen en ocasiones difícilmente aceptables al conjunto de la sociedad. Es muy probable. El de Galicia ha hecho, sin embargo, una labor seria y responsable que, quizás no le haya ganado la mejor fama del mundo, pero que con toda seguridad ha contribuido a la consideración generalizada de la autonomía, tras sus dieciséis primeros años de andadura, como un simple dato de la realidad. Como la democracia. Como la paz civil entre todos los gallegos. Algo que a todos nos parece hoy un mero punto de partida, pero que fue durante largas décadas una dolorosa y sentida aspiración.

# INDICE

**Presentación** 5

**A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro.**
*L. Xúlio Carballo Arceo* 9

**A Estrada nos seus documentos antigos. Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada.**
*Xoán Andrés Fernández Castro* 27

**Os hórreos na Galicia.**
*Olimpio Arca Caldas* 51

**A Estrada na obra gráfica de Castelao.**
*José Manuel Castaño García* 81

**Reflexiones sobre un lienzo de Corredoira.**
*Javier Travieso Mougán* 117

**Unha parte da historia da biblioteca pública municipal de A Estrada.**
*Mario Blanco Fuentes* 123

**Aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada. (1900-1950)**
*María Jesús Fernández Bascuas* 151

**Dieciséis años de parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa).**
*Roberto L. Blanco Valdés* 169

Esta reprodución facsimilar do volume 1 (1998) de *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural* -esgotado hai anos- quere satisfacer a demanda de moitos lectores e coleccionistas que non o adquiriron no seu momento e tamén, coincidindo coa edición do volume 10, servir de conmemoración dos primeiros dez anos de vida da revista.